

CUESTIÓNS DE GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA

VERBOS CON COMPLEMENTO DIRECTO PRONOMINALIZABLE A TRAVÉS DO CLÍTICO DATIVO (*CHE* OU *LLE/S*). CASUÍSTICA E TRAZOS DEFINITORIOS

ÍNDICE

1. ESTADO ACTUAL DA CUESTIÓN. FOTOGRAFÍA XERAL

2. GRUPOS DE VERBOS QUE ADMITEN A PRONOMINALIZACIÓN DO COMPLEMENTO DIRECTO CON PRONOMES ÁTONOS DE ACUSATIVO E MAIS DE DATIVO

2.1 VERBOS DE AFECCIÓN PSÍQUICO-EMOTIVA

2.1.1 Listaxe (non pechada) deste tipo de verbos

2.1.1.1 *■Exemplos de cada un deles*

■Tratamento que se lles presta no Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) e mais no Dicionario de la Real Academia Española (DRAE)

■Observacións, naqueles casos en que se considera procedente

2.1.2 Arrequeamento da listaxe anterior de verbos, seguida de exemplos

2.1.3 Verbos transitivos de afección psíquico-emotiva reticentes en maior medida á rección do clítico dativo

2.1.4 Verbos de afección psíquico-emotiva que, tratados maiormente como intransitivos nas obras lexicográficas, presentan tamén ocorrencias transitivas

2.1.5 Posibles claves para entender este comportamento

2.1.6 Algúns outros verbos que sen seren realmente de afección psíquico-emotiva, amosan un comportamento análogo

2.1.6.1 *■Exemplos de cada un deles*

■Tratamento que se lles presta no Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) e mais no Dicionario de la Real Academia Española (DRAE)

■Observacións, naqueles casos en que se considera procedente

2.1.7 ¿Complemento directo (CD) pronominalizado con dativo ou complemento indirecto (CI)?

2.1.8 Enquisas realizadas con este tipo de verbos, e resultados obtidos

2.1.8.1 Enquisa para completar co clítico acusativo ou dativo de segunda persoa singular, e resultados obtidos

2.1.8.2 Enquisa para completar co clítico acusativo ou dativo de terceira persoa singular, e resultados obtidos

2.2 VERBOS TRANSITIVOS CON COMPLEMENTO DE RÉXIME PREPOSICIONAL (CRP)

2.2.1 Listaxe (non pechada) deste tipo de verbos

2.2.1.1 *■Exemplos de cada un deles*

■Tratamento que se lles presta no Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) e mais no Dicionario de la Real Academia Española (DRAE)

■Observacións, naqueles casos en que se considera procedente

2.2.2 Arrequeamento da listaxe anterior de verbos, seguida de exemplos

2.2.3 Posibles claves para entender este comportamento

2.3 VERBOS CON CD E MAIS CI QUE SUPRIMEN, CANDO MENOS NA SÚA ESTRUTURA EXTERNA, O CD PRIMIXENIO

2.3.1 Listaxe (non pechada) deste tipo de verbos

2.3.1.1 **■Exemplos de cada un deles**

■Tratamento que se lles presta no Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) e mais no Dicionario de la Real Academia Española (DRAE)

■Observacións, naqueles casos en que se considera procedente

2.3.2 Arrequeamento da listaxe anterior de verbos, seguida de exemplos

2.3.3 Posibles claves para entender este comportamento

2.4 PEQUENA MISCELÁNEA DOUTROS VERBOS SUSCEPTIBLES DE PRESENTAR CLÍTICO DATIVO EN FUNCIÓN DE CD

2.4.1 Listaxe (non pechada) deste tipo de verbos

2.4.1.1 **■Exemplos de cada un deles**

■Tratamento que se lles presta no Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) e mais no Dicionario de la Real Academia Española (DRAE)

■Observacións, naqueles casos en que se considera procedente

2.4.2 Arrequeamento da listaxe anterior de verbos, seguida de exemplos

2.4.2.1 **■Os verbos seguir, anteceder, preceder e suceder**

■Tratamento que se lles presta no Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) e mais no Dicionario de la Real Academia Española (DRAE)

■Observacións, naqueles casos en que se considera procedente

2.4.2.2 **■Comentarios xerais ó respecto destes verbos**

2.4.3 Posibles claves para entender este comportamento

3. GRUPOS DE VERBOS QUE PRESENTAN UN COMPORTAMENTO SEMELLANTE

3.1 VERBOS CAUSATIVOS

3.2 VERBOS DE PERCEPCIÓN

1. ESTADO ACTUAL DA CUESTIÓN. FOTOGRAFÍA XERAL

Non cabe dúbida de que á hora de identificarmos nunha oración as funcións sintácticas de **complemento directo** (de aquí en diante, **CD**) e mais de **complemento indirecto** (de aquí en diante, **CI**), un dos recursos máis trillados e estendidos dos que botamos man é o da substitución pronominal, entendida no sentido que a seguir se indica:

- Se unha palabra ou sintagma poden ser substituídos polo pronome acusativo átono (isto é, “**o, a, os, as**”, cos seus respectivos alomorfos “**lo, la, los, las**” e “**no, na, nos, nas**”), concluimos que nos atopamos ante un CD.

Así, na oración *Os padriños regalaron **un coche***, o sintagma **un coche** pode ser substituído polo pronome acusativo átono (neste caso, masculino singular) **o**: *Os padriños regalárono*. Daquela, a conclusión é clara: **un coche** exerce a función sintáctica de CD.

- Se, pola contra, a palabra ou sintagma son susceptibles de seren substituídos por un pronome dativo átono (isto é, “**lle, lles**”), inferimos que están a desempeñar a función de CI.¹

Deste xeito, en *Os padriños regalaron un coche **ós noivos***, o sintagma **ós noivos** pode ser remudado polo pronome dativo átono (neste caso, de plural) **lles**: *Os padriños regaláronlles un coche*. Dedución: **ós noivos** actúa como CI.

E, efectivamente, esta é a realidade máis xeneralizada e comunmente aceptada, na que CD e CI se nos manifestan como entidades claramente diferenciadas que ocupan compartimentos estancos.

Mesmo podemos observar que nas máis das obras lexicográficas que teñen como obxecto a lingua galega (así como tamén nas que teñen como obxecto o castelán ou o portugués), a presenza de CD nos vén advertida nas diferentes acepcións das entradas verbais mediante a indicación de se a acepción en cuestión é transitiva (isto é, se require CD) ou intransitiva (ou sexa, que non se materializa con CD).

¹ Como se pode notar, estamos a facer referencia ós pronomes acusativo e dativo de terceira persoa singular e plural (ou, botando man doutra terminoloxía, de terceira e sexta persoas), pero isto mesmo se pode predicar dos de segunda persoa de singular: así, para os galegofalantes non cheístas nin teístas, o clítico **te** (acusativo) cumpre a función de CD, mentres que o **che** (dativo) desempeña a de CI. Ex.: *Vinte* [CD] *onte* vs. *Vinche* [CI] *o coche novo* [CD] *onte*.

En definitiva, a experiencia dinos que o máis habitual é partir de algo semellante a unha igualdade ou fórmula matemática que se adoita tomar por practicamente inmutable ou dogma de fe, convén a saber:

- Palabra, sintagma ou secuencia que admite a pronominalización con pronome acusativo átono = CD.
- Palabra, sintagma ou secuencia que admite a pronominalización con pronome dativo átono = CI.

E claro, isto vénnos coma o unto ás verzas, xa que nos elimina de golpe todos os posibles problemas ou dúbidas que nos puideran asaltar á hora de delimitar ambas as dúas funcións. Mais, para ben ou para mal, as linguas non son nin matemáticas nin están exclusivamente conformadas por fórmulas inmutables (sen prexuízo, iso si, de que a sistematización dos seus elementos se erixa como un principio fundamental no seu ser e na súa estruturación interna).

E nesta liña de concepción dunha lingua coma un ente cuxo funcionamento, funcionalidade e viabilidade se sustentan nese principio segundo o cal os seus elementos internos presentan un elevado grao de sistematicidade, mais sen que isto implique que se trate dunha entidade inalterable e rexida por bases fixas e inmutables, no presente traballo tentaremos facer ver que unha mesma acepción dun verbo pode amosar un comportamento a priori transitivo ou intransitivo en función de distintas variables que habemos tentar debullar na medida do noso saber, rexeitando polo tanto esa visión redutora e simplista –na nosa opinión– que nos fornece a aplicación da “fórmula matemática” arriba referida.

2. GRUPOS DE VERBOS QUE ADMITEN A PRONOMINALIZACIÓN DO COMPLEMENTO DIRECTO CON PRONOMES ÁTONOS DE ACUSATIVO E MAIS DE DATIVO

2.1 VERBOS DE AFECCIÓN PSÍQUICO-EMOTIVA

Trátase de verbos (ou, por sermos precisos, de **acepcións**, xa que moitos deles presentan tamén outros significados) que denotan procesos que afectan o ánimo ou provocan accións ou reaccións emotivas. En definitiva, estamos a nos referir a

acepcións que implican ou expresan sentimentos, sensacións ou impresións do ente extralingüístico representado polo CD, de tal modo que este experimenta a acción denotada polo verbo como un proceso interno, un proceso que se produce e desenvolve, e se completa ou perfecciona, en si mesmo.

2.1.1 Listaxe (non pechada) deste tipo de verbos

Velaquí a seguir unha relación (como dicimos, non pechada) deste tipo de verbos que, na acepción ou acepcións concretas de “afección psíquico-emotiva” que aquí nos interesan, poden admitir a rección do elemento que en principio desempeña o rol sintáctico de CD tanto co pronome átono acusativo coma co pronome átono dativo:

aborrecer, aburrir, afectar, aflixir, alarmar, alegrar, aliviar, alucinar, amargar, amolar, anoxar, apaixonar, asombrar, asustar, atraer, cansar, complacer, comover, contentar, convencer, decepcionar, desgustar, divertir, enfadar, entusiasmar, estremecer, estresar, excitar, fascinar, fastidiar, foder, ilusionar, impactar, impresionar, incomodar, inquietar, intranquilizar, irritar, marabillar, molestar, motivar, ofender, preocupar, provocar, satisfacer, seducir, sorprender, tranquilizar, xiringar

2.1.1.1 ■ Exemplos de cada un deles

■ *Tratamento que se lles presta no Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) e mais no Dicionario de la Real Academia Española (DRAE)*

■ *Observacións, naqueles casos en que se considera procedente*

NOTA:

Cómpre ter en conta que nos exemplos que se van amosar **ó longo de todo este traballo**, unicamente se vai reflectir a ocorrencia na cal o elemento que en principio funciona como CD se pronominaliza a través do clítico dativo, o cal non quere dicir, por suposto, **que** en varios, bastantes ou moitos deses contextos (a porcentaxe entendemos que pode variar en función de cada falante) **non caiba tamén a opción do clítico acusativo** no canto da do dativo.

Por tentar clarear un pouco isto que acabamos de dicir: o feito de que reflectamos, por exemplo, un enunciado como *O que máis lle impactou desa actividade foi verse sentado durante dez minutos nunha cadeira de rodas* non quere dicir que non haxa a posibilidade (posibilidade que, se cadra, para non poucos falantes resulta mesmo máis natural cá exposta no exemplo) de manifestar o mesmo contido mediante a secuencia *O que máis o impactou desa actividade foi verse sentado durante dez minutos nunha cadeira de rodas*.

■ **Aborrecer:**

► **Exemplos:**

- **Aborrecíalle** a hipocrísia que dominaba as relacións das clases máis altas.
- *¿Es quen de imaxinar unha persoa a quen non **lle aborrece** unha civilización tan decadente coma esta en que vivimos?*
- **Aborrécelle** que estes programas adopten sempre unha actitude tan parcial, cando deberían ser os adais da neutralidade informativa.
- *É que **lle aborrece** que lle estean a facer sempre as mesmas preguntas nas roldas de prensa.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

2. Producir ou causar repugnancia, fastío, noxo etc., algo ou alguén, en particular, unha comida. *Estes días de tanta chuvia aborrécenme. Aborrécenme eses pratos tan fortes.* SINÓNIMOS aburrir, anoxar, enfastiar, estoxar.

[...]

• **DRAE:**

[...]

3. **tr.** aburrir (|| molestar). U. t. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

1. Se facemos o exercicio de pasar de primeira a terceira persoa os pronomes átonos que aparecen nos exemplos recolleitos no DRAG, ¿cal sería a opción –ou opcións– pola que se decidirían os distintos falantes?:

*Estes días de tanta chuva **aborrécenlle?** # **aborréceno?***

***Aborrécenlle?** # **Aborréceno?** eses pratos tan fortes.*

2. Coa intención de ir un pouco introducindo a idea de que realmente nos achamos ante un tema un tanto delicado e espiñento, velaquí o que se di acerca da comportamento actancial deste verbo no sitio web **Ciberdúvidas da língua portuguesa**:

«[...] Celso Luft alerta para a possibilidade de este verbo ocorrer, também, como transitivo indireto, do que se conclui que *aborrecer* pode pedir um complemento tanto direto (sob a forma dos pronomes *o, a, os, as*) como indireto (com os pronomes *me, te, lhe, nos, vos, lhes*), dependendo da forma das construções¹. Repare-se nas seguintes frases:

“O estudo **aborrece-o.**”

“**Aborrece-lhe** o estudo.”

1. Luft especifica que, “no português culto formal do Brasil, prefere-se a variante *aborrecê-lo* por causa da conhecida oposição *o/lhe* como ‘culto’/‘vulgar’ (cp. *incomoda-o/lhe incomoda*)”.»

■ **Aburrir:**

► **Exemplos:**

- *Eses comentarios sobre a súa vida privada xa **lle aburren.***
- *A película non sei a quen **lles aburriría** máis: se ós cativos ou a nós.*
- *Xa desde pequena **che aburría** ver a televisión.*
- *De tanto os comer, agora os espaguetes **abúrrenlle.***

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Causarlle aburrimiento a [alguén]. *Aburriuno toda a tarde contándolle parvadas.*

SINÓNIMOS aborrecer, anoxar **ANTÓNIMOS** distraer, divertir, entreter

2. Causar repugnancia, fastío etc., unha comida ou outra cousa. *Abúrreme o arroz*. SINÓNIMOS aborrecer, anoxar, enfastiar, estoxar
[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Molestar, cansar, fastidiar.
[...]

► **Observacións:**

1. Como vemos, a primeira das acepcións do DRAG vén a ser sinónima de **aborrecer**, verbo que tratamos no cadro anterior, xa que non deixa de significar algo como “causar aburrimiento, aborrecemento ou fastío...”.

2. Pola súa banda, con respecto ó castelán, e malia o DRAE nos ofrecer a información de que nos atopamos ante un significado de comportamento actancial transitivo, se consultamos o *Diccionario panhispánico de dudas* (de aquí en diante, Panhispánico) observaremos que nesta obra xa se adopta un enfoque máis aberto, na medida en que se nos di que pode funcionar como transitivo ou como intransitivo:

«'Causar tedio o hartazgo' y, como pronominal, 'cansarse de algo o sentir tedio'. Con el primer sentido indicado, por tratarse de un verbo de "afección psíquica", dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), 4a), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: "El locutor hispano *lo* aburría profundamente [...], igual que **LE**² aburría la seriedad funcional del laboratorio de química" (Puga Silencio [Méx. 1987]).»

Vemos, pois, que o tema presenta puntos de indefinición que, como pouco, nos deberían levar a pór en causa certas posturas dogmáticas e inflexibles que tradicionalmente se veñen tomando como referencia inmutable á hora de abordar a rección transitiva ou intransitiva, incluso desde un enfoque normativo, deste tipo de verbos.

■ **Afectar:**

► **Exemplos:**

- Sempre **che afectaron** moito as críticas.

- A morte do pai **afectoulle** tanto que tivo que pedir unha baixa por depresión.

² O formato de letra grosa ou en cor é noso, apuntamento este que resulta aplicable e estendible a todos os casos en que no presente traballo se copie texto do Panhispánico.

- A ver se me sabes dicir, deses tres Estados dos que acabamos de falar, a cal **lle afectou** menos a crise capitalista do 29.

- Debería tentar abstraerse da situación bélica que o rodea e procurar que esta non **lle afecte**, pero todos somos conscientes de que é case imposible.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Ter aplicación ou incidir en. *A nova lei aféctao directamente.*

2. Causarlle [a alguén] unha dolorosa impresión. *A morte do amigo afectouno moito.*

3. Producir un efecto prexudicial en. *O exceso de chuvias afectou as terras de toda a zona.* SINÓNIMO prexudicar

[...]

verbo intransitivo

[...]

6. [Cousa] ter aplicación ou incidir en. *As novas tarifas aféctanlles aos usuarios de autobús.* CONFRÓNTESE atanguer, atinxir

7. [Cousa] causar a alguén unha dolorosa impresión. *Aféctanlle todos os problemas relacionados coa fame no mundo.*

8. [Cousa] producir un efecto prexudicial en. *Esas pastillas aféctanlle ao estómago.*

• **DRAE:**

[...]

3. **tr.** Dicho de una cosa: Hacer impresión en alguien, causando en él alguna sensación. U. t. c. prnl.

4. **tr.** Atañer o incumbir a alguien.

5. **tr.** Menoscabar, perjudicar, influir desfavorablemente.

6. **tr.** Producir alteración o mudanza en algo.

[...]

► **Observacións:**

1. Tal e como se pode apreciar ó nos determos un pouco no contido do DRAG, as acepcións 1 e 6 responden en realidade a un único significado; e o mesmo acontece, entre si, coas acepcións 2 e 7 e mais coa 3 e 8. Xa que logo, segundo o DRAG, o único que diferencia entre si, internamente, as acepcións desas tres parellas que acabamos de nomear é que as

número 1, 2 e 3 se comportan como transitivas e que a 6, a 7 e mais a 8 o fan como intransitivas.

Curiosamente, para estas últimas (ou sexa, para as intransitivas) especifícase que o suxeito é unha “[Cousa]”, mais, se nos fixamos ben, o suxeito das acepcións transitivas (“a nova lei”, “a morte do amigo” e “o exceso de chuvias”) está constituído tamén por unha cousa... e de feito, na inmensa maioría de casos a acepción transitiva require como suxeito unha cousa, un ente non humano.

Daquela, pode xurdir a seguinte pregunta: se para esas tres parellas sinaladas, as acepcións que as conforman veñen a ser en realidade a mesma, ¿por que nuns casos se nos presentan como de comportamento transitivo e nos outros de intransitivo? Ou, inda máis: ¿cal é a base sobre a que se sustenta a posibilidade de percibilas como distintas, se en esencia o significado vén a ser o mesmo?

2. Polo que atinxe á lingua castelá, observamos que no Panhispánico se nos amosa unha postura máis flexible e ampla cá que atopamos no DRAE, na medida en que se nos di que nos achamos ante un verbo que pode funcionar como transitivo ou como intransitivo:

«[...] 3. Con el sentido de ‘conmover o impresionar’, es un verbo de “afección psíquica”, por lo que, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), [4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: “Sentía que todo aquello lo afectaba solo muy superficialmente” (PzReverte Maestro [Esp. 1988]); “También **LE** afectó el pesado maquillaje” (LpzNavarro Clásicos [Chile 1996]).»

Nótese, por certo, que o Panhispánico nos di (ó igual que o fai para o resto destes casos de verbos de afección psíquico-emotiva) que o complemento de persoa “puede interpretarse como directo o como indirecto”, sen contemplar a posibilidade (ou, se cadra, desbotándoa tras realizar a correspondente análise e valoración, cousa que descoñecemos) de que o clítico dativo poida, nestes contextos, desenvolver o rol sintáctico de CD.

Desde aquí coidamos que, como pouco, esa posibilidade si se debía ter en consideración. De feito, se botamos man do primeiro exemplo reflectido neste comentario do Panhispánico, parece que admitiría tanto o clítico acusativo coma o dativo:

*Sentía que todo aquello **LO/LA** afectaba solo muy superficialmente. & Sentía que todo aquello **LE** afectaba solo muy superficialmente.*

Daquela, ¿cal sería a conclusión?: ¿que no primeiro exemplo teriamos un CD e no segundo un CI?

Mais esta conclusión batería de fronte cun problema: así, parece que só tería sentido sempre e cando fagamos a substitución pronominal do complemento léxico de persoa, pero non no caso de mantermos este na súa expresión ou manifestación plena, en cuxo suposto sempre funcionaría como CD. Atopariámonos, pois, coa seguinte situación:

Sentía que todo aquilo afectaba a su esposa solo muy superficialmente.

{En principio estaríamos ante un CD, pois permite con total normalidade a súa pasaxe á voz pasiva, na que funcionaría como suxeito: *Su esposa era afectada muy superficialmente por todo aquello.*}

Sentía que todo aquello la afectaba solo muy superficialmente.

{Manteríase a función sintáctica de CD.}

Sentía que todo aquello le afectaba solo muy superficialmente.

{Pasariamos, pois, adoptando este criterio a que apunta o Panhispánico, e malia que o referente segue a ser o mesmo (“*su esposa*”), a unha función sintáctica de CI, o cal parece que rechía un pouco.}

En resumo: partimos en orixe da existencia dun CD. Mais se facemos a substitución pronominal –e tomando como referencia o que se nos transmite no Panhispánico–, teríamos que ese CD se mantería como tal se a substitución se fai polo clítico acusativo, pero pasaría automaticamente a CI (sen que, como dicimos, o referente cambie, pois segue a ser o mesmo) se a substitución se fai polo clítico dativo.

A verdade é que dá a impresión de que a coherencia desta explicación amosa certas físgoas (a non ser que partamos, xa de base, de que o complemento léxico pleno de persoa –*a su esposa*, no enunciado que estamos a tratar– se pode interpretar indistintamente como CD ou como CI, o cal tamén representaría unha novidade na doutrina sintáctica maioritariamente aceptada hoxe en día).

■ **Aflixir:**

► **Exemplos:**

- *¿Por que, Deus piadoso, por que chaman crime ir en busca da morte que tarda, cando a un esta vida **lle cansa e lle aflixe**?*

- ***Aflixíalle** imaxinar, e roíao por dentro, que a muller non lle gardase a ausencia.*

- *Se tanto **che aflixe** pensar que o futuro da humanidade é moi negro polo cambio climático, toma medidas a nivel individual, e podes comezar por non votar polos que o negan.*

- *A ninguén **lle aflixe**, senón todo o contrario, saber que é apreciado polos seus compañeiros de traballo.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

[...]

verbo transitivo

1. Causar aflicción. *As noticias sobre a posibilidade doutra guerra aflixírono profundamente.* SINÓNIMOS *apesarar, lacerar, magoar* CONFRÓNTESE *desolar, ferir*

[...]

• **DRAE (“afligir”):**

[...]

2. **tr.** Causar tristeza o angustia moral.

3. **tr.** Preocupar, inquietar. U. t. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

Fagamos unha pequena proba, consistente en nos poñermos na situación contextual en que unha persoa lle manifesta a outra, literalmente, o enunciado que se recolle como exemplo no DRAG:

- *As noticias sobre a posibilidade doutra guerra aflixírono profundamente.*

E poñámonos tamén en que o receptor da mensaxe non sabe se a persoa que está a sufrir esa aflicción é Pedro, Xosé ou Xan, polo cal lle pregunta:

- *¿A quen dis que [...] aflixiron profundamente as noticias sobre a posibilidade doutra guerra?*

¿Canta xente completaría os corchetes co pronome de acusativo **o** e canta xente os completaría co pronome dativo **lle**? Dános que o máis probable é que a maioría descarte a opción do acusativo, e que ou ben empregue o pronome átono dativo ou ben simplemente non poña pronome átono ningún:

▪ **Opción A:**

- *¿A quen dis que lle aflixiron profundamente as noticias sobre a posibilidade doutra guerra?*

▪ **Opción B:**

- *¿A quen dis que aflixiron profundamente as noticias sobre a posibilidade doutra guerra?*

- *Opción C, posiblemente descartable para moitos galegofalantes no seu sistema natural:

- *¿A quen dis que *o aflixiron profundamente as noticias sobre a posibilidade doutra guerra?*

Daquela, se cadra cumpriría preguntarnos se con este verbo **aflixir** nos atopamos realmente ante un comportamento transitivo en todos os contextos (ou ben, adoptando o enfoque que principalmente estamos a defender no presente traballo, se realmente nos atopamos ante un comportamento en que o CD pronominaliza con pronome acusativo en todos os contextos).

■ Alarmar:

► Exemplos:

- *¿De certo que a ninguén dos que estades aquí **lle alarma** o tema do cambio climático?*

- *¿Que é o que a ti máis **che alarma**: o considerable aumento das violacións grupais ou que haxa sectores que lle quiten importancia ó asunto?*

- *Señoría, se realmente **lle alarma** a corrupción no eido político, neste xuízo pode asentarse unha base moi importante para comezar a acabar con ela.*

- *Á adestradora seica **lle alarma** máis a pouca capacidade para xerar xogo cá ausencia de goles.*

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

2. Causarlle medo ou facerlle sentir temor a. *Os rumores da existencia dunha peste alarmaron toda a rexión.*

[...]

• DRAE:

1. tr. Asustar, sobresaltar, inquietar. U. t. c. prnl.

[...]

■ Alegrar:

► Exemplos:

- Tamén **lle alegrou** que viñeras á festa.
- Vexo que non **che alegrou** nada a miña visita.
- Recoñeceu que **lle alegraría** que todos os empregados contribuísen na medida das súas posibilidades a evitar o peche da empresa.
- Atreveuse a dicir que ó presidente non **lle alegra** que os traballadores cobren tanto.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Encher de alegría. *A noticia do regreso do seu pai alegrou moito ao cativo.*
SINÓNIMO aledar ANTÓNIMOS aflixir, apesara, contentar, contristar, desgustar, entristecer
[...]

• DRAE:

1. tr. Causar alegría a alguen.
[...]

► Observacións:

Como se pode ver a continuación, o Panhispánico, seguindo o mesmo argumento empregado en relación co verbo *afectar* e con outros verbos de “afección psíquica”, matiza un tanto o enfoque do DRAE:

«1. Cuando significa ‘causar alegría’, es verbo de “afección psíquica” y, por ello, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO, 4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: “*Freddy los alegraba mucho con sus ocurrencias*” (Vergés Cenizas [R. Dom. 1980]); “*También LE alegró que el dormitorio volviera a ser común*” (Pitol Vida [Méx. 1991]). [...]»

■ Aliviar:

► Exemplos:

- Na época dos exames finais o que máis **lle alivia** é escoitar música.
- Sempre **che alivia** saber que tes xente detrás que te apoia na túa loita.

- A xogadora recoñeceu que **lle aliviou** ter coñecemento de que a adestradora continuará a vindeira tempada.

- Botoulles un ollo a todos os ordenadores e **alivioulle** ver que estaban intactos.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

Para o significado/acepción que aquí nos interesa (que viría a ser a de “causarlle ou producirlle alivio a alguén [CD]”), o DRAG non fornece información que nos poida ser de valía.

• **DRAE:**

[...]

2. tr. Quitar a alguien o algo parte del peso que sobre él o ello carga. U. t. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

1. Atopámonos neste caso ante un verbo que participa tanto de características propias deste grupo de “afección psíquico-emotiva” coma do terceiro grupo que discriminamos no presente traballo (grupo que se aborda no apartado 2.3), que vén a ser o dos verbos que suprimen ou eliden o CD primixenio.

Xa que logo, en función do enfoque que se lle queira dar, cabería a posibilidade de integrar o verbo **aliviar** tanto neste primeiro grupo de clasificación coma no terceiro, na medida en que se pode entender que no enunciado existe de xeito latente un CD (que presenta o sema de “non humano”) orixinal:

- Na época dos exames finais o que máis **lle alivia a tensión # os nervios # o desacougo # etc.** [TODOS ELES, CD QUE TEÑEN O SEMA DE “NON HUMANO”] *é escoitar música.*

- **Alívalle o sufrimento # a amargura # o desacougo # etc.** [NOVAMENTE, CDS QUE TEÑEN O SEMA DE “NON HUMANO”] *saber que ten xente detrás que a apoia na súa loita.*

2. Nótese tamén a acusada tendencia deste verbo, para os casos que aquí nos interesan (isto é, para aqueles en que rexe pronome átono dativo en función de CD –ou, como pouco, próxima á de CD–), a presentar como suxeito unha oración de infinitivo (oración que, para os exemplos que puxemos máis arriba, salientamos a seguir en cor negra):

- Na época dos exames finais o que máis **lle alivia é escoitar música.**

- **Sempre che alivia saber que tes xente detrás que te apoia na túa loita.**

- O xogador recoñeceu que lle aliviou **ter coñecemento de que a adestradora continuará a vindeira tempada**.

- Botoulles un ollo a todos os ordenadores e alivioulle **ver que estaban intactos**.

■ Alucinar:

► Exemplos:

- Ese contraste de sabores, á xente **alucínalle**.

- O que máis **lle alucina** do coche non é potencia, senón a adherencia ó chan.

- ¿Non **che alucina** que agora haxa tan pouco respecto polos maiores?

- —Xoán propúxolle a túa nai facer unha sesión de risoterapia. —¿E miña nai que dixo? —Pois **alucinoulle** a idea.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

2. figurado Provocar unha grande impresión. *Unha escena que me alucinou.*

CONFRÓNTESE abraiar, asombrar, impresionar

[...]

• DRAE:

[...]

2. tr. Sorprender, asombrar, deslumbrar. U. t. c. intr. y c. prnl.

[...]

► Observacións:

Nótese que moitos dos empregos deste verbo non veñen a ser, en realidade, máis ca sinónimos doutras voces que forman parte deste mesmo grupo de verbos/acepcións de afección psíquico-emotiva, o cal, ó cabo, pode determinar que –ou, cando menos, pode axudar a que– se comporten dun xeito semellante. Botemos man dos exemplos que puxemos máis arriba para intentar clarificar este comentario e que se perciba mellor:

- Ese contraste de sabores, á xente **alucínalle** [=SORPRÉNDELLE?, ATRÁELLE?, FASCÍNALLE?].

- O que máis **lle alucina** [=FASCINA?, MARABILLA? (=GUSTA, ENCANTA)] do coche non é potencia, senón a adherencia ó piso.

- ¿Non **che alucina** [=SORPRENDE?, IRRITA?, DESGUSTA?] que agora haxa tan pouco respecto polos maiores?

- —Xoán propúxolle a túa nai facer unha sesión risoterapia. —¿E miña nai que dixo? —Pois **alucinoulle** [=FASCINOULLE?, MARABILLOULLE? (=GUSTOULLE, ENCANTOULLE)] a idea.

■ Amargar:

► Exemplos:

- ¡Moito **lle amarga** ter que ir ás xuntanzas da asociación de veciños!

- **Amárgalle** ver que por moitas falcatruadas que fagan, a xente segue a votar por eles.

- ¿Así que agora **che amarga** ter que ir todos os fins de semana á casa de teus sogros, non si?

- Á rapaza **amárgalle** estar sempre no punto de mira dos xefes.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo intransitivo

[...]

2. figurado Producir desgusto, molestia, fastío. *É tan preguiceiro que mesmo lle amarga coller o autobús, canto máis ter que ir a pé.* SINÓNIMO molestar

verbo transitivo

[...]

4. figurado Causarlle dor, aflicción, desgusto, pena a [alguén]. *Déixame en paz, non me amargues máis.* SINÓNIMOS amolar, enfastiar

• DRAE:

[...]

2. tr. Causar aflicción o disgusto. U. t. c. prnl.

► Observacións:

1. Nótese que o DRAG –dun xeito semellante a como fai con algún outro verbo, coma por exemplo **afectar**– nos manifesta que se produce un comportamento intransitivo e transitivo para, respectivamente, as acepcións 2 e 4, acepcións que, ben mirado, non deixan de ser a mesma: así, e sen ningún tipo de problema, se botamos man do segundo exemplo que expuxemos (que, segundo os parámetros ou indicacións do DRAG, habería que incluír dentro da acepción 2, na medida en que se materializa con intervención do pronome dativo), parece claro que ó dicirmos que *lle amarga ver que por moitas falcatruadas que fagan, a*

xente segue a votar por eles estamos a dicir que lle causa dor, ou mesmo aflición, desgusto ou pena –ou sexa, o contido que se nos ofrece para a acepción 4– ver que por moitas falcatuadas que fagan, a xente segue a votar por eles.

Así pois, pódese pensar que os redactores do DRAG detectaron nesta acepción do verbo **amargar** un comportamento, por así dicilo, discordante en canto ó emprego do clítico dativo vs. clítico acusativo, discordancia que solucionaron desenvolvendo dúas acepcións en teoría distintas pero que en realidade veñen remitindo ó mesmo significado.

Daquela, preguntamos: ¿non sería, quizais, máis atinado pensar que a presenza dos pronomes átonos de dativo ou de acusativo vén –ou pode vir– tendencialmente condicionada por factores asociados á estrutura sintáctica, semántica e/ou informativa?³

2. Cadrande tamén en certa medida (inda que probablemente dun xeito menos acusado) con **aliviar**, nalgún caso tamén se podería interpretar que o verbo **amargar** pode participar da característica fundamental que define os verbos do apartado 2.3, xa que en certos contextos se podería argumentar que existe, suprimido ou elidido (ou, noutras palabras, no que se tamén se coñece por “estrutura profunda”), un CD co sema de “non humano”:

- ¡Moito **lle amarga a vida # a existencia** [CDS CO SEMA DE “NON HUMANO”] *ter que ir ás xuntanzas da asociación de veciños!*

- Á rapaza **amárgalle a vida # a existencia** [CDS CO SEMA DE “NON HUMANO”] *estar sempre no punto de mira dos xefes.*

■ Amolar:

► Exemplos:

- *Seica ó novo mozo **lle amolou** que ela falase ben do seu ex.*
- *¡Pois para **lle amolar** que ganase a votación o rival de seu pai, ben que o está a celebrar!*
- *Recoñece que a ti o que máis **che amolou** foi que lle deran o posto a ese palanquín.*
- *Ela négao, pero si que **lle amola** que non a viñeran visitar en todo o tempo da convalecencia.*

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

³ En liña con isto, e simplemente por o deixar apuntado, nótese a acusada tendencia dos enunciados que admiten o pronome dativo a levaren un suxeito a modo de oración de infinitivo, tal e como acontecía tamén co verbo **aliviar**.

[...]

2. Causar molestia ou fastío. *Amólame ter que levantarme todos os días ás sete.*

SINÓNIMOS amargar, molestar, xiringar *Que perdeu o Celta, dis?, non me amoles!*

[...]

• **DRAE:**

[...]

3. **tr. coloq.** Fastidiar, molestar con pertinacia. U. t. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

Volvemos facer notar a tendencia, nos enunciados en que aparece o pronome dativo, a que o suxeito sexa unha oración (isto é, a que haxa un suxeito co sema de [-humano]).

Por outra banda, e botando man do exemplo que aparece no DRAG, se o complemento directo o pasamos de primeira a terceira persoa, ¿condenariamos algunha das dúas seguintes alternativas?:

- *Amólao ter que levantarse todos os días ás sete.*

- *Amólalle ter que levantarse todos os días ás sete.*

O que parece claro é que hai xente –entre ela, quen isto está a escribir– para quen a única alternativa posible de xeito natural é, sen dúbida, a segunda delas (o cal non quere dicir que non se poida percibir como tamén admisible a primeira).

Sexa como for, e na medida en que a posibilidade do pronome dativo é real e certa, semella que ou ben habería que considerar que nos atopamos ante un verbo con comportamento tanto transitivo coma intransitivo, ou ben habería que entender que hai casos en que o clítico dativo cumpre a función sintáctica de CD.

■ **Anoxar:**

► **Exemplos:**

- *Anda con tento. A ver se **lle vai anoxar** que lle digas que entrou aí grazas a seu padriño.*

- *Habería que facer unha enquisa a ver a quen **lles anoxan** máis as súas impertinencias: se ós profesores ou ós seus compañeiros.*

- *Inda que a certos adestradores **lles anoxen** as críticas pospartido, deberían comprender que forman parte do noso labor de xornalistas.*

- *Parece que **che anoxa** que nos levemos tan ben.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

2. Causar unha sensación forte de noxo ou rexeitamento. *Anóxame esa actitude túa tan negativa. Anóxano os días de chuvía* SINÓNIMOS aborrecer, enfastiar, repugnar

[...]

• **DRAE (“enojar”):**

1. **tr.** Causar enojo. U. t. c. prnl.

2. **tr.** Molestar, desazonar. U. t. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

Polo que atangue ó idioma castelán, o Panhispanico volve rectificar en parte a información que se fornece no DRAE:

«1. Cuando significa 'causar enojo', es verbo de "afección psíquica", por lo que, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO, 4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto:** "Sus lágrimas [...] *lo*enojan" (Santiago Sueño [P. Rico 1996]); "Sospecho que *le* enoja mi lentitud" (RBastos Hijo [Par. 1960]). [...]»

■ **Apaixonar:**

► **Exemplos:**

- Ó avó sempre *lle apaixonou* escribir.

- De cativo o que máis *che apaixonaba* era o fútbol.

- O que máis *lle apaixonou* do mundo da moda a ese nivel é o seu refinamento e exquisitez.

- A rapariga é feliz de poder traballar con algo que *lle apaixonou*: a fotografía.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Provocar un grande entusiasmo ou paixón. *Apaixóname o cine.*

[...]

• **DRAE (“apasionar”):**

1. **tr.** Causar, excitar alguna pasión. U. m. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

1. Coma noutros casos que vimos con antelación, o Panhispánico matiza e corrixe un tanto a información do DRAE, pois indica que estamos ante un verbo que, dependendo de distintos factores (factores para cuxo coñecemento remite á entrada referente ó leísmo), tamén pode presentar un comportamento actancial intransitivo:

«1. ‘Causar pasión o afición extrema’. Por tratarse de un verbo de «afección psíquica», dependendo de distintos factores (→ [LEÍSMO, 4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: “*Le gustaba Tagore. LA apasionaba*” (Palou Carne [Esp. 1975]); “*A los nueve años LE apasionaba la lectura*” (LpzNavarro *Clásicos* [Chile 1996]). [...]»

2. Obsérvese, por outro lado, a estreita relación semántica co verbo **encantar** (verbo, este, de comportamento intransitivo), tanta que incluso en non poucos casos poderían ser ambos trocables no mesmo contexto sen que haxa apenas diferenza ningunha de significado:

- *Ó avó sempre **lle apaixonou # lle encantou** escribir.*
- *De cativo o que máis **che apaixonaba # encantaba** era o fútbol.*
- *O que máis **lle apaixonou # lle encanta** do mundo da moda a ese nivel é o seu refinamento e exquisitez.*
- *A rapariga é feliz de poder traballar con algo que **lle apaixonou # lle encanta**: a fotografía.*

E pomos de relevo a conexión semántica existente entre ambos os verbos por causa da posible relación analóxica que poida provocar no subconsciente dos falantes, relación analóxica que, se callar, tamén podería contribuír (xunto con outros factores que veremos máis adiante) a unha mudanza no comportamento dun dos referidos verbos: neste caso, a hipotética influencia daríase na dirección de **encantar** cara a **apaixonar**, na medida en que é este o que en principio adopta novos comportamentos de índole intransitiva ou, como pouco, de adopción do clítico dativo.

3. Inda que o haxa que tomar con moita prudencia e reserva, dado que probablemente non sexa a fonte máis fiable, si que tamén pode ser en certa medida indicativo o feito de que na Rede nos atopemos con exemplos en portugués nos que tamén rexe o pronome átono dativo:

- *Influencer nas redes sociais, nada **lhe apaixonou** mais do que servir ao próximo.*

- *Você gostaria de competir no esporte que **lhe apaixonou**, divertir-se e aproveitar para viver uma experiência turística maravilhosa?*
- *Se qualquer uma dessas profissões **lhe apaixonou**, não hesite um segundo em dar tudo de si para chegar lá.*

■ **Asombrar:**

► **Exemplos:**

- *O problema é que cada vez á xente **lle asombran** menos os casos de corrupción.*
- *A case ninguén **lle asombra** xa, por desgraza, a práctica continuada da lawfare ou guerra xurídica.*
- *Vexo que a estas alturas da túa vida xa nada **che asombra**.*
- *A un o que literalmente **lle asombra** é actitude manseliña de gran parte da sociedade ante os abusos dos poderosos.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

3. Causar admiración a. *A beleza do espectáculo asombrou a todos os asistentes.* SINÓNIMOS abraiar, encandear, marabillar, pasmar *Asómbrome, non sabía que eras tan mentireiro. Asombrounos o resultado da votación.* Tamén absoluto: *Ten unha facilidade para a música, que asombra.* SINÓNIMOS abraiar, pasmar

[...]

• **DRAE:**

1. tr. Causar gran admiración o extrañeza a alguen. U. t. c. prnl. *Me asombré DE sus proezas.*

[...]

► **Observacións:**

1. Volvémonos atopar ante un caso en que o Panhispánico rectifica parcialmente a información do DRAE:

«1. Cuando significa 'causar asombro', por tratarse de un verbo de "afección psíquica", dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO, 4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o**

como **indirecto**: “El relato *Lo asombró*” (GaMárquez Amor [Col. 1985]); “A Camargo **LE** asombró el cúmulo de horas que podía estar inmóvil ante el telescopio” (Martínez Vuelo [Arg. 2002]). [...]»

2. E tamén, novamente tomándoo con prudencia, podemos atopar na Rede ocorrencias en portugués en relación con este uso intransitivo (tanto con este significado coma co de, tirado ó dereito do *Michaelis* en liña, “causar assombro, espanto ou medo”), o que nos dá unha idea de nos atopamos ante un fenómeno que tampouco resulta totalmente alleo á nosa lingua irmá:

- *Qual é o corpo celeste que mais **lhe assombra** ou causa perplexidade?*
- *À Rosa **lhe assombra** a facilidade que tem para pintar a cara e as unhas das mãos [...]*
- *Você aprendeu a viver com o terror que **lhe assombra**.*

■ **Asustar:**

► **Exemplos:**

- *Sempre dixo que a vida non **lle asustaba** e que había que poñer peito e seguir para adiante.*
- *O que menos **lle asusta** é que acudan á vía xudicial, pois ben sabe que non fixo nada malo.*
- *¿**Asústache** máis morrer ou padecer un alzhéimer moi acusado?*
- *E logo, ¿a vostede **asústalle** que na asemblea o poidan criticar?*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

2. Causar medo a [alguén]. *Asústano os lóstregos.* SINÓNIMOS agoirar, amedrentar, asombrar

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Dar o causar susto. U. t. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

1. A respecto deste verbo –así como tamén doutros que imos ver– poderíase valorar a teoría dunha hipotética influencia do seu contido causativo, e da presenza do dativo na locución causativa (*asustar a alguén = causar**lle** susto a alguén, meter**lle** susto ou medo a alguén*),

para axudar a lle poñer luz ó emprego do pronome átono dativo coa función de, en principio, CD (véxase tamén neste sentido, gardando relación, o apartado **3.1 Verbos causativos**).

2. Doutra volta máis, vemos que o Panhispánico matiza o contido do DRAE:

«1. Cuando significa 'causar susto', por tratarse de un verbo de "afección psíquica", dependiendo de distintos factores (→ [LEISMO, 4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: "Loasusto y se va" (Vázquez Narboni [Esp. 1976]); "Una mujer a quien no **LE** asusta la vida" (Canto Ronda [Arg. 1980]). [...]"»

3. Reflectimos tamén, a seguir, algunha das ocorrencias que para portugués podemos achar na Rede (reiterando a prudencia que hai que adoptar á hora de valoralas, na medida en que non podemos dar por fiable todo o contido que tiramos de Internet):

- *Segundo ele, esse cenário de surto de vírus gripais **lhe assusta** um pouco [...]*
- *Incêndio em galpão industrial é um assunto que **lhe assusta**? Com certeza, sim!*
- *A falta de interface gráfica é algo que **lhe assusta**?*

■ **Atraer:**

► **Exemplos:**

- *Non é quen de comprender como á rapazada de hoxe en día **lle atrae** tanto o mundo das relacións virtuais.*
- *Heterossexual é a persoa á que **lle atrae** romántica e fisicamente un membro do sexo oposto.*
- *¿**Atráech**e ese rapaz ou non?*
- *Á miña antiga xefa **atraíalle** tanto o mundo rural que renunciou ó seu posto de traballo na cidade e adquiriu unha granxa.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

4. Facer algo ou alguén que [unha persoa] sinta gusto ou desexo. *As novas tendencias da arte non o atraen.* SINÓNIMO chamar **OBSERVACIÓNS:** Aínda que chamar e atraer poidan ter un mesmo significado, non sempre se poden intercambiar [...]

[...]

• **DRAE:**

[...]

4. **tr.** Dicho de una persona o de una cosa: Ganar la voluntad, afecto, gusto o atención de otra. U. t. c. prnl. *El rey se atrajo a las masas.*

[...]

► **Observación:**

1. Tal e como se pode observar, o DRAG fornece como sinónimo, cando menos para o exemplo que se reflicte, o verbo **chamar** (inda que fai a puntualización de que ambas as voces non son trocables en todos os contextos).

Se acudimos na dita obra á entrada **chamar**, observaremos que non hai unha definición que se axuste perfectamente á de **atraer**. A que máis se achega é a número 9, cuxo teor é o seguinte:

«**verbo transitivo**

[...]

9. Exercer unha cousa ou persoa atracción sobre [alguén]. *As minas de ouro chamaban a centos os aventureiros. Ese sindicalista chama moita xente.* SINÓNIMO atraer»

Pregunta: se collemos o exemplo que aparece nesa acepción da entrada **atraer** e mudamos este verbo por **chamar** (que, como acabamos de indicar, tamén se recolle como transitivo no DRAG), ¿canta xente diría “*As novas tendencias da arte non o chaman*” e canta diría “*As novas tendencias da arte non lle chaman*”? Do que non nos cabe dúbida ningunha é de que hai galegofalantes que optarían ou ben sempre, ou polo menos nunha porcentaxe de uso moi maioritaria, polo segundo dos enunciados (ou sexa, o que integra o pronome átono dativo), coma por exemplo quen isto escribe.

2. Novamente podemos apreciar que o Panhispánico emenda un chisco o contido do DRAE:

«[...] 2. Cuando significa ‘hacer que alguien sienta atracción’, es verbo de “afección psíquica”; por ello, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO, 4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: “*Nada LA atrae, y en todas sus respuestas se evidencia una indiferencia absoluta por todo lo que la rodea*” (Vijnovsky Dudas [Arg. 1988]); “*Agnes lo observaba, LE atraía esa actitud ligera y honesta*” (Bain Dolor [Col. 1993]).»

■ Cansar:

► Exemplos:

- Si, xa comentou que **lle cansaba** que seus pais estiveran todo o día chamándolle a atención.
- ¿Non **che cansa** seguir ganando trofeos e máis trofeos?
- ¿Por que, Deus piadoso, por que chaman crime ir en busca da morte que tarda, cando a un esta vida **lle cansa** e **lle aflixe**?
- Ó final xa **lle cansaron** tantas preguntas sobre o mesmo tema e deu por rematada a rolda de prensa.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

2. figurado Producir cansazo algo ou alguén que carece de interese ou que se repite moito. *Cánsame oír todos os días a mesma historia.* Tamén absoluto *Un escritor que acaba por cansar.* SINÓNIMOS encher, fartar *Xa me está cansando a min tanta fachenda.* SINÓNIMOS cheirar, encher, fartar

[...]

• DRAE:

[...]

3. tr. Enfadar, molestar a alguen. U. t. c. prnl.

► Observacións:

1. Como acontece noutras ocasións, o DRAG, á hora de poñer os exemplos que poden dar lugar a algún tipo de –por lle chamar dalgún xeito– problema, dúbida ou vacilación, dá a sensación de que tende a optar por non reflectir o pronome átono de terceira (nin tampouco segunda) persoa.

A cuestión sería: de pasarmos, no último exemplo, o pronome átono a terceira persoa, ¿como quedaría o enunciado: *Xa lle está cansando a ela tanta fachenda / Xa a está cansando (a ela) tanta fachenda?*

Non nos cabe dúbida de que a primeira opción formaría parte do idiolecto natural de non poucas persoas. De feito, tanto é así que hai xente que non descodificaría igual os dous enunciados seguintes:

- a) O traballo **cánsaa** moito.

b) O traballo **cánsalle** moito.

Na medida en que o significado que lle atribuiría ó enunciado a) é que o traballo lle provoca (á persoa de sexo feminino de quen se está a falar) esgotamento ou cansazo físico, mentres que o enunciado b) o entendería como que o traballo lle provoca cansazo, pero no sentido da acepción 2 que nos fornece o DRAG (isto é, no de “Sensación desagradable que chega a producir algo ao que non se lle atopa interese ou que se repite moito”).

2. Polo que atangue ó castelán, o Panhispánico torna, outra volta máis, a corrixir ou matizar un tanto a información que se fornece no DRAE:

«1. Cuando significa 'causar cansancio psíquico o aburrimiento', por tratarse de un verbo de «afección psíquica», dependiendo de distintos factores (→ **LEÍSMO**, 4a), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: “Sólo su hijo no **LA** cansa” (PRossi Solitario [Ur. 1988]); “A Liza **LE** cansa un poco tanta música” (Aguilera Caricia [Méx. 1983]). Con sujeto de persona, también puede construirse con un complemento introducido por *con*: “Me cansaron **CON** sus encuestas y sus inventos” (Clarín [Arg.] 12.1.97). [...]»

■ **Compracer:**

► **Exemplos:**

- Fai o que **che compra**za.
- Unha das cousas que máis **lle compra**ce é que lle sigan chamando doutor.
- Ben sei que nada **lle compra**cería máis ca estar aquí hoxe, con todas as súas amigas.
- Outra cousa que **lle compra**cía moito era dar un paseo polo parque todas as tardes.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

1. Acceder ao desexo, gusto etc., de [alguén]. *Todo o fixo para compra*celo.

ANTÓNIMO descompracer CONFRÓNTESE contentar

verbo intransitivo

2. Causar satisfacción ou pracer. *Compraceulle que viñeras.* CONFRÓNTESE
gustar
[...]

• **DRAE (“complacer”):**

1. **tr.** Causar a alguen satisfacción, pracer o agrado.
2. **tr.** Dicho de una persona: Acceder a lo que otra desea y puede serle útil o agradable.
[...]

► **Observacións:**

1. Neste caso, vemos que o DRAG desenvolve unha segunda acepción que trata como intransitiva, diferenciando, ademais, o significado que o verbo *complacer* transmite coa acepción transitiva (“acceder ao desexo, gusto etc., de [alguén]”) do que transmite coa intransitiva (“causar satisfacción ou pracer”).

Mais, inda que efectivamente en moitos contextos o uso de *complacer* pode responder a estes parámetros, coidamos que o tema non é tan doado.

Fagamos unha proba e poñámonos en contexto imaxinando a seguinte situación: Xoel dille a Martiña, que é a muller que vai unhas horas ó día atender a súa nai e a quen trata de vostede, que faga o que compra a esta (ou sexa, a súa nai). ¿Cal sería o enunciado que empregariamos?:

- a) *Martiña, vostede faga o que **a compra**.*
- b) *Martiña, vostede faga o que **lle compra**.*

E formulamos ó respecto unha serie de cuestións:

- ¿Tenderíamos a entendelos como enunciados que fornecen un contido distinto ou, pola contra, empregariamos indiferentemente calquera deles?
- ¿Tenderíamos a entender que co primeiro enunciado Xoel lle está a dicir a Martiña que faga o que compra a súa nai (ou sexa, que acceda ó que esta desexa e que lle pode ser útil e agradable, botando man da segunda acepción do DRAE), mentres que co segundo tenderíamos a entender que o que Xoel lle di a Martiña é que faga o que a ela mesma (isto é, á propia Martiña) lle cause satisfacción ou pracer?
- ¿Para algunha xente o enunciado a) podería dar conta de calquera dos dous contidos expostos, mentres que o enunciado b) non daría conta do primeiro deles (isto é, nunca o empregariamos para lle dicir a Martiña que faga o que compra á nai de Xoel –a non ser, é visto, que engadamos a continuación o complemento na súa forma plena, a xeito de “a ela” ou “a miña nai”–)?

- ¿Podería haber algunha outra variante na interpretación?

Deixamos no aire as posibles respostas.

2. Con respecto ó castelán, e na liña do que estamos a ver para moitos outros casos, o Panhispánico vólvelle botar un remendo ó contido do DRAE:

«[...] 2. Cuando significa 'causar satisfacción o placer a alguien', se comporta como un verbo de "afección psíquica"; por tanto, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), 4a), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: "Saber que inspiraban terror era algo que *los* complacía" (Valladares *Esperanza* [Cuba 1985]); "LE complacían los obsequios y no desdeñaba el dinero" (Ferla *Drama* [Arg. 1985]).»

■ **Conmover:**

► **Exemplos:**

- A todo ben nacido **lle conmove** a morte dun neno.
- A máis do noventa por cento das persoas enquisadas **lles conmoveu** a reportaxe sobre o xenocidio.
- ¿Dis que **che conmove** que os nenos canten as túas cancións?
- Nunha terra coma esta, cunha lingua preciosa, ¿a quen non **lle conmoven** palabras coma "bolboreta", "enxebre", "morriña" ou "luscofusco"?

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Causar unha grande emoción ou un sentimento de pena, compaixón, tenrura etc. *Esas palabras de amizade conmovérono moito. Aquela escena de pobreza e sufrimento conmoveunos profundamente.* SINÓNIMO estremecer

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Perturbar, inquietar, alterar, mover fuertemente o con eficacia a alguien o algo. U. t. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

Fornecemos, unha vez máis, o comentario do Panhispánico en relación coa lingua castelá:

«[...] 2. Con el primer sentido⁴ indicado es un verbo de “afección psíquica”; por ello, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO, 4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: “El personaje que **LA** conmueve más es la pequeña que lleva en su mano izquierda un hatillo” (Arel Jardín [Ur. 1985]); “A Lucas Chevieux [...] a veces **LE** conmovía su propia eficiencia” (Fresán H.^a argentina [Arg. 1991]).»

■ **Contentar:**

► **Exemplos:**

- Na entrevista dixo que o que máis **lle contentaba** da súa profesión era poder axudar ós demais.
- Este é o prezo que ten. Se non **che contenta**, pois non compres, que ninguén está obrigado.
- Non **lle contenta** nada que lle lembren as súas continuas manifestacións machistas de cando era máis novo.
- Non sei se **lle contentaría** moito o regalo.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

2. Facer que [alguén] quede satisfeito. *Tratamos de buscar unha solución que contentase a maioría.* SINÓNIMOS complacer, satisfacer ANTÓNIMOS descontentar, desgustar CONFRÓNTESE agradar¹

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Satisfacer el gusto o las aspiraciones de alguien o darle alegría.

[...]

► **Observacións:**

⁴ Refírese ó de “emocionar(se)”.

Notemos que nos estamos a referir ó emprego de **contentar** no sentido de *satisfacer*, *compracer* ou *gustar*, ou sexa, de verbos que ou ben directamente son intransitivos (*gustar*) ou ben forman parte desta relación de verbos que na nosa opinión admiten –dándose determinadas condicións– a pronominalización do CD mediante o pronome átono dativo (*satisfacer*, *compracer*).

■ Convencer:

► Exemplos:

- A ninguén **lle convenceron** as súas explicacións.
- A solución que lle propuxeron non **lle convenceu** nada de nada.
- Pon o resultado que máis **che convenza** e a ver se gañas a porra.
- Propomos unha actividade que, inda que se cadra non **lle convence** a quen a vai ter que pór en práctica, a nós vénnos coma o unto ás verzas para introducir o seguinte tema.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Llevar [a alguén] mediante argumentos e razóns a recoñecer algo como certo, conseguir que chegue a adoptar unha opinión ou a tomar unha decisión. *É moi testán, non o convencemos facilmente. Convénceo para que veña á festa.* ANTÓNIMO disuadir
[...]

• DRAE:

1. **tr.** Incitar, mover con razones a alguien a hacer algo o a mudar de dictamen o de comportamiento. U. t. c. prnl.
[...]

► Observacións:

Volvemos facer constar, doutra volta máis, o comentario do Panhispánico:

«[...] 3. Cuando no hay complemento preposicional, funciona como verbo de "afección psíquica" y, por lo tanto, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), [4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto. Si el sujeto es agente y convencer** toma el sentido de 'hacer cambiar de opinión o

actitud', **suele funcionar como transitivo**: "Benito Díaz *LO* convenció y se reincorporó al fútbol español" (GaCandau Madrid-Barça [Esp. 1996]). **Con un sujeto no agente** y con un sentido próximo a 'parecer bien o satisfacer', **suele ser intransitivo**: "A la Madre de Dios no *LE* convence que muevan su venerada imagen del pago de Luján" (Mignone Iglesia [Arg. 1986]). [...]»

Obsérvense –e estamos a anticipar parte da información que habemos fornecer no apartado **2.1.5 Posibles claves para entender este comportamiento**– os apuntamentos que o Panhispánico efectúa respecto deste verbo en función de cando o suxeito gramatical é axente ("suele funcionar como transitivo") ou non axente ("suele ser intransitivo").

■ Decepcionar:

► Exemplos:

- Nada *lle decepciona* máis ca que o traizoen.
- O dianteiro francés asegurou este xoves que *lle decepcionou* non ser convocado polo seu país.
- Presenta hostilidade flotante: sempre a punto de estoupar, todo *lle senta mal*, todo *lle desgusta*, todo *lle decepciona*, nada *lle satisfai*.
- ¡Pois si que *che decepcionou* a actitude dos xogadores durante o partido!

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Causar decepción a. *Decepcionoume a súa actuación en directo*. SINÓNIMOS defraudar, desencantar

[...]

• DRAE:

1. **tr.** Desengañar, desilusionar. U. m. c. prnl.

■ Desgustar:

► Exemplos:

- A quen máis **lle desgustou** a súa actitude foi á súa antiga compañeira de traballo.
- Sempre **che desgustou** vivir na cidade.
- Dille da miña parte que se o coche non **lle desgusta**, que o compre xa, que axiña van subir de prezo.
- Para poder facer unha diagnose sobre vostede, teño que saber que é o que máis **lle desgusta** da súa personalidade.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Causar desgusto. *Non lle digas iso que o vas desgustar.* ANTÓNIMOS aledar, alegrar, contentar *Sempre o desgustou a vida da cidade.* CONFRÓNTESE descontentar

verbo intransitivo

2. [Cousa] resultar desagradable aos sentidos ou á razón. **OBSERVACIÓNS:** Emprégase sobre todo en construcións negativas *Non me desgusta o sabor deste viño.* SINÓNIMO desagradar ANTÓNIMOS agradar¹, gustar

2. [Persoa] resultar, polas súas calidades, pouco atractiva a outra. **OBSERVACIÓNS:** Emprégase sobre todo en construcións negativas *Non me desgusta ese rapaz para xenro.* SINÓNIMO desagradar ANTÓNIMOS agradar¹, gustar

[...]

• **DRAE (“disgustar”):**

[...]

2. **tr.** Causar enfado, pesadumbre o desazón. U. t. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

1. Vemos que nesta ocasión o DRAG xebra unha acepción transitiva e dúas intransitivas. Non obstante, entendemos que o limiar entre o comportamento transitivo e intransitivo está –ou, cando menos, pode estar– en ocasións moi esvaído: sen ir máis lonxe, para o segundo dos exemplos da acepción que se nos presenta como transitiva estamos certos de que non poucas persoas (entre elas, quen isto está a escribir) botarían man, de xeito natural, do clítico dativo no canto de do clítico acusativo: *Sempre **lle** desgustou a vida na cidade.*

2. Polo que atinxe ó castelán, reflectimos unha vez máis o comentario realizado polo Panhispánico:

«'Causar un disgusto' y, como pronominal, 'enojarse'. En la primera acepción, por tratarse de un verbo de "afección psíquica", dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO, 4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: "Los retenes [...] tienen que incorporarse y no pueden dormir. Esto **LOS** disgusta" (Valladares Esperanza [Cuba 1985]); "A Maricusa **LE** disgustó el aspecto de los dos hombres" (Herrera Casa [Ven. 1985]).»

■ Divertir:

► Exemplos:

- *Eses comentarios machistas só **lles poden divertir** a outros cromaños coma ti.*
- *¿Pero tanto **lle divertiu** a actuación coma para volver mañá?*
- *¿Que é o que máis **che divirte** do xogo do Celta?*
- *¡Moito **lle divertían** ó finado do Maneto as actuacións de Farruco!*

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Facer pasar o tempo a [alguén] de modo agradable recreando o ánimo. *As verbenas divírtenme moito.* CONFRÓNTESE amenizar
[...]

• DRAE:

1. **tr.** Entretener, recrear. U. t. c. prnl.
[...]

► Observacións:

1. O exemplo do DRAG volve optar polo pronome átono en primeira persoa. A cuestión é: se o pasamos a unha terceira persoa, ¿non sería posible o enunciado *As verbenas divírten**lle** moito*? Seguro que para moita xente, si.

Daquela, semella que ou ben habería que interpretar que este verbo presenta tamén un comportamento intransitivo, ou ben habería que entender que o clítico dativo asume, en certos contextos e en certas condicións, o rol sintáctico de CD.

2. Polo que atangue ó castelán, velaquí, doutra volta máis, o que reflicte o Panhispánico:

«[...] 2. Por tratarse de un verbo de “afección psíquica”, dependendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), [4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: “*Como es tan gracioso, los divierte bastante*” (Armas Barbuchín [Guat. 1965]); “*A mi padre **LE** divierte y la deja seguir hablando*” (Guido Invitación [Arg. 1979]).»

■ **Enfadar:**

► **Exemplos:**

- *Non sei por que a Sabela **lle enfada** o meu comentario.*
- *Pois dille a Martiño que, tanto se lle gusta coma se **lle enfada**, quen manda é o xefe.*
- *A expresidenta subliñou que **lle enfada** moitísimo que haxa partidos anticonstitucionalistas.*
- *¿E logo a ti **enfádache** que che digan a verdade?*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Causar ou provocar enfado. *Non fixen o que me mandou e iso enfadóuno.*
CONFRÓNTASE anoxar
[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Causar enfado. U. t. c. prnl.

► **Observacións:**

Polo que respecta á lingua castelá, fagamos notar outra vez máis o que, botándolle un pequeno remendo ó DRAE, se manifesta no Panhispánico:

«‘Causar enfado’ y, como pronominal, ‘pasar a tener enfado’. Con el primer sentido, es verbo de “afección psíquica”, por lo que, dependendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), [4a](#)), **el complemento de**

persona puede interpretarse como directo o como indirecto: “Para enfadarLO, Irene solía recordarle que Nacho Casado tenía nombre de diseñador de moda” (GaSánchez *Historia* [Esp. 1991]); “Al chino **LE** enfadaba que el mono desperdiciara el arroz” (Asturias *Alhajadito* [Guat. 1961]).»

■ Entusiasmar:

► Exemplos:

- A alcaldesa recoñeceu que asumiu un plan que non **lle entusiasmba**.
- Xa de meniña **che entusiasmba** a ximnasia rítmica.
- Non creas que **lle entusiasma** moito que veñan seus curmáns de vacacións.
- ¿A que bo afeccionado ó fútbol non **lle entusiasma** ver xogar a Messi?

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Causar entusiasmo a. *O actor entusiasinou o público.* SINÓNIMO *electrizar*
Entusiásmo os doces de améndoas.

[...]

• DRAE:

1. **tr.** Infundir entusiasmo. U. t. c. prnl.
2. **tr.** Causar ardiente y fervorosa admiración. U. t. c. prnl.

► Observacións:

1. Non temos a máis mínima dúbida (entre outras cousas, porque temos escoitado máis dunha e de dúas veces enunciados deste tipo) de que non pouca xente, para o segundo dos exemplos da primeira acepción do DRAG, optaría polo pronome átono dativo: *Entusiásmalle os doces de améndoas.*

2. Nótese, así mesmo, a estreitísima relación semántica nesta acepción con **encantar** (de feito, nos máis dos contextos funcionan como sinónimos practicamente totais: *Entusiásmalle # Encántalle os doces de améndoas*), verbo este último que tanto o DRAG coma o DRAE tratan como **intransitivo** para a referida acepción da que estamos a dar conta (que viría a ser, *grosso modo*, a de “gustar en gran medida, gustar moito”).

3. En relación co castelán, isto é o que di o Panhispánico, matizando ou corrixindo a información do DRAE:

«[...] 2. Cuando significa 'gustar mucho', es verbo de "afección psíquica"; por tanto, dependiendo de distintos factores (→ leísmo, 4a), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: "Había perdido hasta el gusto por las jóvenes que antes lo entusiasmaban" (Allende Casa [Chile 1982]); "A ella no **le** entusiasma hablar de su romance" (Clarín [Arg.] 14.2.97). [...]]»

■ Estremecer:

► Exemplos:

- A colaboradora da ONG comentou que o que máis **lle estremeceu** da súa experiencia en África foi saber que unha nena que axudou a levar ó hospital, finalmente finou.
- Pois si: a todo o mundo **lle estremece** que se instale a inflación na economía e que os prezos suban sen control.
- ¿Non **che estremece** pensar que poida haber unha guerra nuclear?
- Ponlle medo, e **estremécelle**, que certos grupos falen con tanta frivolidade das vidas perdidas no Mediterráneo.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

2. **figurado** Ocasionar alteración ou sobresalto en [o ánimo de alguén] unha cousa extraordinaria. *Aquela visión fantasmal estremecera o seu espírito.*

SINÓNIMO conmover

[...]

• DRAE:

[...]

2. **tr.** Ocasionar alteración o sobresalto en el ánimo de alguien.

[...]

► Observacións:

1. Observamos que o DRAG non contempla, cando menos explicitamente a xeito de exemplo, nin tampouco na definición que se nos ofrece, un CD de persoa (isto é, co sema de [+humano]), que é a situación coa que nos estamos a manexar no presente traballo e que reflectimos nos exemplos arriba expostos, dado que é a que posibilita o emprego do pronome dativo átono asumindo a función do, en principio, CD.

2. En liña coa citada acepción do DRAG (e tamén do DRAE), poderíase argumentar que este verbo tamén sería tamén susceptible de ser incluído dentro do grupo abordado no apartado **2.3. Verbos con CD e mais CI que suprimen, cando menos na súa estrutura externa, o CD primixenio**, posto que se pode entender que sempre existe, subxacente, un CD [-humano] do tipo de “o ánimo”, “o espírito” ou “a alma”:

- *Estremécelle* [o ánimo # o espírito # a alma] *pensar que poida haber unha guerra nuclear.*

3. Mesmo se podería valorar, a maiores, a hipótese dunha posible influencia do contido causativo deste verbo, e da presenza do clítico dativo na locución causativa (*estremecer a alguén = causarlle ou producirlle tremor a alguén*) á hora de explicar o uso do clítico dativo en función do, en principio, CD (véxase tamén, neste sentido, o apartado **3.1 Verbos causativos**).

■ **Estresar:**

► **Exemplos:**

- *Era unha persoa á que lle estresaba moito dar clase.*
- *Cómpre dialogar con el para saber que situacións lle estresan e poder tomar medidas.*
- *Así que o que máis che estresa da túa parella é o seu pouco romanticismo, ¿non si?*
- *Como director, estresáballe ter que prescindir de xente de moito talento.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

Polo de agora non se recolle este verbo como entrada.

• **DRAE:**

1. tr. Producir estrés. U. t. c. prnl.

► **Observacións:**

Como pequena pílula informativa anticipadora do que habemos tratar con máis vagar no punto **2.1.5 Posibles claves para entender este comportamento**, observemos a posición

dos diferentes elementos no enunciado e a súa incidencia –ou posible incidencia– na escolla do pronome átono. Collamos, poñamos por caso, o último dos exemplos:

*Como director, **estresáballe** ter que prescindir de xente de moito talento.*

E collamos agora o suxeito gramatical (conformado pola oración de infinitivo *ter que prescindir de xente de moito talento*) e coloquémolo precedendo ó predicado:

*Como director, ter que prescindir de xente de moito talento **estresába**__.*

¿A que parece que, coa simple anteposición do suxeito ó predicado, o enunciado xa pide bastante máis un clítico acusativo ca un clítico dativo?

*Como director, ter que prescindir de xente de moito talento **estresábao**.*

■ **Excitar:**

► **Exemplos:**

- *¿A quen cres que deles dous **lle excita** máis ver películas porno?*

- *Eu estaba nervioso, pero a ela **excitáballe** a idea de que nos sorprendieran nus, practicando sexo.*

- ***Excitáballe** saber que todas aquelas persoas, que obviamente a odiaban, tiñan que estar esa noite baixo as súas ordes.*

- *Hai moita xente á que **lle excita** o sexo telefónico.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Provocar [unha reacción física ou mental]. *Aquela porta fechada excitou a súa curiosidade. Excitar o apetito.* SINÓNIMO estimular ANTÓNIMO calmar

2. Poñer moi nervioso. *Que non tome café, que o excita.* SINÓNIMO alterar ANTÓNIMO tranquilizar CONFRÓNTESE axitar, exasperar, inquietar

3. Provocar desexo sexual a. *Excitouno coas súas caricias.*

[...]

• **DRAE:**

[...]

2. **tr.** Ocasionar o estimular un sentimento o pasión. *Su riqueza excita la envidia de sus compañeros.*

3. tr. Causar en alguien entusiasmo, enojo o alegría. *La idea del viaje me excita*. U. t. c. prnl. *Se excita con la falta de puntualidad de sus empleados*.

[...]

5. tr. Despertar deseo sexual. U. t. c. prnl.

► **Observación:**

Copiamos a seguir o que di o Panhispánico acerca deste verbo nas acepcións que nos interesan (curiosamente, neste caso obvia a acepción número 5 do DRAE, isto é, a de “despertar deseo sexual”):

«2. Con el sentido de ‘producir un estado de nerviosismo, irritación o entusiasmo’, funciona como los llamados verbos de “afección psíquica”; por ello, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), 4a), el complemento de persona puede interpretarse como **directo o como indirecto**: “El desafío *LO* excitaba” (Saer Ocasión [Arg. 1988]); “Actuaba prevenido, viejo, como si *LE* excitara comprobar que no tenía nada que temer” (Satué Desierto [Esp. 1985]).»

■ **Fascinar:**

► **Exemplos:**

- Sempre *lle fascinou* a lectura.

- *Xa sei que non che fascina* este tipo de comida, pero o restaurante elixírono eles.

- *Encántalle vir a Pontevedra porque lle fascina* a cidade, as súas xentes, a arquitectura...

- *A historia está protagonizada por Martiño, un mociño ao que lle fascina* a historia que se agachaba tras cada unha das moedas que formaban parte da súa colección.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

2. Exercer sobre [unha persoa ou animal] unha atracción moi grande.

Fascinoume pola súa beleza. [...]

• **DRAE:**

[...]

2. tr. Atraer irresistiblemente.

[...]

► **Observación:**

Reflexión deseguido o que manifesta, retocando un tanto o contido do DRAE, o Panhispánico acerca deste verbo:

«'Atraer irresistiblemente' y 'gustar mucho'. Por tratarse de un verbo de "afección psíquica", dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), 4a), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: "El engaño *LO* fascina" (Mundo [Esp.] 13.6.94); "A Milos **LE** fascinaba esa mezcla de ingenuidad, insolencia y ternura" (LpzNavarro *Clásicos* [Chile 1996]).»

■ **Fastidiar:**

► **Exemplos:**

- *O que máis **lle fastidiou** é que marchou sen se despedir dela.*
- *Vou**lle** rebater con iso que a min tanto me gusta e a vostede tanto **lle fastidia**: os datos obxectivos e contrastados.*
- *Non hai cousa que máis **lle fastidie** ca ter que se desculpar sen facer nada malo.*
- *Xa sei que **che fastidiou** que o profesor vos adiantase o exame.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

Simplemente fornece a información de que se trata dun verbo cun comportamento sintáctico transitivo e mais pronominal (pero non intransitivo), e remite a unha voz léxica máis recomendable: *enfastiar*.

• **DRAE:**

1. tr. Enfadar, disgustar o ser molesto a alguen.

[...]

► **Observación:**

Doutra volta máis, o Panhispánico rectifica, polo que afecta ó castelán, en certa medida a información do DRAE:

«2. Con el primer sentido indicado⁵, es un verbo de “afección psíquica”; por ello, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO, 4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: “Casi muero triturado por un orangután de Sumatra, porque lo fastidié mucho” (Nacional [Ven.] 7.1.97); “**LE** fastidiaba que lo contradijeran” (Ferla Drama [Arg. 1985]).»

■ Foder:

► Exemplos:

- Moito **lle fode** que vaia de chulo pola vida.
- ¿**Fódeche** que túa irmá saque mellores notas ca ti, non é?
- **Fódelle** ata dicir basta que ese tipo de xente tan chocalleira que vai ós programas de rexouba gañe a pasta que gaña.
- A quen máis **lle fode** que retiren o programa é a miña avoa, que o vía acotío.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

3. figurado Causar a [alguén] dano, prexuízo ou molestia. *Ti a min non me fodes.*

SINÓNIMOS amocar, amolar

[...]

verbo **intransitivo**

2. figurado Causar algunha molestia ou fastío a [alguén]. *Fódelle moito que o alcumen.* SINÓNIMOS amolar, molestar

• DRAE:

[...]

5. tr. malson. Molestar o fastidiar a alguien. U. t. c. intr.

[...]

► Observacións:

⁵ Fai referencia ó de “molestar o causar fastidio a alguien”.

1. Vemos que neste caso o DRAG xebra unha acepción transitiva e unha intransitiva (acepcións, por outra parte, que entendemos que en realidade non son senón unha, e cuxas definicións veñen, case case, a coincidir).

E deixamos no aire a seguinte pregunta: en relación cos exemplos expostos por nós máis arriba, ¿canta xente priorizaría o pronome átono acusativo no canto do de dativo?

Imos inda máis alá: ¿a que posiblemente ninguén, ou case ninguén, mudaría o dativo polo acusativo no último dos referidos exemplos (*a quen máis **lle** fode que retiren o programa é a miña avoa, que o vía todos os días*).

2. Pola súa banda, observamos que o DRAE, malia manifestar que a acepción que aquí nos interesa presenta un comportamento transitivo, tamén acepta a posibilidade da intransitibilidade, pero non nos fornece ó respecto ningún tipo de explicación nin de exemplo que nos poida permitir precisar con maior exactitude ou concreción esa información (ou sexa, que nos permita precisar en que sentido, ou de que xeito, se materializan esas manifestacións intransitivas).

■ **Ilusionar:**

► **Exemplos:**

- *¿A quen non **lle** agrada a idea de poder vivir dignamente facendo aquilo que máis **lle ilusiona**?*
- *¿E logo non **che ilusiona** volver á casa despois dun mes no hospital?*
- *Á miña curmá nada **lle ilusiona** máis ca poder conseguir unha camiseta de Aspas asinada.*
- *O rexedor municipal confesa que **lle ilusiona** inaugurar obras que facilitan a vida dos veciños.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Producir ilusión ou alegría algo que vai ocorrer ou que se espera que ocorra.

Este cambio de casa ilusióname moito. CONFRÓNTESE alegrar

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Hacer que alguien se forje ilusiones.
2. **tr.** Despertar viva complacencia en algo. U. t. c. prnl.
3. **tr.** Despertar esperanzas especialmente atractivas.

[...]

► **Observacións:**

É de facer notar que, tal e como xa demos a entender con anterioridade nun par de ocasións, varios dos verbos que incluímos dentro deste grupo de afección psíquico-emotiva presentan, inda que sexa dun xeito que poderíamos denominar latente ou implícito, certo contido causativo:

aburrir a alguén = causarlle aburrimiento

alegrar a alguén = causarlle alegría

aliviar a alguén = causarlle alivio

asombrar a alguén = causarlle asombro

impactar a alguén = causarlle impacto

impresionar a alguén = causarlle impresión

...

Case é escusado comentar que **ilusionar** (=causar ilusión) participa tamén desa calidade.

Xa que logo, e gardando relación co que se acaba de comentar, se cadra non está fóra de razón formular a hipótese de que na mente dos falantes poida xurdir unha relación analóxica tal que provoque que a adopción do dativo por parte da forma verbal sintética poida estar ata certo punto (probablemente de xeito non definitorio, pero si como como apoio ou pequeno reforzo das circunstancias motivadoras que explicamos no apartado **2.1.5 Posibles claves para entender este comportamento**) influenciada polas locucións verbais *facerlle # causarlle # producirlle ilusión a alguén*, nas que, como se pode ver, o clítico que rexe é o dativo, posto que a función de CD xa a exerce o substantivo:

- *¿A quen non lle agrada a idea de poder vivir dignamente facendo aquilo que máis **lle fai ilusión** → que máis **lle ilusiona**?*

- *¿E logo non **che fai ilusión** → non **che ilusiona** volver á casa despois dun mes no hospital?*

- *Á miña curmá nada **lle produce** máis **ilusión** → nada **lle ilusiona** máis ca poder conseguir unha camiseta de Aspas asinada.*

- *O rexedor municipal confesa que **lle causa ilusión** → que **lle ilusiona** inaugurar obras que facilitan a vida dos veciños.*

■ **Impactar:**

► **Exemplos:**

- *Leu o libro e **impactoulle**.*

- O que sobre todo **lle impactou** desa actividade ó alumnado foi verse sentado durante dez minutos nunha cadeira de rodas.

- Eu esa estatua, de tanto vela, xa a teño interiorizada, pero entendo que á xente, de primeiras, **lle impacte**.

- ¿Que foi o que máis **che impactou** da película?

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Causar un impacto ou impresión a [alguén]. *A experiencia impactouno tremendamente.*

[...]

• **DRAE:**

[...]

2. **tr.** Impresionar, desconcertar a causa de un acontecemento o noticia.

[...]

► **Observacións:**

1. Fagamos o seguinte exercicio: collamos, tal cal, o exemplo que se amosa no DRAG, pero introducindo a maiores o CD na súa forma plena e a xeito de locución preposicional introducida pola preposición **a** (isto é, a xeito do que adoitamos asociar formalmente coa función de CI). ¿Que pronome átono usaríamos?:

- *A Xan a experiencia impactouno?/impactoulle? tremendamente.*

- *A María a experiencia impactouna?/impactoulle? tremendamente.*

Vaiamos aínda un pouco máis aló e fagamos que o suxeito gramatical (*a experiencia*) se pospoña ó verbo:

- *A Xan impactouno?/impactoulle? tremendamente a experiencia.*

- *A María impactouna?/impactoulle? tremendamente a experiencia.*

Pregunta: ¿non dá a impresión de que a opción do pronome acusativo se vai esvaendo e se vai facendo cada vez máis estraña ou esquiva?

2. Nótese, así mesmo, que a observación efectuada con anterioridade para o verbo **ilusionar** acerca do contido causativo latente ou implícito é perfectamente aplicable ó caso de **impactar** (=causar impacto).

3. Nesta ocasión achámonos tamén ante un verbo que –coa acepción de “producir ou causar un impacto físico en”– volveremos abordar máis adiante, na medida en que está moi ligado ós que analizaremos no apartado **2.3 Verbos con CD e mais CI que suprimen, cando menos na súa estrutura externa, o CD primixenio.**

4. Reiterando que se trata de enunciados que hai tomar con moito tento, na medida en que están tirados da Rede, velaquí a seguir certos exemplos recolleitos do portugués nos que o complemento de persoa de **impactar** está representado polo clítico dativo:

- *Qual é a frase que seus pais dizem que mais **lhe impactou**?*
- *Na sequência, pergunta se alguém gostaria de comentar sobre o vídeo, sobre o que **lhe impactou** ou chamou atenção na história de Aline.*
- *Mas talvez o que mais **lhe impactou** foi sua imersão no mundo real.*

■ **Impresionar:**

► **Exemplos:**

- *¿Cal foi a película que máis **lle impresionou** a vostede de todo o certame?*
- *Se a un lle preguntasen que é o que máis **lle impresiona** de Nova York, a resposta non sería doada.*
- *O que máis **lle impresionou** dela foi a súa naturalidade e a súa proximidade con todo o mundo.*
- *¡Si que **che impresionou** o poemario, que non paras de o gabar e de llo recomendar a todo o mundo!*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Causar a [alguén] unha viva impresión. *A fermosura da muller impresionouno.*

CONFRÓNTASE abraiar *Unha película que me impresionou moito.* SINÓNIMOS

acolloar, conturbar

[...]

• **DRAE:**

[...]

2. **tr.** Conmover el ánimo hondamente. U. t. c. prnl.

[...]

■ Incomodar:

► Exemplos:

- Somos conscientes de que existe certo público ó cal **lle poden incomodar** este tipo de escenas un pouco subidas de ton.

- ¿De certo que non **che incomoda** que te sentemos cos irmáns da noiva?

- Seica hai algunha xente á que **lle incomoda** que lle falen galego cando vén de turismo.

- Ó principio o que máis **lle incomodaba** era ter que quitar os zapatos ó entrar nas casas alleas.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Causar incomodidade ou molestias a [alguén]. *Perdoe se o incomodo por chamar a estas horas.* SINÓNIMOS importunar, molestar

2. Causar enfado a. *A seu pai incomódao que os nenos vexan tanta televisión. Ese rapaz incomódame coas súas parvadas.* SINÓNIMOS anoxar, cabrear, enfadar
[...]

• DRAE:

1. **tr.** Causar incomodidad. U. t. c. prnl.

2. **tr.** Molestar, enfadar. U. t. c. prnl.

► Observacións:

Velaquí o que, volvendo matizar ou corrixir a información do DRAE, manifesta o Panhispánico para o castelán a respecto deste verbo:

«'Causar incomodidad, molestia o enfado' y, como pronominal, 'molestarse o enfadarse'. Con el primer sentido, como verbo de "afección psíquica", dependiendo de distintos factores (→ [LEISMO, 4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: "Aquel viejo canoso y tostado [...] *Lo incomodaba*" (UPietri *Oficio* [Ven. 1976]); "Al general **LE** *incomoda ser un actor secundario*" (Martínez *Evita* [Arg. 1995]).»

■ Inquietar:

► **Exemplos:**

- Recoñeceu que **lle inquietaba** que o seu veciño tivera unha arma na casa, dado que padecía problemas psiquiátricos.

- ¿Sabes cal era a pregunta que máis **lle inquietaba** ó seleccionador nas roldas de prensa?

- Nótote nervioso, pero se non me dis que é o que **che inquieta**, non vou poder facer nada.

- O presidente do executivo recoñeceu que a el tamén **lle inquieta** a perda de galegofalantes.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Poñer inquieto. *Inquietábao non ter noticias dos seus.*

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Quitar el sosiego, turbar la quietud. U. t. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

Reproducimos, a seguir, ocorrencias en portugués tiradas da Rede en relación con este uso intransitivo. Como xa temos comentado, trátase de exemplos que cómpre tomar con toda a cautela do mundo, pero que reflectimos porque pode nos dar unha idea da cantidade de arestas e repelos que amosa este tema que estamos a analizar:

- *Sua primeira reação é fugir do desconhecido que tanto **lhe inquieta**, [...]*
- *[...] pois já fica claro que existe uma dúvida que **lhe inquieta** [...]*
- *Bem antes de ofertar ou planejar o curso, o assunto já **lhe inquietava**.*

■ Intranquilizar:

► Exemplos:

- Non sei a quen **lle intranquiliza** máis a ausencia de novas acerca da nena: se á nai ou ó pai.
- Parece que **che intranquiliza** que a ultradereita estea collendo folgos en Europa.
- A quen máis **lle intranquiliza** o nivel de endebedamento que a pandemia pode deixar nas economías dos países é o Fondo Monetario Internacional.
- Tamén **lle intranquilizaba** moito saber que os nenos indíxenas ían medrar sen que ninguén lles transmitise nada acerca das prácticas ancestrais do seu pobo.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Producir intranquilidade a [alguén]. *A falta de noticias intranquilizaba os familiares.*

[...]

• DRAE:

1. **tr.** Quitar la tranquilidad, inquietar, desasosegar. U. t. c. prnl.

■ Irritar:

► Exemplos:

- Xa sabes que non hai cousa que máis **lle irrite** ca que entres sen chamar.
- Se hai algo que **lle irrita** é que a figura do arqueólogo se asocie a Indiana Jones.
- ¿Así que a ti non **che irrita** o suspenso en si, senón como se produciu?
- Non hai nada que máis **lle irrite** ca que o seu equipo non compita.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Molestar vivamente. *Irritouno que lle dixese a verdade.*

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Hacer sentir ira. U. t. c. prnl.

[...]

■ **Marabillar:**

► **Exemplos:**

- Á adestradora **marabíllalle** a fe que os xogadores teñen nela.

- Sempre **lle marabillou** todo o relacionado co “máis alá”.

- Xa con cinco anos **che marabillaban** os ordenadores e todo o relacionado coas novas tecnoloxías.

- **Marabíllalle** mirar cadros abstractos.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Provocar un sentimento de admiración ou de asombro, causar viva impresión en [alguén]. *Marabillouno a beleza do espectáculo.* [...]

[...]

• **DRAE (“maravillar”):**

1. **tr.** Causar admiración a alguen.

[...]

► **Observacións:**

1. Nótese que nalgún caso (por exemplo, no último exemplo que puxemos) o verbo *marabillar* é empregado no sentido de “gustar, encantar, fascinar”, isto é, de verbos ou ben intransitivos ou ben que forman parte desta listaxe de verbos de afección psíquico-emotiva susceptibles de pronominalizar mediante clítico dativo o en principio CD.

2. Reproducimos deseguido o que apunta o Panhispánico acerca deste verbo:

«1. Cuando significa ‘causar admiración’, al tratarse de un verbo de “afección psíquica”, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#),

4a), el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto: “Siempre Lomaravilló esta mujercita que jamás le pidió dinero” (VLlosa Fiesta [Perú 2000]); “A su esposa **LE** maravillaba escuchar una palabra recurrente: ‘Herodes’” (VLlosa Tía [Perú 1977]). [...]»

■ Molestar:

► Exemplos:

- ¿A vostede **moléstalle** que sente aquí ó seu carón?
- Se **lle molesta** o fume do tabaco, dille que non se achegue aquí.
- ¡Mira que es repugnante, paisano! ¡¿Pero habrá algo que non **che moleste**?!
- Anavallou o veciño de arriba porque **lle molestaba** o ruído que facía pola noite.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Causarlle molestia a [alguén]. *Vai de aí, non o molestes!* [...]

verbo intransitivo

2. [Algo, alguén] resultar molesto. *Moléstalle o ruído para traballar.* [...]
[...]

• DRAE:

1. **tr.** Causar fastidio o malestar a alguien.
[...]

► Observacións:

1. O DRAG distingue entre unha acepción transitiva e unha intransitiva, mesmo facendo diferenzas á hora da definición: “Causarlle molestia a [alguén]” para a transitiva e “[Algo, alguén] resultar molesto” para a intransitiva.

E inda que entendemos que a diferenza non radica en que realmente se trate de acepcións distintas (de feito, se collemos o exemplo da acepción intransitiva, vemos que lle acae perfectamente a definición da transitiva: *Moléstalle o ruído para traballar* = “cásalle molestia o ruído para traballar”), si que nos dá a impresión de que, quizais de xeito un tanto intuitivo, o DRAG se aproxima ó que na nosa opinión está –xunto con algunhas outras cuestións asociadas á distinta configuración dos elementos nos planos sintáctico, semántico e/ou

informativo, como veremos con posterioridade– na base do distinto uso do clítico: así, na acepción transitiva parece que, mediante a definición (“causarlle molestia”), se fai máis fincapé en que o acontecemento provén dun axente externo que incide no complemento, mentres que na intransitiva a definición (“resultar molesto”) semella que pon máis o acento en que nos atopamos ante un acontecemento máis interno ou endógeno ó complemento en si, isto é, ante un proceso que se circunscribe máis ó seu eido interno.

2. Pola súa banda, o DRAE só nos ofrece a posibilidade dunha estrutura actancial transitiva para este verbo, mais, coma en tantos outros casos dos que estamos a ver, o Panhispánico rectifica un tanto esa información:

«'Causar molestia' y, como pronominal, 'ofenderse o enfadarse ligeramente' y 'realizar un esfuerzo o tomarse determinada molestia'. Con el primer sentido indicado, es verbo de "afección psíquica", por lo que, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO, 4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: "Ordenó que nadie lo molestara" (Martínez Vuelo [Arg. 2002]); "A mi mamá no **LE** molestaba lo que yo hacía" (Cabouli Terapia [Arg. 1995]).»

■ **Motivar:**

► **Exemplos:**

- Cadaquén debe tentar facer aquilo que máis **lle motive**.
- ¿A ti non **che motiva** que che suban o soldo?
- Non desperdicie o seu tempo facendo algo que non **lle motiva** o suficiente.
- Na presentación, o xogador asegurou que **lle motiva** máis xogar no Couto ca facelo no Vao.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

2. Facer que [alguén] se anime ou amose interese por algunha cousa. *Xa nada o motiva.* [...]

• **DRAE:**

[...]

4. tr. Estimular a alguien o despertar su interés. *En aquella época me motivaba mucho el estudio de las plantas.*

► **Observación:**

Doutra volta máis, o Panhispánico modifica en certa medida a información do DRAE:

«[...] 3. Cuando significa 'estimular a alguien o despertar su interés', por tratarse de un verbo de "afección psíquica", dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), [4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: "El colegio no lo motivaba; era excelente en matemáticas y física pero no se interesaba por las otras materias" (Maza Astronomía [Chile 1988]); "A Javier Sotomayor no **LE** motiva mucho la idea de ser entrenador" (Granma [Cuba] 9.96). [...]»

■ **Ofender:**

► **Exemplos:**

- Non **lle ofende** o contido da carta en si, senón máis ben o ton empregado nela.
- Se **che ofende** o que digo, síntoo, pero non é máis cá verdade.
- Non obstante, entendemos que haxa xente a quen **lle ofenda** que queimen o seu libro sagrado.
- Se a ninguén **lle ofenden** as súas palabras máis ca a min, se cadra é que son eu o susceptible.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Causar dano a [unha persoa] na súa honra ou dignidade. *As túas dúbidas oféndenme. Ofendeuno falando mal dos seus.* [...]

[...]

• **DRAE:**

1. tr. Humillar o herir el amor propio o la dignidad de alguien, o ponerlo en evidencia con palabras o con hechos.

[...]

► **Observación:**

Recorremos doutra volta máis ó teor do Panhispánico, no cal se volve matizar o contido do DRAE:

«1. Cuando significa 'herir el amor propio o la dignidad de alguien', es verbo de "afección psíquica", por lo que, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), 4a), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: "Perdóneme si LA ofendo, pero su hijo no me importa absolutamente nada" (Ulive Dorado [Ur. 1989]); "A algunos sectores judíos **LES** ofende también el estudio de ADN de restos antiguos" (Quevedo Genes [Cuba 1996]). [...]"»

■ Preocupar:

► Exemplos:

- A opinión que ti poidas ter del non **lle preocupa** o máis mínimo.
- Xa nos contaron que o tema que máis **che preocupa** neste momento é o do cambio climático.
- Se a vostede **lle preocupa** o futuro da humanidade, tome medidas xa, que se cadra despois é tarde.
- Para que a psicóloga **lle poida axudar**, non pode calar nada do que **lle preocupa**.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Poñer [alguén] nun estado de angustia ou ansiedade. *Aquela nova preocupounos moito. Preocupábo o seu aspecto cansado. [...]*

verbo intransitivo

2. [Algo polo que se sente temor ou do que non se está seguro] ocupar o pensamento de maneira continua. *Preocupáballe a idea de ter que deixalo só. A todos nos preocupa a marcha do país.*

[...]

• DRAE:

[...]

3. **tr.** Dicho de algo que ha ocurrido o va a ocurrir: Producir intranquilidad, temor, angustia o inquietud. U. t. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

1. Tal e como se pode observar, o DRAG discrimina unha acepción transitiva e unha intransitiva, definíndoas incluso de distinto xeito.

Volvemos propor unha proba, para a cal nos valería calquera dos dous exemplos da acepción transitiva, inda que neste caso imos botar man do segundo, pois que nos acae mellor para facer un enunciado interrogativo partindo del. Xa que logo, poñámonos na situación contextual en que unha persoa lle manifesta a outra, literalmente, o segundo enunciado do DRAG:

- *Preocupábao moito o seu aspecto cansado.*

Mais o receptor non sabe se a persoa que está a sufrir esa preocupación é Xan ou Pedro, polo cal lle pregunta:

- *¿A quen dis que [...] preocupaba moito o seu aspecto cansado: a Xan ou a Pedro?*

¿Canta xente completaría os corchetes co pronome de acusativo **o** e canta xente os completaría co pronome dativo **lle**?... E non perdamos de vista que a función sintáctica cuberta en ambos os casos polo pronome átono debería de ser a mesma.

2. Malia que o DRAE só contempla a opción dunha estrutura actancial transitiva, o Panhispánico volve emendar, en parte, esa información:

«1. Cuando significa 'causar temor o inquietud', por tratarse de un verbo de "afección psíquica", dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), 4a), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**, aunque es claramente mayoritario, en todo el ámbito hispánico, el uso de las formas pronominales de dativo: "A ella estos asuntos no **LA** preocupaban" (Vergés Cenizas [R. Dom. 1980]); "No **LE** preocupa que lo maten" (Martínez Perón [Arg. 1989]). [...]»

■ **Provocar:**

► **Exemplos:**

- *Sempre **lle provocou** axexar as parellas mentres se enleaban.*

- *Cousas como saír de troula ata as tantas da noite xa non **lle provocan** coma antes.*

- *¿A quen non **lle provoca** no verán, neses días de moita calor, dar inda que sexa un chupo rápido na fresca auga da ría?*

- Se de certo xa non **che provoca** estar coa túa parella, tendes un problema.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

3. Excitar o desexo sexual de [alguén]. *Provocouno coas súas miradas.*

• **DRAE:**

[...]

3. **tr.** Excitar en alguien el deseo sexual. U. t. c. intr. *Le encanta provocar.*

► **Observacións:**

1. Entendemos que a estas acepcións habería que engadir outra (véxanse, neste sentido, o segundo e terceiro exemplos que se reflicten máis arriba), que poderíamos definir, *grosso modo*, como “Causar ganas, desexo ou gusto”, nun uso sinónimo, en trazos xerais, ó de verbos como **atraer**, **gustar** ou **chistar** (nótese que todos eles de comportamento intransitivo con este significado).

2. No presente caso tamén se podería entender que nos atopamos ante un verbo que poderíamos inserir no apartado **2.3 Verbos con CD e mais CI que suprimen, cando menos na súa estrutura externa, o primixenio CD**, na medida en que se pode entender que hai implícito, latente ou escondido un CD [-humano] do tipo de **excitación, desexo, ganas, gusto...**:

- Sempre **lle provocou** [excitación] axexar as parellas mentres se enleaban.

- Cousas como saír de troula ata as tantas da noite xa non **lle provocan** [ganas] coma antes.

- ¿A quen non **lle provoca** [desexo] no verán, nesas días de moita calor, dar inda que sexa un chupo rápido na fresca auga da ría?

- Se de certo xa non **che provoca** [desexo] estar coa túa parella, tendes un problema.

■ **Satisfacer:**

► **Exemplos:**

- Manifesta unha hostilidade flotante e está sempre a piques de estoupar: todo lle senta mal, todo **lle desgusta**, todo **lle decepciona**, nada **lle satisfai**.

- Á policía non **lle satisfixeron** as explicacións do presunto culpable.

- Home, se ó final foi declarado culpable, que non **lle satisfaga** a decisión da xuíza é normal.

- ¿Non **che satisfizo** a súa resposta?

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Proporcionar a [alguén] o que desexa, pide ou espera. *Non me satisfai a explicación que me dás.* CONFRÓNTESE agradar¹, complacer, contentar
[...]

• **DRAE:**

[...]

6. **tr.** Cumplir, llenar certos requisitos o exigencias.

[...]

10. **intr.** Agradar (| | complacer).

[...]

► **Observacións:**

1. Notemos que o DRAG é consciente da estreita relación que **satisfacer** mantén con verbos como **agradar** ou **complacer** (tratados nesta mesma obra, cando menos en relación co significado máis próximo ó que aquí nos interesa, como intransitivos).

Relación que tamén establece o DRAE, mesmo ata o punto de os considerar sinónimos e de entender que, na acepción que estamos a considerar, **satisfacer** funciona como intransitivo.

2. Volvamos facer un pequeno exercicio partindo do exemplo que nos achega o DRAG, que non é outro ca *Non me satisfai a resposta que me dás.*

Collamos, daquela, ese mesmo exemplo pero adaptándoo a un enunciado que comece por “a ninguén”. E a pregunta é: ¿alguén diría *A ninguén o satisfai a resposta que dás* ou, máis ben, todo (ou case todo) o mundo optaría por *A ninguén lle satisfai a resposta que dás*?

3. Polo que atangue ó DRAE, vemos que reserva unha acepción (a número 10) como de comportamento intransitivo.

Comportamento sobre o que incide tamén o Panhispánico:

«[...] 2. Con el segundo sentido indicado⁶, es un verbo de “afección psíquica”; por ello, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), 4a), el complemento de persona puede interpretarse como **directo o como indirecto**: “A Mojarrita no lo satisfizo demasiado

⁶ Fai referencia ó de “dar gusto a alguien”.

la aclaración" (CBonald Noche [Esp. 1981]); "Quería revisar una vez más el documento; no **LE** satisfizo y quiso hacer unas enmiendas" (Otero Temporada [Cuba 1983]).»

■ Seducir:

► Exemplos:

- Recoñeceu que **lle seducía** a posibilidade de adestrar o Barcelona.
- ¿E logo non **che seduce** nada a idea de ir á festa á que nos convidou Vitoria?
- A estas alturas da súa vida xa non **lle seduce** facer máis cartos dos que fixo.
- Pois non: o que máis **lle seduce** ó autor non é nin a narrativa nin a poesía, senón o teatro.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

3. Atraer [alguén] fortemente. *A súa beleza seducíaos a todos.* SINÓNIMO cegar CONFRÓNTESE hipnotizar, magnetizar, subxugar *As túas ideas sobre o proxecto non me seducen.* SINÓNIMOS cativar, encandear, fascinar

[...]

• DRAE:

[...]

3. tr. Embargar o cautivar el ánimo a alguien.

[...]

► Observacións:

Botémoslle, unha vez máis, un ollo ó Panhispánico, que volve matizar o contido do DRAE:

«[...] 2. Por tratarse de un verbo de "afección psíquica", dependendo de distintos factores (→ **LEÍSMO**, 4a), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: "Juana **lo** sedujo a primera vista" (Martínez Perón [Arg. 1989]); "No **LE** seducía el poder" (FdzSpencer Pueblo [R. Dom. 1997]).»

■ Sorprender:

► Exemplos:

- O que máis **lle sorprende** á xente é esa complicidade que inda se observa neles despois de tantos anos de casados.

- Nesta vida xa non **lle sorprende** nada.

- ¿Pero de certo que non **lle sorprendeu** que o seu marido comezase a ter tantas xuntanzas de traballo fin de semana tras fin de semana?

- Inda que a ti **che poida sorprender**, o cacao puro é considerado un superalimento por máis dun especialista da alimentación.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

3. Producir sorpresa ou estrañar unha cousa por non ser esperada. *É un tipo orixinal, nunca deixa de sorprenderme. Sorprendeuno con aquel regalo.*

[...]

• DRAE:

[...]

2. **tr.** Conmover, suspender o maravillarse con algo imprevisto, raro o incomprendible. U. t. c. prnl.

[...]

► Observacións:

1. Na definición do DRAG díse que **sorprender** é “Producir sorpresa ou **estrañar** unha cousa por non ser esperada”, co cal se nos está pór de manifesto a estreita relación entre ambos os dous verbos (**sorprender** e **estrañar**), relación que se ratifica se acudimos á entrada **estrañar** e observamos a terceira acepción (“Producir asombro ou sorpresa. *Estrañoulle a túa actitude.* CONFRÓNTESE asombrar, sorprender”), na cal se fai constar –tal e como, ademais, se pode percibir no exemplo– que **estrañar** presenta un comportamento sintáctico intransitivo.

E fagamos, daquela, a seguinte proba: collamos o exemplo desta terceira acepción de **estrañar** e mudemos este verbo por **sorprender** (mudanza que practicamente apenas causa variación no contido). ¿Como é que diríamos: *Sorprendeuno a túa actitude* ou *Sorprendeulle a túa actitude*? ¿Ou, mesmo, admitiríamos ambas as opcións?

2. Imos inda facer outra proba: collamos así, sen máis, e fóra de contexto, os seguintes dous enunciados:

a) *Sorprendeuna*.

b) *Sorprendeulle*.

▪ Se no enunciado **a)** deixamos fóra da ecuación a posibilidade real de o interpretar no sentido de que unha persoa colle desprevida ou por sorpresa a outra (como acontecería, por exemplo, na oración *Sorprendeuna* [=pillouna por sorpresa] *fedellando no seu caixón*), a posible disxuntiva é:

- ¿Canta xente o entendería no sentido de que fai referencia a unha acción⁷ en que unha entidade externa constituída por un suxeito que presenta a función semántica de axente (isto é, un suxeito que leva a cabo unha acción tendo, polo menos, un certo grao de control⁸ sobre ela) provoca, con esa actuación, unha reacción de

⁷ Copiamos a seguir o parágrafo da *Gramática da Lingua Galega* de Rosario Álvarez e Xosé Xove (Editorial Galaxia, 2002, Vigo) onde se fai a discriminación entre **acción** e **proceso** (páxina 74) á hora de determinar os catro tipo básicos de acontecementos (*accións, procesos, posicións e estados*):

«Os estados de cousas a que se refire o predicado pódense caracterizar polo seu *dinamismo* e polo seu *control*. Son [+dinámico] aqueles en que ten lugar un acontecemento, polos que se pasa dunha situación *a* a unha situación *b*, e son [-dinámico] os que denotan unha situación estable; son [+controlado] aqueles en que hai unha entidade que controla o suceso e [-controlado] os que se producen sen unha entidade que os controle. Da combinatoria de ámbolos trazos resultan catro tipos de acontecementos, *accións* [+dinámico, +controlado], *procesos* [+dinámico, -controlado], *posicións* [-dinámico, +controlado] e *estados* [-dinámico, -controlado].»

⁸ Cando dicimos que o suxeito axente ten, polo menos, un certo grao de control sobre a acción que leva a cabo, referímonos a que dispón, en abstracto –isto é, tomado coma unha representación de todos os individuos da súa clase–, da posibilidade de non efectuar a dita acción ou de efectuala doutro modo (do cal se pode inferir que en moitas ocasións a acción vai ligada á característica da voluntariedade, por parte do axente, de levala a cabo, inda que non sempre).

Así, na oración *O rapaz atropelou un señor que cruzaba polo paso de peóns*, si que temos un suxeito axente (*o rapaz*), pero isto non nos debe levar a interpretar que o dito suxeito levase a cabo a acción de xeito voluntario, senón que o que quere dicir é que, considerado en abstracto, o suxeito dispón da posibilidade de non realizar o atropelo (é dicir, que ten control –ou, polo menos, un certo grao de control– sobre a acción que realiza).

O mesmo pasa con *A leoa cazou a gacela*, en que o suxeito, considerado en abstracto, dispón da posibilidade de cazala ou non cazala.

Pola contra, en *O furacán arrasou a aldea*, non podemos considerar que o furacán sexa un suxeito axente, xa que non podemos interpretar que dispón, consideremos como o consideremos, da posibilidade de arrasou ou non a aldea: simplemente orixina ou desencadea o acontecemento, pero sen a opción de dispor de control ningún sobre este.

E outro tanto ocorre (coma en varios dos exemplos que estamos a ver e que rexen dativo ou son susceptibles de se construír con dativo) naqueles casos en que o suxeito é unha oración ou unha entidade non animada, coma en *Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas sorprendeu a Rosa*, en que o suxeito (*Que Pepe lle*

sorpresa nun CD cuxa función semántica é a de paciente (isto é, a do constituínte que resulta afectado pola acción do axente)?

Con estes parámetros ou condicionantes que acabamos de comentar estariámonos a referir, por exemplo, a un enunciado do tipo *Seu pai sorprendeuna preguntándolle se lle gustaría ter unha media irmá*, enunciado no que temos dúas entidades co sema de [+humano]: unha entidade A (axente) que actúa sobre unha entidade B (paciente) provocando que esta reciba sorpresa, nunha actividade que podemos percibir como basicamente externa, ou máis ben externa, á entidade B.

- ¿E canta xente o entendería no sentido de que fai referencia a unha acción en que unha entidade ou acontecemento externos (entidade A) constituídos por un suxeito que non presenta a función semántica de axente, senón de forza (isto é, un suxeito que orixina o proceso ou acontecemento, pero que non o controla, e que en moitos casos presenta o sema de [-humano]) provocan que un CD (entidade B) experimente unha vivencia de sorpresa, revelándosenos deste xeito coa función semántica de experimentador (isto é, a propia daquel constituínte que sofre, ou experimenta, un proceso desencadeado por unha forza ou un proceso espontáneo), nunha actividade ou acontecemento que podemos percibir como máis endógeno ou interno á entidade B.

Estariamos neste caso a facer referencia a un enunciado do tipo *¿*?Sorprendeuna que seu pai lle preguntase se lle gustaría ter unha media irmá*, no cal, como xa indicamos, teríamos un suxeito (*que seu pai lle preguntase se lle gustaría ter unha media irmá*) forza –pois que desencadea un acontecemento, pero sen ter control sobre del– e un CD que xa non é paciente, senón experimentador.

Dános a impresión de que ante esa posible disxuntiva, a balanza caería do lado do número de persoas que o interpretarían no primeiro dos sentidos sinalados.

chegase á casa cun ramo de rosas) non dispón de posibilidade ningunha de efectuar unha acción, senón que o que simplemente fai é desencadear ou orixinar un acontecemento.

A conclusión é que, a nivel xeral, o suxeito axente está representado por unha entidade que, como pouco, presenta o sema de [+animado]. E dicimos o de “a nivel xeral” porque, outra volta máis, nos atopamos con que no mundo da lingüística non é tan doado establecer verdades absolutas sen matices nin excepcións ningúnas, como o demostra o feito de que hai ocasións en que o dito suxeito axente está conformado por entidades non animadas:

O coche atropelou un señor no paso de peóns.

O programa informático leva toda a contabilidade.

Mais normalmente nestes casos as ditas entidades non animadas son consideradas, por así o dicir, coma unha extensión dun ente animado e, maiormente, humano: o coche non actúa en por si, senón que é conducido por unha persoa; o programa non é unha entidade que actúa sen máis en por si, senón que está creado ou desenvolvido por algún ser humano que foi quen determinou as súas pautas de actuación.

▪ Mais, ¿cal sería a interpretación que lle daríamos ó enunciado **b**)? Parece que se descartaría a posibilidade dun suxeito axente que externamente provoca nun CD paciente a acción da sorpresa (**Seu pai sorprendeulle preguntándolle se lle gustaría ter unha media irmá*, enunciado que en principio entendemos como agramatical en galego e que só poderíamos interpretar como calco do castelán).

De feito, dá a impresión de que non pouca xente interpretaría este enunciado **b**) no sentido de que alguén (o CD), nunha actividade ou exercicio que se poderían entender como máis internos, endóxeos ou circunscritos a el ca no caso do enunciado **a**), experimenta sorpresa por mor dun acontecemento orixinado ou desencadeado por unha entidade que presenta o sema de [-humano] e a función semántica de forza.

Estariamos a falar, por exemplo, dun enunciado (seguindo na liña do exemplo xa exposto) do tipo de *Sorprendeulle que seu pai lle preguntara se lle gustaría ter unha media irmá*, enunciado no cal nos atopamos cunha entidade A (*que seu pai lle preguntara se lle gustaría ter unha media irmá*) que, exercendo a función sintáctica de suxeito, se nos presenta como non humana e se nos manifesta coa función semántica de forza, isto é, como desencadeante dun acontecemento ou proceso que experimenta ou sofre unha entidade B (o CD experimentador), nunha actividade que parece percibirse como endóxena ou máis circunscrita ó ámbito interno do propio CD.

Se a isto lle engadimos o feito de que o está suxeito está constituído por unha oración e se sitúa secuencialmente tras o verbo⁹, parece que se dá a conxunción de factores perfecta para que o pronome átono que desempeña a función sintáctica de –en principio– CD sexa o dativo (*lle*).

3. Pola súa banda, para o castelán o Panhispánico ten en conta, unha vez máis, os casos en que este verbo funciona como de “afección psíquica” e, polo tanto, pode rexer dativo:

«Cuando significa ‘causar sorpresa’, por tratarse de un verbo de “afección psíquica”, dependiendo de distintos factores (→ [LEÍSMO, 4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: “Ellos quieren sorprenderme con su ciencia, y soy yo quien los sorprende con la mía” (Moix Arpista [Esp. 2002]); “A Elisa **LE** sorprende la infantil pregunta” (Guido Invitación [Arg. 1979]). [...]»

⁹ De se situar antes, como acontecería en *Que seu pai lle preguntara se lle gustaría ter unha media irmá sorprende...*, parece que tanto a opción co pronome átono acusativo (*sorpredeuna*) coma a opción co pronome átono dativo (*sorpredeulle*) non resultarían estrañas ao noso sistema, e que dependería de cada falante inclinarse máis ben por unha ou por outra.

■ **Tranquilizar:**

► **Exemplos:**

- Preguntado por se **lle tranquiliza** que o seu máximo rival para presidir o partido se retirase, contestou que nunca se hai que confiar e que hai que seguir traballando día a día.

- A chamada da directora foi o que máis **lle tranquilizou**.

- Seica o outro día comentaches que **che tranquilizaba** moito saber que a xuíza segue a manter aberta a causa.

- Non sei a quen **lle pode tranquilizar** que digan que a curto prazo a posibilidade de conflito nuclear non se contempla. A min, desde logo, non.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

1. Facer que [alguén] deixe de sentir enfado, excitación ou desacougo.

Tranquilizar a alguén cunha noticia, cunha chamada.

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Poner tranquilo, sosegar a alguien o algo. U. t. c. prnl.

■ **Xiringar:**

► **Exemplos:**

- O que máis **lle xiringa** ó pensamento dominante é que as novas xeracións teñan formación, cultura e capacidade crítica.

- ¡Moito **che xiringa** que che digan que es radical de dereitas!

- ¿A quen non **lle xiringaría** que o marido lle puxese os cornos coa súa mellor amiga?

- A teu pai **xiringalle** moito que a xente diga que só lle imitas a túa nai.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

4. **figurado** Causar molestias, desgusto ou fastío a [alguén]. *Moito nos xiringaba aquela vella cos seus responsos. Non me xiringuedes con máis parvadas das vosas.*

SINÓNIMOS amolar, enfastiar, incomodar, molestar

• **DRAE (“jeringar”):**

[...]

3. **tr. figurado** Molestar o enfadar. U. t. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

Obsérvese que no DRAG aparecen como sinónimos –obviamente, na acepción da que estamos a falar– dous verbos que na propia obra se nos di que son transitivos (**enfastiar** e **incomodar**) e outros dous que se nos presentan como intransitivos (**amolar** e **molestar**). Isto volver incidir na idea, que estamos tentando transmitir no presente traballo, de que a cuestión da transitividade ou intransitividade deste tipo de verbos non é todo terra chá e que amosa as súas arestas, repelos e vacilacións.

2.1.2 Arrequeamento da listaxe anterior de verbos, seguida de exemplos

Volvemos insistir no tema de que a listaxe anteriormente fornecida non conforma unha relación pechada nin conclusa, na medida en que hai outros verbos que presentan comportamentos idénticos ou semellantes.

Daquela, arrequeamos deseguido a dita lista (que así e todo, reiteramos, segue a non ser pechada) con outra nova, e reflectimos, a respecto dos verbos que incluímos nela, cadanseu exemplo:

abraiar, acolloar, alarmar, cabrear, cativar, chamar, defraudar, desencantar, encher, entenrecer, exasperar, fartar, magoar, morder¹⁰, pasmarm, rebentarm, repugnar

- Ó primeiro, cando entrou a dar clase, o que máis **lle abraiou** da escola foi ver todo o politiquero con que se atopou no claustro.
- A Manu si que **lle acolloa** que lle digan a Ana que está namorado dela coma un ollomol.
- O adestrador di que a situación do equipo, a tan só dous puntos dos postos de descenso, polo de agora non **lle alarma**.
- ¡A ver se agora inda **lle vai cabrear** que lle paguen unha copa!
- ¿Que foi o que máis **lle cativou** da súa actual esposa?
- A carne non **lle chama**¹¹ alá gran cousa. Éche máis de peixe e verduras.
- Non **lle defraudou** que non o convidase á voda; **defraudoulle** que non tivese a valentía de lle dar explicación ningunha.
- O que máis **lle desencantou** foi saber que a traizón proviña do seu círculo máis íntimo.
- Antes esas brincadeiras inda lle facían graza, pero agora xa **lle enchen**.
- ¿Non **lle entenrece** ver os seus netiños xogando no parque sen preocupación ningunha?
- Non sei a quen dos dous **lle exasperará** máis a impuntualidade: se a el ou a ela.
- Xa **lle farta** escoitar todos os días as mesmas insinuacións.
- Cada un dóese do que **lle magoa**.
- É normal que haxa xente á que **lle pasmarm** escoitar, en pleno século XXI, comentarios tan machistas e retrógrados.

¹⁰ Neste caso, para nos referirmos ó que poderíamos entender practicamente sempre como unha colocación conformada por «verbo + complemento de persoa + locución substantiva **a curiosidade**»: Tanto **lle mordía** a curiosidade que non se puido resistir e lle mandou un whatsapp.

¹¹ Rechámanos que o DRAG non desenvolva unha acepción intransitiva para este significado de **chamar** do que estamos a dar conta, máxime cando noutras entradas desta mesma obra aparece como sinónimo, por exemplo, de **chistar**, verbo este que si se recolle como intransitivo:

Chistar:

verbo intransitivo

Provocar atracción, agrado ou afecto. **OBSERVACIÓNS:** Emprégase normalmente en frases negativas. *Gústame as paellas, pero o que máis me chista é o arroz con lumbrigante. Non lle chistan nada os seriais de televisión. Aquel rapaz non che me chistaba moito.* **SINÓNIMOS** atraer, **chamar**, gustar, tirar **ANTÓNIMO** deschistar

▪ *Agora xa tanto lle ten, pero de cativa **rebentáballe** que lle dixeran que era filla de tras as silveiras.*

▪ *O presidente manifestou que **lle repugna** que no seu país haxa tantos casos de corrupción política.*

► Mesmo inda se podería engadir, dentro deste primeiro grupo de verbos de afección psíquico-emotiva, outra pequena listaxe formada por verbos que presentan, a maiores, o trazo definitorio do segundo grupo que xebramos no presente traballo e que tratamos no apartado **2.2 Verbos transitivos con complemento de réxime preposicional**, isto é, o de se constrúen, precisamente, con rección dun complemento de réxime preposicional (de aquí en diante, CRP)¹²:

animar, conducir, empuxar (*sinón.*: empurrar), incitar, inducir, levar

• **Animar (a):**

▪ *Dígame vostede: ¿que foi o que **lle animou** a escribir sobre o tema?*

▪ *Agora, tras o finamento do seu home, xa non hai nada que **lle anime** a seguir adiante.*

• **Conducir (a):**

VÉXASE, UNHAS LIÑAS MÁIS ABAIXO, **LEVAR (A)**.

• **Empuxar (a):**

▪ *O que hai que descubrir é que é o que **lle empuxa** a comportarse dun xeito tan agresivo.*

▪ *Foi a súa permanente situación de suplencia o que **lle empuxou** a buscar unha saída do club.*

• **Incitar (a):**

▪ *Ela argumenta que o que **lle incita** a facer o ben é simplemente estar a gusto consigo mesma.*

▪ *¿Que é o que **lles incita** ós asasinos a matar? Pois posiblemente haxa que considerar unha amálgama de factores para o explicar.*

• **Inducir (a):**

▪ *Que o que acabo de contar acerca da miña compañeira non **lle induza**, por favor, a pensar que lle teño incha.*

▪ *Tanta e tanta explicación gratuíta que deu foi o que **lle induciu** á policía a desconfiar dela.*

¹² A decisión de integralos neste primeiro grupo vén dada porque, fronte ó que acontece cos outros verbos do apartado 2.2, estes precisan dun suxeito co trazo semántico de non humano para podermos proceder á pronominalización con dativo, tal e como se pode percibir nos exemplos.

• **Levar (a) # Conducir (a):**

- *A psicóloga comentounos que inda non sabe con certeza que é o que **lle leva** # **lle conduce** á rapaza a actuar así, pero que estaba a facer progresos nese sentido.*
- *Isto pode provocar que na mente do falante se estableza unha relación de analoxía que **lle leve** # **lle conduza** a interpretar o CD como CI.*

2.1.3 Verbos transitivos de afección psíquico-emotiva reticentes en maior medida á rección do clítico dativo

Por outra banda, tamén hai que facer referencia a verbos que, compartindo practicamente todas as características que enunciámos para os que conforman este grupo, parecen máis resistentes, ou menos permeables, ó uso do dativo, coma por exemplo verbos do tipo de **descentrar**, **desconcertar** ou **desconcentrar**.

- *Non **a descentra** que lle digan que a arbitrase non é para mulleres.*
- ***Desconcertouno** # **Desconcentrouno** que ela lle confesase que o neno era fillo seu.*

Non obstante, inda así, en casos en que o elemento que funciona como CD se integra en contextos sintáctica e semanticamente moi asociados á función de CI (coma por exemplo aqueles en que hai un complemento na súa forma plena que aparece precedendo o predicado e introducido pola preposición **a**), si que poden rexer o clítico dativo:

- *¿A quen non **lle descentra** que lle digan que a arbitrase non é para mulleres?!*
- *¿A que home non **lle desconcerta** # **desconcentra** que unha muller lle diga que o neno que a acompaña é fillo del?!*

2.1.4 Verbos de afección psíquico-emotiva que, tratados maiormente como intransitivos nas obras lexicográficas, presentan tamén ocorrencias transitivas

Así mesmo –e confirmando que nos atopamos ante un tema espiñento, esvaradío e de lindes un tanto difusos–, tamén existen casos de verbos que nas obras lexicográficas e normativas de referencia se nos revelan como intransitivos (e con rección, xa que logo, do pronome átono **lle/s**), pero que en certas ocasións poden presentar manifestacións transitivas, coma por exemplo o verbo **agradar**:

■ **Agradar** (como sinónimo de “compracer”):

► **Exemplos:**

- *Crer en Deus Pai significa **agradalo** e facer o ben para o próximo.*
- *¿Que sería ben regalarlle á namorada o 14 de febreiro para **a agradar**?*
- *Eran uns criados que estaban moi apegados ó seu amo e sempre tentaban **agradalo**.*
- *Consciente do que perdeu, agora busca **agradala** o máximo posible para recuperar o seu amor.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE:**

• **DRAG:**

verbo intransitivo

Resultar agradable. *A túa decisión agradoulles a todos.* ANTÓNIMO desagradar CONFRÓNTESE contentar, satisfacer *Agradoulle moito a simpatía da rapaza.* SINÓNIMO compracer ANTÓNIMO desagradar *Non o invitou porque non lle agradaba a súa presenza.* SINÓNIMOS apracer, compracer, gustar, pracer² ANTÓNIMOS desagradar, desgustar

• **DRAE:**

1. **intr.** Complacer, contentar, gustar.

[...]

► **Observacións:**

Cómpre facer notar que estes empregos transitivos (que rexerían, polo tanto, o pronome átono acusativo) esixen un suxeito axente co trazo semántico de [+humano] e, en consecuencia, un CD paciente (ou sexa, un CD que se configura como a entidade afectada ou efectuada polo suxeito paciente).

Fronte a eles, e tal e como, sen ir máis lonxe, se pode observar nos exemplos que reflicte o DRAG, os usos intransitivos materialízanse cun suxeito non axente (*a túa decisión, a simpatía da rapaza* e mais *a súa presenza*, respectivamente) que amosa o trazo semántico de [-humano], e cun CI experimentador (*a todos, [a el ou a ela]* –como CI omitido– e mais *[a el ou a ela]* –tamén como CI omitido–, respectivamente).

De feito, e por máis abastamento, se collemos enunciados coma

- *Os nenos vestiron os seus máis preciosos traxes para **agradar o emperador**;*
- *Anhelaba obedecer a Deus e **agradar o seu corazón**;*
- *A xente servil anda pola vida buscando sempre como **agradar o amo**;*

- *Non podemos merecer doutro modo a felicidade da futura benaventuranza senón adicándonos ó culto da verdadeira fe e **agradando o noso Creador**;*

en que os correspondentes suxeitos (*os nenos, el/ela* –omitido–, *a xente servil* e máis *nós* –tamén omitido–, respectivamente) presentan o sema de [+humano], entendemos que os complementos do verbo **agradar** non se poden considerar CIs, senón CDs:

- *Os nenos vestiron os seus máis preciosos traxes para ***agradarlle ó emperador**.* [PERO SI: **para agradalo**]
- *Anhelaba obedecer a Deus e ***agradarlle ó seu corazón**.* [PERO SI: **e o seu corazón agradar**]
- *A xente servil anda pola vida buscando sempre como ***agradarlle ó amo**.* [PERO SI: **como agradalo**]
- *Non podemos merecer doutro modo a felicidade da futura benaventuranza senón adicándonos ó culto da verdadeira fe e ***agradándolle ó noso creador**.* [PERO SI: **e agradándoo**]

En resumo, atopámonos nos máis dos contextos ante un verbo cuxo suxeito sintáctico parece que presenta, en orixe, o sema de [–humano] e a función semántica de forza (orixina un proceso pero non o controla), pero non de axente (realiza unha acción, controlándoa), e que nas obras lexicográficas de referencia é tratado como intransitivo. Mais esa intransitividade muda –ou, cando menos, pode mudar– cara á transitividade naqueles casos (de presenza bastante máis limitada cós outros) en que o suxeito pasa a ser axente.

2.1.5 Posibles claves para explicar este comportamento

En primeiro lugar, e antes de nos adentrarmos no que poderían constituír certas claves que nos axuden a comprender o comportamento de que estamos a falar, convén deixar claro que non todos os verbos deste grupo presentan o mesmo grao de incidencia na rección do clítico dativo. Así, uns son máis proclives ca outros ó emprego do citado clítico¹³.

Dito isto, observemos os seguintes enunciados:

- a) *Pepe sorprendeu a Sabela ao lle chegar á casa cun ramo de rosas.*

¹³ É posible que esta variación veña dada por diversos factores, coma por exemplo o uso máis ou menos habitual dos ditos verbos ou algunhas das súas características en relación cos estratos sintáctico, semántico e informativo.

b) *Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas sorprendeu a Sabela.*

c) *A Sabela sorprendeu... que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas.*

■ No caso a), se pronominalizamos o CD (*a Sabela*), parece que a única opción válida coa que nos atoparíamos sería coa do pronome átono acusativo (*Pepe **sorpredeuna** ó lle chegar á casa cun ramo de rosas*), e habería que rexeitar a pronominalización con dativo (**Pepe **sorpredeulle** ó lle chegar á casa cun ramo de rosas*), que só se podería explicar como calco sintáctico do castelán.

■ Se imos ó enunciado b) e procedemos a facer a mesma operación da pronominalización, parece que ningunha das dúas opcións sería rexeitable. Xa que logo, entendemos que resultarían admisibles (inda que unhas persoas tirarían máis por unha e outras máis por outra) tanto *Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas **sorpredeuna*** coma *Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas **sorpredeulle***.

Notemos, ademais, que se queremos situar o CD na súa manifestación plena e léxica (isto é, *a Sabela*) nunha posición posterior á do predicado principal, só teríamos dúas posibilidades á hora de nos expresarmos:

1. *Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas **sorpredeu a Sabela.***
2. *Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas **sorpredeulle a Sabela.***

Dado que resultaría inadmisibile a opción de:

3. **Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas **sorpredeuna a Sabela.***

Notemos, ademais, que entre as opcións 1 e 2 mesmo se pode interpretar que existe unha diferenza de matiz no seu significado, nunha liña que pode gardar algo de relación co que comentabamos máis arriba (cando abordamos o tratamento do verbo **sorprender**) acerca da posible diferenza – polo menos, para certos galegofalantes – entre *Sorpredeuno* e *Sorpredeulle*:

- Así, e inda que nestes exemplos non podemos falar en ningún dos dous casos dun suxeito axente, no enunciado 1 (*Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas sorprendeu a Sabela*) parece que se fai maior fincapé en que o acontecemento se orixina ou desencadea desde unha localización totalmente allea e extrínseca ou externa ó CD (*a Sabela*), e acaba por afectar a este; mentres que no enunciado 2 (*Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas sorprendelle a Sabela*) parece que se enfatiza

máis o feito de que nos atopamos ante un acontecemento que se circunscribe maiormente ó foro interno ou á psicoloxía emotiva da propia Sabela, isto é, que se desenvolve no interior de Sabela, na súa psique emotiva (sen prexuízo, por suposto, de que o efecto da sorpresa proveña dun acontecemento externo tamén).

Noutras palabras, dá a sensación de que no enunciado 1, e malia o suxeito (*Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas*) non ser propiamente un suxeito axente na medida en que se trata dunha entidade non humana que non posúe o control do acontecemento que se predica, o CD presenta máis ben a función semántica de paciente, no sentido de ser o constituínte afectado, desde fóra, polo acontecemento provocado polo suxeito; mentres que no enunciado 2 dá a impresión de que o CD se interpreta máis ben como experimentador dun proceso orixinado por unha forza.

• De igual modo, mesmo dá a impresión de que pode haber unha diferenza entre a función informativa que exerce o suxeito nun e noutro enunciado:

- Así, no enunciado 1 parece desempeñar a función informativa máis normal ou habitual nel, isto é, a de tema¹⁴ (ou sexa, o constituínte que o emisor presenta como coñecido ou do que parte para transmitir información nova).

No entanto, no enunciado 2 entendemos que informativamente estaría a funcionar, máis ben, como tópico ou tema marcado, xa que neste tipo de oracións con predicados que denotan unha afección psíquico-emotiva e nos cales o

¹⁴ Aproveitamos para lembrar unha serie de conceptos básicos referentes ás funcións principais do estrato informativo que entendemos relevantes para o que aquí estamos a tratar, e farémolo botando man do que se nos di ó respecto delas na *Gramática da Lingua Galega* de Rosario Álvarez e Xosé Xove, edición de 2002 (páxs. 77 e 78):

«a) *Tema e rema*. O *tema* é o constituínte que o locutor presenta como coñecido ou do que parte para proporcionar unha información; o *rema* é a información nova ofrecida sobre o tema. Nunha oración enunciativa de estrutura informativa non marcada hai, en xeral, unha correspondencia coa orde sintáctica normal Sux.-P, en que o Sux. é o tema e o P, xunto coas demais funcións, é o rema. Nestas condicións dise que o Sux. é un *tema non marcado*:

» [...]»

»b) *Tematización e tema marcado*. Con todo, non é obrigatorio que o tema sexa o Sux. sintáctico e anteposto, pois tamén se pode achegar información respecto doutros constituíntes. A tematización é o proceso polo que o emisor converte en tema un constituínte que na estrutura normal non funcionaría como tal (posto que non é un Sux. sobre o que se fai a predicación); leva consigo o desprazamento para o inicio da oración e a separación nidia por medio de pausas (non sempre marcadas con comas na escrita), de xeito que hai dous bloques entoacionais. Son *temas marcados*, tamén chamados *temas dislocados* ou *tópicos*: [...]»

complemento se manifesta coa función semántica de experimentador, resulta común que o CI vaia colocado ó principio deles, de xeito tal que a organización secuencial «**CI + predicado + suxeito**» se percibe como normal ou habitual:

A Breixo [CI] *gústanlle* [PREDICADO + CLÍTICO DATIVO] *moito* [CC] *os percebe* [SUXEITO].

Á señora [CI] *moléstalle* [PREDICADO + CLÍTICO DATIVO] *que os veciños fagan tanto ruído pola noite* [SUXEITO].

A ningún lle [CI + CLÍTICO DATIVO] *preocupou* [PREDICADO] *en exceso* [CC] *que o veciño do 4º B ameazara con demandar a comunidade* [SUXEITO].

De feito, aplicado ó enunciado do que estamos a falar, a organización secuencial máis habitual –e, xa que logo, non marcada ou menos marcada– sería, posiblemente, a seguinte:

A Sabela sorpredeulle que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas.

Onde temos un CI (*A Sabela*) que presenta o trazo semántico de [+humano] e que desempeña a función informativa de tema (na nosa opinión, non marcado); seguido a continuación dun predicado; seguido pola súa vez dun suxeito que se manifesta co trazo semántico de [-humano] e que desenvolve o rol informativo de rema (isto é, da información nova que se predica acerca do tema).

Tanto é así que volvendo coller o enunciado 2 (*Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas sorpredeulle a Sabela*), observamos que tras a enunciación de *rosas* se adoita facer unha pausa máis marcada ca nun enunciado normal, circunstancia esta que tamén pode ser indicativa de que, malia desempeñar a función sintáctica de suxeito, a secuencia *Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas* desenvolve no estrato informativo o papel de tópico (isto é, de tema marcado).

Mais, ¿ninguén nota nada estraño no que acabamos de comentar? Porque, para quen non se apercibira, cómpre indicar que a secuencia *a Sabela* (así como *á señora* e mais *a ningún* no segundo e terceiro dos exemplos que expuxemos) non sería, cando menos en principio, CI, senón CD¹⁵, pero parece que de xeito subconsciente

¹⁵ Nótese, non obstante, que nas máis das ocasións estes CDs non son susceptibles de desempeñar a función sintáctica de suxeito na voz pasiva, basicamente porque nos achamos ante enunciados que rexeitan esta voz e que máis ben adoitan pedir, para que o CD da activa actúe como suxeito, o que habitualmente coñecemos como “voz media” (isto é, aquela en que o acontecemento designado polo verbo afecta ó elemento que actúa como suxeito gramatical en dous niveis: como orixe, inicio e/ou responsable do dito acontecemento e mais como receptor ou destinatario deste).

Así, ¿poderíamos interpretar como admisibles na norma sintáctica estándar (porque entendemos que o que é habituais ou normais non o serían) construcións do seguinte tipo?:

e intuitivo –e supomos que por mor da analoxía que mentalmente opera en nós a partir doutros enunciados de verbos intransitivos que rexen CI, coma por exemplo o verbo *gustar*, que pode ser un dos máis prototípicos ou referenciais– tendemos a interpretala como CI (de aí, posiblemente, que as máis das persoas leran o anterior parágrafo sen percibiren ningunha anomalía no seu contido e sen caeren na conta de que *A Sabela* actuaría –cando menos en principio– como CD).

Fagamos notar así mesmo, en relación coa inadmisibilidade da opción 3 (**Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas **sorpredeuna a Sabela***), a imposibilidade de reduplicación do CD naqueles casos en que a súa forma plena (ou sexa, a que non se corresponde co pronome átono acusativo) presenta núcleo léxico e se atopa situada en posición secuencialmente posterior a aquela en que iría o pronome átono correspondente¹⁶:

- *Sabela **foi sorprendida** por lle chegar Pepe á casa cun ramo de rosas # porque Pepe lle chegou á casa cun ramo de rosas.*

- *A señora **é molestada** por faceren os veciños tanto ruído pola noite # porque os veciños fan moito ruído pola noite.*

- *Ninguén **foi preocupado** en exceso porque o veciño do 4ª B ameazara con demandar a comunidade.*

Coidamos que se trata de enunciados moi no límite do que se podería considerar “norma estándar” (de feito, e por exemplo, este último entendemos que sería agramatical –referíndonos, é visto, ó sentido que se correspondería co da voz activa, dado que si sería aceptable como equivalente de *ninguén marchou preocupado en exceso...*–), xa que parece que piden, no canto do verbo **ser**, máis ben o verbo **quedar**, tal e como pode percibir con total claridade no primeiro e terceiro casos:

- *Sabela **quedou sorprendida** por lle chegar Pepe á casa cun ramo de rosas # porque Pepe lle chegou á casa cun ramo de rosas.*

- *Ninguén **quedou preocupado** en exceso porque o veciño do 4ª A ameazara con demandar a comunidade.*

Todo o cal o hai que ligar co feito de que eses CDs orixinais se nos revelan coa función semántica de **experimentador**, función que seguen a conservar inda que sintacticamente pasen a ser suxeitos (así, e tomando como modelos estes dous últimos exemplos, tanto *Sabela* coma *ninguén* presentan a función semántica de experimentadores de cadanseu proceso que nin é voluntario nin controlan, e non a de axentes de cadansúa acción que é voluntaria e si controlan).

¹⁶ En relación con este comentario, coidamos que tampouco estaría de máis realizar unha serie de apreciacións:

► Nótese que si serían susceptibles de reduplicación –con esas condicións de posterioridade da forma plena respecto do clítico– certos casos en que o CD non presenta núcleo léxico, coma por exemplo aqueles en que está constituído por:

a) Un pronome tónico, xa que este require ser dobrado polo correspondente pronome átono. Ex.: *Atopámo**las a elas** onte pola noite*, e non **Atopámo**a elas** onte pola noite*;

b) Algúns indeterminados do tipo de **un(s)/unha(s)**, **algún(s)/algunha(s)**, **moitos/a(s)**, **todo(s)/(a)s** e semellantes. Exs.: *Trátana **a unha** coma se fose parva & Chámanas **a algunhas** onda a directora por unha perrechada, pero a outras, por moito que fagan, non lles pasa nunca nada & Quérenvos **a moitos** fóra da circulación para así poder facer o que lles peta & Cómprano **todo** a prezo rebaxado & etc.*

**Comino o pan.*

No entanto, esa reduplicación si que é típica do CI (e mesmo diríamos que en certos casos, practicamente obrigada) cando no enunciado aparece este na súa forma plena:

Compreille [CI PRONOMINALIZADO] *o coche* *a un señor de oitenta anos que o tiña parado*
[CI NA SÚA FORMA PLENA CON NÚCLEO LÉXICO].

▲ DAQUELA, E UN POUCO A XEITO DE RESUMO DO QUE ACABAMOS DE COMENTAR, PODERIAMOS FACER AS SEGUINTES APRECIACIÓN S PARA EXPLICAR A PRESENZA DO PRONOME

► Se a forma plena do CD presenta núcleo léxico, só sería posible que aparecese o pronome átono de CD antecedendo a dita forma plena naqueles supostos en que esta se enunciase cun sentido aclaratorio ou de concreción (co cal poderíamos dicir que non estaríamos realmente ante unha reduplicación, nunha interpretación rigorosa deste termo). Ex.:

Comino, o pan.

{Por exemplo, nun contexto en que o emisor di *Comino* e case a seguir, ó intuír que o receptor ou receptores poden non saber que é aquilo a que se está a referir, o aclara concretando a dita referencia... Mesmo, ó se tratar de enunciados entre os cales a pausa que se produce é máis acusada do habitual, se podería nalgún caso interpretar que o pronome átono CD e o CD na súa forma plena léxica non formarían parte estritamente da mesma unidade enunciativa ou oracional, o que se podería representar na escrita mediante outros signos de puntuación que establezan a división entre ambos:
Comino... o pan. # Comino: o pan. # Comino; o pan. # Comino. O pan. }

► Ademais, a reduplicación do CD tamén é posible noutros contextos, pero sempre que a forma plena apareza antes có pronome átono, tanto que fagamos unha pausa intensa –marcada na escrita cunha coma– coma que non a fagamos:

O pan, comino.

O pan comino.

► Alén do dito, nalgúns casos (pouco comúns, asociados a contextos de uso coloquiais e que posiblemente linden no que as institucións normativas poidan considerar como gramaticalmente aceptable dentro da norma) tamén se dá a reduplicación do CD [+humano], en situación de posposición á do clítico, con certos verbos de tipo causativo, como **deixar** ou **mandar**:

¡Déixaos ós cativos ir á festa, ho, que estiveron todo o día axudando na herba seca!

O paisano mandouno á merda ó policía e, ademais, tentou lascarlle unha hostia, así que o detiveron e o meteren no coche patrulla.

Non sería de estrañar que estes últimos casos poidan estar influenciados polo feito de que se trata de verbos causativos susceptibles de rexer, neses mesmos contextos, un clítico dativo en función de CI, co cal a reduplicación xa se consideraría normal:

¡Déxalles ós cativos ir á festa, ho, que estiveron todo o día axudando na herba seca!

O paisano mandoulle ó policía que fora á merda, e ademais tentou lascarlle unha hostia, así que o detiveron e o meteron no coche patrulla.

ÁTONO DATIVO DESEMPEÑANDO A FUNCIÓN SINTÁCTICA DO –EN PRINCIPIO– CD:

► 1) POLO QUE ATANGUE Ó –EN PRINCIPIO– CD.

Parece que o constitúinte que en principio actúa na oración como CD pasa a adquirir algunhas características máis propias da función sintáctica de CI, ou que se identifican máis ben co CI:

a) Desde un enfoque basicamente asociado ó estrato sintáctico:

- É introducido, se non obrigatoriamente, si moi habitualmente, pola preposición **a**.

- Admite a súa reduplicación mediante a aparición da forma pronominal átona e mais da forma plena con núcleo léxico (p. ex.: *Xa de pequena lle* [FORMA PRONOMINAL ÁTONA] *aburría a túa irmá* [FORMA PLENA CON NÚCLEO LÉXICO] *ver a televisión* && *Xa de pequena a túa irmá* [FORMA PLENA CON NÚCLEO LÉXICO] *lle* [FORMA PRONOMINAL ÁTONA] *aburría ver a televisión*).

- Se o pasamos a un enunciado en que, fornecendo unha información equivalente á da voz activa, funcione como suxeito sintáctico, o dito enunciado corresponderíase principalmente coa voz media, e non coa voz pasiva (véxase a nota a pé número 15).

b) Desde un enfoque basicamente asociado ó estrato semántico:

- Presenta, cando menos en orixe, o trazo semántico de [+humano].

Tamén pode presentar o de [+humanizado] nos casos daqueles constituíntes que denotan entidades ás que se lles imprime un carácter de personificación (p. ex.: *O pulo nacionalizador afectou ás empresas* [ENTIDADE PERSONIFICADA] *de menos de vinte traballadores*).

E, como pouco, debería presentar o de [+animado]: *Ó gato* [ENTIDADE ANIMADA] *afectoulle positivamente que lle trouxeramos unha parella*.

- Presenta a función semántica de experimentador¹⁷, non de paciente.

c) Desde un enfoque basicamente asociado ó estrato informativo:

- Aparece en moitos contextos en posición inicial de enunciado como tema non marcado, na medida en que, polo que atangue a estes verbos de afección psíquico-emotiva, a disposición informativa non marcada –no senso de que posiblemente sexa a utilizada con maior frecuencia– é a que principia polo complemento (apareza este expreso no enunciado ou non) e remata co suxeito.

{De feito, naqueles casos en que se manifesta deste xeito (p. ex.: Á mestra [CD en posición inicial como tema non marcado, isto é, como constituínte coñecido ou do que se parte para fornecer información nova] *moito lle molesta que fagan balbordo na clase*), a posibilidade de empregar o pronome átono acusativo parece que se ve –en maior ou menor medida, en

¹⁷ Esta función semántica poderíamola vincular co que no Panhispánico se comenta, en relación co tema do leísmo en castelán, sobre a voluntariedade da acción denotada polo verbo:

«[...] Los verbos llamados de “afección psíquica” –los que designan procesos que afectan al ánimo o producen acciones o reacciones emotivas, como *afectar, asustar, asombrar, convencer, divertir, impresionar, molestar, ofender, perjudicar, preocupar*, etc.–, dependiendo de distintos factores, admiten el uso de los pronombres de acusativo *-lo(s), la(s)-* y de los pronombres de dativo *-le(s)-*. La elección de unos u otros depende básicamente de si el sujeto es o no agente activo de la acción y **del grado de voluntariedad que tiene o se le atribuye con respecto a la acción designada por el verbo**: si el sujeto es animado y se concibe como agente de la acción, el complemento verbal suele considerarse directo y se usan los pronombres de acusativo (*A mi madre LA asombro cuando como mucho*); si el sujeto es inanimado o es una oración y, por tanto, no puede ser concebido como agente directo de la acción, el complemento se considera indirecto y se usan los pronombres de dativo (*A mi madre LE asombra mi apetito*). Por otro lado, con sujetos animados puede darse también esta alternancia, dependiendo de si la acción denotada por el verbo es realizada voluntariamente o no por el sujeto: *Su padre, que se había disfrazado, LO asustó* (le dio un susto a propósito) / *Su padre, que se había disfrazado, LE asustó* (el susto es involuntario; lo causa el hecho de ir disfrazado). [...]»

Daquela, esta voluntariedade, levada ó eido da funcionalidade semántica dos constituíntes sintácticos, traduciríase, en trazos xerais, en que o suxeito sintáctico funciona como axente naqueles casos en que ten a voluntariedade de realizar a acción, mentres que o fai como forza naqueloutros en que o acontecemento ou proceso non se orixina dun xeito voluntario (así, e en consecuencia, o CD é paciente no primeiro suposto comentado e experimentador no segundo):

Su padre [SUXEITO AXENTE], *que se había disfrazado, lo* [CD PACIENTE] *asustó*.

Su padre [SUXEITO FORZA (orixina o acontecemento, mais non o controla, pois asusta de xeito involuntario, sen querer)], *que se había disfrazado, le* [CD EXPERIMENTADOR] *asustó*.

función do verbo en cuestión– reducida, e que mesmo nalgún ca noutro caso podería lendar no que se consideraría normativamente agramatical (*¿*?Á mestra moito **a** molesta que fagan balbordo na clase*).

Nótese, neste sentido, que a posibilidade de empregar o clítico acusativo adoita percibirse como algo máis corrente ou común nos contextos en que o CD, na súa forma plena, vai posposto ó suxeito (e, normalmente, ó verbo):

A súa actitude de entrega nos partidos [SUJEITO] *nunca **decepciona*** [VERBO] *a/á adestradora* [CD]. → *A súa actitude de entrega nos partidos nunca **lle** decepciona*
*nunca **a** decepciona*.

Non obstante, se o CD vai anteposto ó suxeito (e, normalmente, ó verbo), parece que a presenza do acusativo se percibe como un tanto máis forzada e menos usual:

*Nunca **lle** decepciona a súa actitude de entrega nos partidos*. PERO PARECE QUE RESULTA MENOS HABITUAL: *Nunca **a** decepciona a súa actitude de entrega nos partidos*.}

Xa que logo, parece que se podería tirar a conclusión de que en función dunha serie de particularidades asociadas á estrutura sintáctico-semántico-informativa da oración, e que afectan ó constituínte que en orixe desempeña a función sintáctica de CD, pode variar a porcentaxe de posibilidades (porcentaxe que tamén vai depender do verbo de que se trate, pois non todos presentan un comportamento idéntico) de que apareza o dativo ou o acusativo para pronominalizar o dito constituínte.

► 2) POLO QUE ATANGUE Ó SUXEITO.

O **suxeito** da oración maniféstase, ou adoita manifestarse, cuns trazos concretos:

a) Desde un enfoque basicamente asociado ó estrato semántico:

- Presenta o trazo semántico de [-humano].
- En correspondencia co dito trazo semántico, non é un suxeito axente, non exerce a función semántica de axente.

Ademais, dá a impresión de que pode existir unha lixeira maior tendencia a empregar o pronome dativo átono naqueles casos en que o suxeito está constituído por unha oración: así, parece haber máis inclinación ó uso do dativo en *Que dixeras esas palabras en público* [SUJEITO] *sorprendeulle* [tamén

sorprendeuno] ca en *As túas palabras en público* [SUXEITO] *sorprendérono/a* # *sorprendéronlle*.

b) Desde un enfoque basicamente asociado ó estrato informativo:

- O uso do clítico dativo parece que é máis acusado naqueles casos en que o suxeito se atopa posposto ó predicado (e normalmente tamén ó complemento na súa forma plena, tanto que o dito complemento estea expreso coma que se sobreentenda).

Así, se o suxeito antecede ó predicado:

Que dixeras esas palabras en público sorprendeulle [tamén: *sorprendeuno*].

Que dixeras esas palabras en público, ó xefe sorprendeulle [tamén: *ó xefe sorprendeuno*].

Pero se o suxeito vai despois do predicado:

Sorprendeulle que dixeras esas palabras en público [menos común: *¿?Sorpredeuno que dixeras esas palabras en público*].

{A explicación a este comportamento é posible que radique no feito de que, por analogía coas construcións máis habituais na lingua, en que o constituínte que segue ó verbo é moitas máis veces o CD có suxeito, o falante, de xeito inconsciente e intuitivo, tenda a interpretar este último como CD... e como consecuencia disto, o orixinal CD –que, lembramos, presenta o trazo semántico de [+humano], trazo característico do CI– pasa a ser interpretado como CI.}

Esta tendencia agudízase bastante máis se no enunciado aparece reflectido o complemento na súa forma plena:

Ó xefe sorprendeulle que dixeras esas palabras en público [*¿?Ó xefe sorpredeuno que dixeras esas palabras en público*].

Sorprendeulle ó xefe que dixeras esas palabras en público [*¿????Sorpredeuno ó xefe que dixeras esas palabras en público*].

E se, ademais, o referido complemento está formalmente constituído pola preposición «**a** + certos elementos indefinidos ou interrogativos (entre outros) do tipo de **alguén, ninguén** ou **quen**», case parece descartable, e mesmo diríamos que en non poucos casos é directamente inadmisibile desde un punto de vista de norma, a opción do pronome acusativo:

*¿A **alguén lle sorprende** que dixera esas palabras en público? vs. ¿*??¿A **alguén o sorprende** que dixera esas palabras en público?*

*¿A **quen lle sorprende** que dixera esas palabras en público? vs. *¿A **quen o sorprende** que dixera esas palabras en público?*

*A **ninguén lle sorprende** que dixera esas palabras en público. vs. ¿*??¿A **ninguén o sorprende** que dixera esas palabras en público.¹⁸*

► 3) POLO QUE ATANGUE A ESTE TIPO DE VERBOS.

Pola súa banda, este tipo de verbos, que estamos a denominar como “de afección psíquico-emotiva”, comparten tamén unha serie de trazos:

a) En directa conexión co que indicabamos na letra b) do anterior apartado 1, teñen un CD semanticamente [+humano] en orixe. Ou, en todo caso, un CD [+humanizado] ou [+animado], tal e como se explicaba no dito apartado.

{¿A que nos leva que o CD teña o trazo de [+humano] ou [+humanizado]? Pois, sacándolle un pouquechiño de punta, podemos pensar que nas construcións máis comúns na fala, este trazo semántico identifícase máis ben co CI (en principio, aquel que recibe o resultado da acción) ca co CD (en principio, o obxecto paciente da acción). Isto pode provocar que na mente do falante se estableza unha relación de analogía que o/lle leve a interpretar o CD como CI, de aí que na substitución pronominal utilice o dativo.

Se a isto lle engadimos un suxeito non animado e non axente, e que moitas veces aparece en posición posterior posverbal e secuencialmente posposto ó dito complemento, non é difícil pensar que ese suxeito pase a ser reinterpretado como CD (non animado e posverbal son trazos característicos dun CD nas construcións que podemos considerar como máis comúns: *Estou a ler **un libro** # Puxéronnos **fabada** de primeiro # Comprou **un pantalón** # Etc.*). De feito, non resulta raro observar como non pouca xente, nunha construción como *Á oposición non lle convenceu a explicación do Goberno*, analiza sintacticamente *á oposición* como CI e *a explicación do Goberno* como CD¹⁹.

¹⁸ De feito, se collemos a listaxe destes verbos de afección psíquico-emotiva e os inserimos en enunciados que comezan por estas secuencias das que estamos a falar (*a alguén, a ningúen, a quen*), observaremos que practicamente todos eles piden a aparición do clítico dativo. En todo caso, algúns poderían prescindir da manifestación expresa do dito clítico, pero parece que ningún, ou case ningún, admitiría a aparición do pronome átono acusativo.

¹⁹ Preguntámonos se detrás do feito de que o DRAE reflecta o verbo **estorbar** como transitivo e que na propia entrada faga constar –tal e como apuntamos un pouco máis adiante ó abordar o tratamento deste verbo– a locución *estorbarle a alguien lo negro* (locución na cal, seguindo as pautas que acostuma adoptar a RAE, deberíamos entender que ese **le** funciona como CI, polo que nos atoparíamos ante un emprego intransitivo de **estorbar**), haberá unha lectura rápida neste sentido.

Poderíamos, daquela, suscitar a hipótese de que nos atopamos ante un fenómeno de analoxía (tanto no estrato sintáctico coma no semántico e, en determinados contextos, tamén no informativo) no que se toma como referencia a construción máis habitual na lingua, de aí que se produza coma unha especie de translación, transvasamento ou osmose de actantes na mente do falante, fenómeno que provoca que o suxeito pase a se interpretar como CD e este como CI²⁰.}

b) Trátase de verbos que implican ou expresan sentimentos, emocións ou impresións da entidade extralingüística a que nos remite o constituínte que desempeña a función sintáctica de CD.

{Isto tamén nos podería levar a suscitar a posibilidade ou hipótese –neste caso posiblemente máis remota e de carácter máis dubidoso e incerto cá anterior, pero que outra volta máis pivota sobre o fenómeno da analoxía lingüística– de que talvez o falante, na súa mente e de modo intuitivo e subconsciente, estableza unha relación analóxica entre estes verbos e dous verbos intransitivos (polo tanto, sen CD, pero con CI) que quizais se poden ter como paradigmáticos da expresión dos anteditos sentimentos e sensacións: os verbos **gustar** (revela un sentimento ou sensación de carácter positivo) e **doer** (espreme un sentimento ou sensación de carácter negativo):

*A Sabela **gustoulle** # **doeuille** que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas.* }

c) Por outra banda, tamén é de facer notar que gran parte destes verbos presentan un comportamento idéntico –e particular en comparanza co resto de verbos– se os enunciados en que se insiren os pasamos a expresar cunha construción causativa.

Así, se o constituínte que actúa como CD na organización non causativa o queremos pasar a suxeito da causativa, este tipo de verbos maniféstase a través da súa forma pronominal (o cal entendemos que o hai que pór en relación co tema da voz media do que xa falamos na nota a pé número 15), feito que non acontece cos outros.

²⁰ Analoxía que resulta moi obvia e evidente naqueles casos en que o enunciado comeza coa preposición **a** seguida do, en principio, CD, nos cales a tendencia superxeneralizada é a interpretar este CD como CI e, en consecuencia, a empregar o pronome dativo:

*A **ninguén lle** incomoda que lle boten cumprimentos.*

*¿A **quen lle** preocupa o que un pailán coma ese poida dicir?*

*A **alguén** na casa **lle** tivo que asustar ese estrondo.*

Etc.

Vexámolo máis polo miúdo cuns exemplos:

[NON CAUSATIVA]: *Pepe acusou a Sabela* [CD].

[CAUSATIVA]: *Pepe fixo que Sabela* [OU SEXA, O QUE NA CONSTRUCCIÓN NON CAUSATIVA ERA CD PASÁMOLO AGORA, NA CAUSATIVA, A SUXEITO] *fose acusada* [O VERBO PASA A SER USADO NA VOZ PASIVA].

O mesmo acontecería con outros verbos que non forman parte do grupo que aquí estamos a ver:

[NON CAUSATIVA]: *Pepe loou # ameazou # maltratou # acariñou # aprobou # suspendeu # insultou... a Sabela*.

[CAUSATIVA]: *Pepe fixo que Sabela fose loada # ameazada # maltratada # acariñada # aprobada # suspendida # insultada # ...*

No entanto, se botamos man dos verbos de “afección psíquico-emotiva” ós que nos estamos a referir:

[NON CAUSATIVA]: *Pepe, co seu xeito de actuar, sorprendeu a Sabela* [CD].

[CAUSATIVA]: *Pepe, co seu xeito de actuar, fixo que Sabela* [O QUE NA CONSTRUCCIÓN NON CAUSATIVA ERA CD PASÁMOLO AGORA A SUXEITO] *se sorprendese* [VERBO UTILIZADO NA SÚA FORMA PRONOMINAL].

Fenómeno que, como dicimos, comparten os máis destes verbos:

Pepe, co seu xeito de actuar, fixo que Sabela se aburrise # se aflixise # se alegrase # se amolase # se anoxase # se apaixonase # se asombrase # se asustase # se cansase # se conmovese # se convencesese # se decepcionase # se desgustase # se divertise # se enfadase # se entusiasmasse # se estremecese # se estresase # se excitase # se fastidiase # se ilusionase # se incomodase # se intranquilizase # se irritase # se molestase # se motivase # se ofendese # se preocupase # se tranquilizase.

{Isto parece ter relación co feito, xa comentado reiteradas veces, de que o constituínte que en principio funciona como CD na construción non causativa (no exemplo que do que estamos a partir, *a Sabela*) actúe no estrato semántico co rol de *experimentador*²¹, rol este que segue a desempeñar, inda que agora partindo da función sintáctica de suxeito, na construción causativa: así, nas oracións [...] *Sabela se aburrise # se aflixise # se alegrase # etc.*, o constituínte suxeito *Sabela* presenta a función semántica de

²¹ Que –volvémolo lembrar– tomando a definición que se dá na *Gramática da Lingua Galega* de Rosario Álvarez e Xosé Xove, «é a entidade que sofre un proceso, desencadeado por unha forza ou espontáneo».

experimentador dun proceso que nin é voluntario nin controla, e non de axente dunha acción que é voluntaria e que si controla.

De igual xeito, garda íntima conexión co tamén xa expresado na nota número 15 de que nos achamos ante CDs maiormente non susceptibles de cumprir a función sintáctica de suxeito na voz pasiva (función que si cumpren os CDs máis “comúns”, por os denominar dalgún xeito), na medida en que para desempeñaren a dita función sintáctica, as oracións en que se integran adoitan rexeitar a voz pasiva e reclamar a voz media.}

2.1.6 Algúns outros verbos que sen seren realmente de afección psíquico-emotiva, amosan un comportamento análogo

Alén destes verbos de afección psíquico-emotiva, hai algúns outros que sen compartiren o trazo básico que define e particulariza estes (ou sexa, o de que denotan procesos que afectan o ánimo ou que provocan accións ou reaccións emotivas), cadran con eles en certos aspectos que fan que se porten dun xeito análogo en relación co fenómeno de que estamos a tratar: falamos de aspectos tales coma o de que designan un proceso (non, xa que logo, unha acción) ou o de que presentan un suxeito co trazo semántico de non animado e mais un CD coa función semántica de experimentador.

Entre eles encóntrase un grupo que a nivel xeral, e nas acepcións das que aquí estamos a dar conta, dá a entender unha mudanza ou alteración, de carácter estático –no senso de que non implica movemento no ámbito externo–, no estado, situación ou condición do CD, grupo do que a seguir fornecemos unha pequena listaxe (coma sempre, non pechada):

asistir, beneficiar, estorbar, favorecer (e mais desfavorecer), matar, prexudicar ²² , salvar

2.1.6.1 ■ Exemplos de cada un deles

²² Tamén poderíamos engadir a esta lista o verbo **penalizar** naqueles casos en que é utilizado co significado –non recolleito no DRAG nin no DRAE– de, botando man da definición do *Michaelis* en liña, “Colocar en desvantagem, causar dano e prejuízo a” (sinónimo, xa que logo, cando menos de xeito contextual, de *prexudicar*). Ex.:

Ó equipo o que lle está a penalizar nas últimas xornadas é a falta de contundencia nas dúas áreas.

■ *Tratamento que se lles presta no Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) e mais no Diccionario de la Real Academia Española (DRAE)*

■ *Observacións, naqueles casos en que se considera procedente*

■ **Asistir:**

► **Exemplos:**

- Neste caso é á mestra, e non á ANPA, a quen **lle asiste** toda a razón.
- Claro que **lle asiste** a vostede o dereito a reclamar.
- Como non podía ser menos, ó detido **asístelle** a presunción de inocencia.
- Sexa como for, á interesada **asístelle** a posibilidade de acudir ó Servizo de Reclamación da Comisión Nacional de Valores.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo **intransitivo**

[...]

3. [Algo] ser favorable ou pertencer a alguén. *Asístelle o dereito a recorrer. Asístelle a razón.*

verbo **transitivo**

[...]

5. Ser favorable a [alguén] algunha cousa. *Asísteme a razón.*

• **DRAE:**

[...]

6. **tr.** Dicho de la razón, del derecho, etc.: Estar de parte de alguien.

[...]

► **Observacións:**

1. Antes de nada, convén comentar que no decurso do tempo transcorrido entre o comezo e o final do presente traballo, o DRAG mudou o contido desta entrada, xa que chapodou a acepción 3 intransitiva da que estamos a dar conta e engadiu un novo exemplo (*Asísteo o dereito.*) na acepción 5 transitiva, que agora, unha vez suprimida a acepción 3, queda como acepción 4.

É visto que nós, fronte ó que se propugna no DRAG, e seguindo as premisas expostas neste traballo, defendemos sen dúbida a corrección (e mesmo a priorización) da rección do clítico dativo.

Sexa como for, imos manter as observacións que tiñamos redactadas antes de que producise a referida mudanza, incluíndo, polo tanto, aquelas en que faciamos referencia á antiga información que se fornecía nesta entrada do DRAG.

2. Sen profundarmos moito na maior ou menor fortuna das definicións para estas acepcións que nos interesan (que basicamente veñen a incidir en que alguén ten da súa parte, ou ó seu favor, algúns elementos –nomeadamente a razón ou o dereito– que presentan, entre outros trazos semánticos, o de non animado), se lle botamos un ollo ó DRAG, o que directamente rechama é que a acepción 3 e mais a acepción 5 –malia que non cadren literalmente as palabras das respectivas definicións– veñen a ser mesma, só que a primeira delas se nos presenta cun comportamento ligado á intransitividade e a segunda cun comportamento transitivo... o que vén a incidir outra volta máis, e como xa temos reiterado, en que o tema que estamos a tratar presenta non pouca complexidade.

3. Polo que atangue ó manexo que o DRAE fai deste verbo na acepción que nos interesa, vemos que simplemente nos manifesta que se trata dunha acepción transitiva, sen máis. Daquela, baseándonos nesta información (e inda máis tendo en conta que no Panhispánico non se aborda o verbo **asistir**, co cal queda rabenada, fronte ó que ocorre con varios dos verbos de afección psíquico-emotiva xa vistos, a posibilidade de que este rectifique ou matice a información do DRAE), cumpriría entender que secuencias do tipo de *lo/la asiste la razón* ou *lo/la asiste el derecho* non soamente son admisibles nesta lingua, senón que serían as normativamente consideradas correctas... e en principio, polo tanto (reiteramos: partindo exclusivamente da información fornecida no DRAE), secuencias como *le asiste la razón* ou *le asiste el derecho* constituirían, cando menos naquelas ocasións en que o referente do complemento sexa unha persoa de sexo feminino, casos de leísmo.

Non obstante, e en contraposición a isto, vemos que botando unha simple ollada a algún buscador da Rede (Google, neste caso) podemos comprobar que nas ditas secuencias o número de ocorrencias co pronome dativo **le** supera, ben ás cheas, o número de ocorrencias con presenza dos clíticos **lo** ou **la**:

le asiste la razón: 212.000 resultados

vs.

lo asiste la razón: 2.880 resultados

la asiste la razón: 1.840 resultados

le asiste el derecho: 376.000 resultados

vs.

lo asiste el derecho: 4.740 resultados

la asiste el derecho: 1.580 resultados

Semella, daquela, que o uso real non se axusta ó que se propugna na obra normativa de referencia do idioma castelán (así como tamén nas máis das obras lexicográficas que teñen como obxecto esta lingua).

Abundando inda un pouco máis no tema de se o que se ten por normativamente correcto en castelán é o uso transitivo ou intransitivo –ou, visto desde outro enfoque, a rección do clítico acusativo ou do clítico dativo, respectivamente–, velaquí a seguinte pregunta: ¿consideraríanse realmente admisibles na norma estándar castelá secuencias de voz pasiva como ¿*?el imputado es asistido por el derecho a declarar ou ¿*?la madre es asistida por la razón en la controversia que tuvo con su hija? Obviamente, non somos quen para nos definirmos acerca do que se tería por normativamente aceptable ou non aceptable, que para iso están as instancias pertinentes, pero sexa como for o que parece claro é que, como pouco, en ambos os casos nos atopamos ante secuencias de pouca ocorrencia real e que, cando menos a nós, nos soan un tanto estrañas.

4. Coidamos que neste caso nos encontramos, ademais (e isto cremos que sería predicable tanto para o galego coma para o castelán), ante un suposto un tanto diferente ós xa tratados en relación cos verbos de afección psíquico-emotiva, e non só porque **asistir** sexa un verbo que non presenta este carácter, senón porque se revela con algunhas peculiaridades que nos poderían facer pensar se realmente nos atopamos, nesta concreta acepción, cun verbo de comportamento transitivo:

- Como vimos un pouco máis arriba, trátase dun verbo cuxo réxime co pronome clítico acusativo resulta máis ben residual en castelán... e inda que non dispomos de datos fiables en galego, dános que a cousa debe de andar máis ou menos polo mesmo camiño (cando menos, así o indican as poucas probas que puidemos facer ó respecto con xente galegofalante).
- Como tamén xa adiantamos con anterioridade, ¿estamos realmente, tal e como acontece coa maioría dos verbos que amosan un comportamento transitivo, ante un verbo que permite a súa utilización na voz pasiva co CD da activa funcionando como suxeito? Ou

sexa, ¿entenderíamos como aceptable en galego un enunciado do tipo de *¿*??O imputado é asistido polo dereito a declarar?*

Ou, como pouco, e recorrendo á posibilidade (dun xeito semellante ó que vimos que sucedía cos verbos de afección psíquico-emotiva) de que o CD funcione como suxeito en enunciados de voz media, ¿entenderíanse aceptables enunciados como *¿*??O imputado queda asistido polo dereito a declarar* ou *¿*??A nai queda asistida pola razón na controversia que tivo coa súa filla?*

• Como xa indicamos no punto 2.1.5, os verbos transitivos de afección psíquico-emotiva (e os que estamos tamén a ver neste punto 2.1.6) presentan a tendencia a pronominalizar o seu CD con dativo naqueles casos en que:

- O suxeito é non axente, presentando practicamente sempre o sema de [-humano] ou, como pouco, de [-animado].
- O CD posúe a función semántica non de paciente, senón de experimentador.
- O CD principia enunciado (ou, cando menos, precede secuencialmente ao predicado) sen se configurar como tema marcado, mentres que o suxeito vai despois do predicado.²³

Mais se estas circunstancias non se daban, ou no caso de se daren as, por así o dicir, “contrarias” (suxeito axente, CD paciente, CD posterior ó predicado), o clítico empregado era practicamente sempre o correspondente á función de CD, isto é, o acusativo.

Xa que logo, neste sentido, vemos que eses verbos de afección psíquico-emotiva poden presentar diversas configuracións no estrato semántico e informativo.

Sen embargo, fronte a todos eles, asistir (reiteramos, con este significado) materialízase, diríamos que practicamente no cen por cento das súas ocorrencias, coas características que determinan o emprego do pronome dativo (ou que fan que haxa unha tendencia acusada cara a ese emprego):

- Suxeito non axente e co sema de [-humano], dado que nos máis dos casos o suxeito está conformado por locucións substantivas do tipo de “o dereito” ou “a razón”, e en menor media por outras locucións substantivas que presentan tamén esas mesmas características.

²³ Características todas elas que reúne o verbo **asistir** cando presenta o significado do que aquí estamos a dar conta, significado co cal non denota nunca unha acción, fronte ó que ocorre con outras acepcións transitivas deste mesmo verbo nas que si hai un suxeito axente que controla unha acción e mais un CD paciente que é afectado por esa acción, como acontece, por exemplo, no enunciado O persoal médico [SUJEITO AXENTE] asistiuno [CD PACIENTE] durante uns minutos no propio terreo de xogo.

- CD non paciente, senón experimentador (no sentido de que experimenta ou participa nunha determinada situación: experimenta que a razón, o dereito... estea da súa parte).

- Non en todas, pero si nas máis das ocasións, e no caso de estar efectivamente expreso no enunciado, o constituínte que –se partimos de que nos achamos ante un verbo transitivo– sería o CD vai en posición inicial, ou cando menos en posición que antecede ó predicado e mais ó suxeito.

En definitiva, e resumindo: se practicamente sempre –ou, cando menos, na maior parte das súas manifestacións– esta acepción do verbo **asistir** se plasma coas referidas peculiaridades, residualizando ademais o emprego do clítico acusativo, ¿atopariámonos realmente ante un comportamento transitivo, ou máis ben habería que considerar que nos achamos ante unha construción de réxime intransitivo?

Aí queda suscitada a cuestión, pero, por exemplo, en portugués téñeno directamente por un verbo intransitivo. Vexamos, por exemplo, o que se recolle no *Dicionário Houaiss da língua portuguesa* (de aquí en diante, Houaiss):

assistir [...] 6. t.i.²⁴ ser da competência ou atribuição de (alguém); caber, competir, pertencer <diante do ocorrido, assiste-lhe o direito de reclamar>

E, se igual que fixemos anteriormente, procuramos na Rede as ocorrencias que para o idioma portugués se nos mostran co pronome dativo e as que se nos mostran co pronome acusativo, obtemos o seguinte resultado (neste caso amosamos soamente aquelas en que o suxeito é a locución substantiva “o direito”, xa que con “a razão” aparecen bastantes menos para calquera das situacións):

lhe assiste o direito: 54.600 resultados

vs.

o assiste o direito: 2.320 resultados

a assiste o direito: 1.840 resultados

²⁴ Trátase da abreviación de *transitivo indireto*, que, recollendo a acepción que desta locución se fornece no propio Houaiss, fai referencia ó verbo (ou á acepción do verbo) que *necessita de objeto indireto para formar uma frase com sentido completo*.

■ Beneficiar:

► Exemplos:

- Ó Deportivo **beneficialle** que na última xornada gañe o Lugo.
- A Sara, practicar deporte encántalle, e ademais sabe que **lle beneficia**.
- O que está claro é que neste momento ó Celta non **lle beneficia** que o partido se converta nun ida e volta.
- O que máis **lle beneficiaría** a esta planta é situala nun lugar onde lle poida dar o sol durante moitas horas.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Ser bo ou beneficioso para [algo ou alguén]. *A túa actitude non nos beneficia. As guerras non benefician a ninguén. A chuvia beneficia as terras de cultivo. O proxecto beneficiará a nosa comunidade.* SINÓNIMO favorecer [...]

[...]

• DRAE:

1. **tr.** Hacer bien a alguien o a algo. U. t. c. prnl.

[...]

► Observacións:

1. Non sabemos ata que punto podería haber aquí unha certa influencia do latín medieval, na medida en que o antecedente latino-medieval deste verbo rexía xa dativo.

Tampouco sería descartable, para axudar a explicar a presenza do clítico dativo, barallar a opción dun posible influxo do seu significado causativo, ó que iría ligada a presenza do referido clítico na correspondente locución causativa (*beneficiar a alguén = causarlle beneficio a alguén*).

2. Lembrando o comedimento con que hai que coller as ocorrencias que se nos presentan na Rede, reflectimos deseguido algúns exemplos en lingua portuguesa co verbo **beneficiar** rexendo pronome dativo átono:

- *Soamente lhe interessa aquilo que **lhe beneficia**.*
- *Seria correto atribuir os custos ao locatário já que a segurança de seus bens também **lhe beneficia**?*

▪ Para tal, o contribuinte tem o dereito de estruturar o seu negocio da maneira que mellor **lle beneficia** [...]

■ Estorbar:

► Exemplos:

- O que **lle estorbe**, apárteo.
- Iso é facer mal por facer mal, porque aí os contedores non **lle estorbaban** a ninguén.
- Non moi lonxe do campo da festa había un lugariño onde os homes ían baleirar o que no corpo **lles estorbaba**.
- ¡¿Pero como vostede pode dicir que **lle estorba** esa cadeira, que está aí arrimada a un cornechiño?!

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Facer máis difícil ou impedir a execución de [unha cousa]. *Nada estorbou os seus proxectos e puido levalos a cabo.* CONFRÓNTESE entorpecer

verbo intransitivo

2. Ser un estorbo. *Tes que quitar o coche de aí que estorba. Estórballe a xente cando está de mal xenio.* SINÓNIMO molestar CONFRÓNTESE amolar [...]

• DRAE:

[...]

2. tr. Molestar, incomodar. U. t. c. prnl.

estorbarle a alguen **lo negro**

1. loc. verb. coloq. No saber leer, o ser poco aficionado a la lectura.

[...]

► Observacións:

1. Como se pode apreciar, o DRAG trata o verbo **estorbar** tamén como intransitivo (fronte, por exemplo, ó DRAE ou ás máis das obras lexicográficas de portugués, coma o Houaiss, que o tratan como transitivo).

Así e todo, entendemos que en galego hai enunciados co pronome átono acusativo (do tipo de *Tes que **o estorbar** para que non remate só = Tes que **lle estorbar** para que non remate só*)

que habería que interpretar como admisibles e correctos. Nótese, non obstante, a diferenza entre este último exemplo e os reflectidos máis arriba:

- Neste último temos un predicado que denota unha acción (non un proceso), un suxeito axente (unha persoa que actúa para estorbar a outra) e mais un CD paciente (a persoa que é estorbada).
- Nos primeiros temos un predicado que denota un proceso (non unha acción), un suxeito forza (un ente non humano que desencadea o proceso) e mais un CD experimentador.

Observamos, pois, que naqueles casos en que este verbo rexe o clítico acusativo, o suxeito é—ou, ó menos, normalmente é, ou tende a ser— unha entidade humana que, voluntariamente, realiza a acción de estorbar. Apoiando esta argumentación, podemos atopar tamén algún ca outro exemplo co pronome átono acusativo no *Tesouro informatizado da lingua galega* (de agora en diante, TILG): “[...] *as parexas de noivos percuran as esquinas pra que naide veña **estorbá-los***”).

Pola contra, nos casos en que rexe o clítico dativo, o suxeito é unha entidade non humana que desencadea un proceso (un acontecemento sobre o que non ten control e provocado de xeito involuntario).

2. Polo que atange, en castelán, á información fornecida polo DRAE, nótese que malia que á hora de desenvolver as acepcións se nos di que nos achamos ante un verbo transitivo, curiosamente a locución verbal que aparece ó final (*estorbarle a alguien lo negro*) se nos presenta en principio, se nos guiamos polo clítico dativo²⁵, como intransitiva.

O que non vén a ser senón unha proba máis da liña tan fina e difusa en que nos estamos a mover nesta cuestión... tanto que ó final mesmo algunhas obras lexicográficas chegan a incorrer en certas incoherencias internas ó respecto.

■ Favorecer²⁶:

► Exemplos:

- *Se ó seu equipo **lle favorece** unha decisión do árbitro, todo é moi bonito. O problema é cando **lle prexudica**.*

²⁵ Malia que podería remitir a un CD, na medida en que en castelán está normativamente admitido o pronome átono *le* desempeñando esta función sintáctica naqueles casos en que o referente é unha persoa de sexo masculino (Panhispanico: «[...] Debido a su extensión entre hablantes cultos y escritores de prestigio, se admite el uso de *le* en lugar de *lo* en función de complemento directo cuando el referente es una persona de sexo masculino [...]»), a RAE prioriza o uso do pronome átono acusativo para a referida función, polo que é de supor que en *estorbarle a alguien lo negro*, o dativo asume o rol de CI.

²⁶ E en correspondencia, o antónimo **desfavorecer** compórtase tamén de xeito semellante.

- Estivo a ver un vídeo para se informar de que é o que máis **lle favorece** a un rostro arredondado coma o seu.

- Ó Barcelona **favorecelle** o empate entre Madrid e Atlético.

- Dille á túa muller que **lle favorecía** moito o vestido que levaba o outro día.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

[...]

verbo transitivo

1. Obrar en favor ou beneficio de [alguén ou algo]. *Favoreceuno no exame.*

Favoreceu os máis pobres. ANTÓNIMO prexudicar CONFRÓNTESE axudar

2. Ser conveniente para [algo]. *Un clima que favorece todo tipo de cultivos.*

SINÓNIMO beneficiar ANTÓNIMO prexudicar

3. Dar algo mellor aspecto a [unha persoa]. *O traxe verde favorecea moito.*

• **DRAE:**

1. **tr.** Ayudar o amparar a alguen.

2. **tr.** Apoyar un intento, empresa u opinión.

3. **tr.** Dar o hacer un favor.

4. **tr.** Mejorar el aspecto o apariencia de alguien o de algo. *Estás muy favorecido en el retrato.*

[...]

► **Observacións:**

1. Apuntamos a estreitísima conexión (tanto é así que en moitos contextos son voces sinónimas) co verbo, que vimos un pouco máis arriba, **beneficiar**, e deixamos no aire a posibilidade de que este último, por mor dalgún tipo de relación analóxica, puidera ter algunha clase de influencia no comportamento de **favorecer** no sentido que aquí estamos a abordar.

2. Pese a que, como vemos, o DRAE trata este verbo como de comportamento transitivo, unha vez máis o Panhispánico rectifica ou emenda un tanto esta información:

«2. Cuando significa 'ayudar o beneficiar', se usa normalmente como transitivo, pues admite sin problemas la pasiva; por tanto, cuando el complemento directo es un pronombre átono de tercera persona, corresponde utilizar las formas *lo(s)*, *la(s)*: "Brasil tiene la ventaja de contar con una diferencia de gol que *lo favorece*" (Clarín [Arg.] 3.7.87); "Se dice que el profesor *lo*

favoreció” (Matute/Matute *Perfil* [Méx. 1992]). Pero **es también frecuente**, incluso en zonas no leístas del ámbito hispánico, **su empleo como intransitivo**, conservando el dativo con el que se construía en latín (→ [LEÍSMO](#), [4e](#)), por lo que se considera igualmente correcto el uso de *le(s)*: “Las esporas [...] pueden llegar a dar la vuelta al planeta si las condiciones **LES** favorecen” (Crespo *Champiñón* [Arg. 1991]). Cuando significa ‘mejorar el aspecto físico de alguien’, admite también las dos construcciones: “Ese peinado es el que más **LO** favorece” (O’Donnell *Escarabajos* [Arg. 1975]); “Marisa preguntó con una sonrisa desganada que [...] **LE** favorecía muchísimo” (Marsillach *Ático* [Esp. 1995]).»

3. Volvendo reiterar o aspecto da prudencia e moderación en relación co que se colga na Rede, imos copiar a seguir uns exemplos tomados do portugués, inda que nada máis sexa para insistir en que nos atopamos ante un tema bastante complexo que non se liquida dunha soa plumada:

- [...] afirmou que a cor verde **lhe favorece**.
- Se o idoso não estiver no domínio de suas faculdades mentais, caberá somente ao médico optar pelo tratamento de saúde que mais **lhe favorece**.
- Ele se inclina para onde mais **lhe favorece**.

■ **Matar:**

► **Exemplos:**

- O choio non está mal, pero o que **lle mata** é ter que facer tantos quilómetros todos os días.
- O bar é completo e as consumicións, baratas. O que **lle mata** é que só hai un camareiro.
- Ser non é mal adestrador, pero o que **lle mata** é a mala educación que exhibe partido tras partido.
- [Nun enunciado retranqueiro]: O rapaz éche ben guapo; o que **lle mata** é a cara.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

Parece que nin nunha nin noutra obra se recolle o significado que aquí nos interesa, que viría a ser o de “Facer que [alguén ou algo] perda o que tiña de bo ou sufra un importante menoscabo no que tiña de bo”, e cuxa materialización efectiva se encadraría habitualmente dentro da secuencia “o que (**lle # o/a**) mata é...”.

■ **Prexudicar:**

► **Exemplos:**

- ¡¿Pero ti a quen pensas que **lle prexudica** máis a nova normativa?! ¡Ós máis pobres, coma sempre!

- Iso non **lle debía prexudicar** para que lle dean a bolsa de estudos.

- Principiou como titular no centro da defensa, pero **prexudicoulle** que cambiasen de sistema e agora chupa banco.

- É visto que ó acusado **lle prexudica** que a Policía situase o seu teléfono móbil, máis ou menos á hora do asasinato, moi preto da escena do crime.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Causar prexuízo a [algo ou alguén]. *Aquelas fotos prexudicaron a súa imaxe pública. [...]*

• **DRAE (“perjudicar”):**

1. **tr.** Ocasionar daño o menoscabo material o moral. U. t. c. prnl.

► **Observacións:**

1. Volvemos facer notar a evidente conexión con outros verbos que estamos a incluír neste punto, coma **beneficiar** e mais **favorecer**, cos que garda unha relación de antonimia.

2. Vexamos que é o que di o Panhispánico, que novamente emenda un pouco o contido do DRAE:

«'Ocasionar daño o menoscabo material o moral a alguien o algo'. [...]. Al tratarse de un verbo de “afección”, dependendo de distintos factores (→ [LEÍSMO](#), [4a](#)), **el complemento de persona puede interpretarse como directo o como indirecto**: “Le designaron los mismos jueces que lo perjudicaron en México” (País [Ur.] 4.3.01); “Es a él en definitiva a quien sí **LE** perjudica mi labor” (Gamboa Páginas [Col. 1998]).»

Nótese que o Panshispánico fala deste verbo como dun verbo de “afección”, aseveración que coidamos discutible, cando menos para os máis dos seus usos ou empregos, de aí que neste traballo non o incluamos nese primeiro grupo de verbos de afección psíquico-emotiva que discriminamos.

■ **Salvar:**

► **Exemplos:**

- *O que lle salva é ser curmán de quen é, que, se non, xa había ter a cara enchida de hostias.* [SOBREENTENDERÍASE, TRAS “SALVA”; ALGO ASÍ COMO: para non recibir unha mancha de hostias]
- *Moitos deses xornalistas non teñen puta idea de fútbol. O que lles salva é a súa facilidade de palabra.* [SOBREENTENDERÍASE, TRAS “SALVA”, ALGO ASÍ COMO: para traballar na radio]
- *O porteiriño ese é moi malo. O que lle salva é ser xenro do adestrador.* [SOBREENTENDERÍASE, TRAS “SALVA”, ALGO ASÍ COMO: para xogar # para ser titular]
- *A rapaza estudar non estuda nada, pero nos exames o que lle salva é que unha fenómeno das chuletas.* [SOBREENTENDERÍASE, TRAS “SALVA”, ALGO ASÍ COMO: para ir aprobando]

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

2. Facer que [algo ou alguén] evite unha dificultade ou situación comprometida.

O único que te salvará do suspenso será que fagas unha boa redacción. SINÓNIMO

librar

[...]

• **DRAE:**

[...]

2. tr. Evitar un inconveniente, impedimento, dificultad o riesgo.

[...]

2.1.7 ¿Complemento directo (CD) pronominalizado con dativo ou complemento indirecto (CI)?

Despois de todo o manifestado ata aquí, pode se cadra xurdir unha dúbida en relación co constituínte que é pronominalizado con dativo: ¿trátase certamente dun CD ou habería que considerar que, nos casos en que a referida pronominalización se fai co clítico dativo, estamos en realidade ante un CI?

E é que así, de primeiras, o feito de aceptar que un CD pode ser pronominalizado co clítico dativo parece que pon un pouco patas arriba unha das premisas conceptuais básicas que se vén predicando acerca da dita función sintáctica: a de que o constituínte que realiza a función sintáctica de CD é pronominalizado polos clíticos de acusativo (para a segunda persoa de singular, *che*; e para a terceira persoa de singular e plural, *o, a, os, as*, cos seus respectivos alomorfos contextuais: *no, na, nos, nas* e mais *lo, la, los, las*).

De feito, unha das tradicionais probas de referencia de que botamos man á hora de procedermos a distinguir un CD dun CI é a da substitución pronominal: no primeiro caso, sempre polos pronomes de acusativo, e no segundo, sempre polos de dativo.

Daquela, parece que en principio nos atoparíamos ante dous posibles enfoques ou interpretacións:

A) Aceptar que a vinculación **CD/clítico acusativo** e **CI/clítico dativo** presenta excepcións, superposicións ou zonas grises, de tal xeito que pode haber “interferencias” ou algún tipo de cruzamento entre ambas. No caso que nos ocupa, o cruzamento viría basicamente dado pola vinculación –determinada contextualmente pola concorrencia dunha serie de factores– **CD/clítico dativo**.

B) Entender que a referida vinculación **CD/clítico acusativo** e **CI/clítico dativo** se mantén en todos os casos, o cal nos levaría a interpretar que o constituínte que admite ser pronominalmente substituído polo clítico dativo funciona como CI (ou, en todo caso, non como CD na concepción tradicional desta función).

► **Enfoque A):**

Trátase dun enfoque que implica unha concepción que pode resultar un tanto rompedora e “traumática” en relación con certos fundamentos lingüísticos dos que adoitamos partir, que damos por totalmente asentados e que tendemos a aceptar como indiscutibles.

Neste sentido é moi posible que a máis da xente parta dunha posición pouco receptiva, e mesmo opaca, a asumilo ou interiorizalo, pero tentaremos expor argumentos que deberían facer que, cando menos, se tivera en consideración.

► **Enfoque B):**

Sendo, como é, máis ortodoxo e respectuoso con eses fundamentos teóricos tradicionais que tomamos como referencia, o feito de interpretar que sempre que haxa un clítico dativo hai un CI presenta tamén as súas complexidades, na medida en que suporía asumir:

- a) Por unha banda, a evidencia de que trazos exclusivamente asociados ós estratos semántico e informativo teñen tal repercusión no estrato sintáctico que poden provocar que un constituínte mude de función sintáctica dependendo tan só de que se produzan algunhas variacións nos referidos estratos. Ex.:

*Xoán [SUXEITO] molestou **a Pepe** [CD] co seu comentario (=Xoán molestouno [CD] co seu comentario).*

Pero:

***A Pepe** [CI] molestoulle [CI] o comentario de Xoán [SUXEITO].*

Onde, como se pode apreciar –e partindo da base de que a acepción verbal é en ambos os casos a mesma–, se produce variación no trazo semántico do suxeito sintáctico (que pasou de axente no primeiro enunciado a forza neste segundo) ou na orde dos constituíntes oracionais, orde que repercute na función que estes desempeñan no estrato informativo.

Así pois, de tomarmos como referencia o enfoque B) poderíase concluír que estas variacións nos estratos semántico e informativo serían as que, maiormente, motivarían que o constituínte *a Pepe* pasase de funcionar como CD a facelo como CI.

- b) Por outra, que o emprego de certas formas verbais nun enunciado idéntico (isto é, nun enunciado cuxos constituíntes –xunto coas calidades ou características destes tanto no estrato sintáctico coma no semántico e informativo– non varían absolutamente nada) pode ser transitivo ou intransitivo en función de quen sexa o emisor.

Mesmo diríamos máis: que pode ser transitivo ou intransitivo incluso para un único emisor, que nuns casos pode optar polo clítico acusativo e noutros polo clítico dativo, pois hai xente que percibe como normais, e que usa, ambas as dúas posibilidades en función do momento ou do contexto comunicativo en cuestión. Ex.:

O comentario de Xoán molestouno [CD] # molestoulle [CI].²⁷

Noutras palabras, de defendermos a postura de que o constituínte pronominalizado co clítico dativo desempeña o rol sintáctico de CI, teríamos que aceptar a existencia de enunciados idénticos (ou, como moito, que poden amosar algunha pequena variación no estrato informativo, practicamente indetectable a simple vista) que admitirían a posibilidade de que un mesmo constituínte poida ser considerado como CD ou como CI en función de se o pronominalizamos con acusativo ou con dativo. Así, en *Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas sorprendeu a Sabela*, o constituínte *a Sabela* teríámolo que interpretar como CD se facemos a substitución pronominal con **a** (*Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas **sorpredeuna***) e como CI se a facemos con **lle** (*Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas **sorpredeulle***)²⁸.

Facendo ata certo punto de contrapeso a estas “complexidades”, e en favor da interpretación representada polo enfoque **B**), poderíase argumentar –retomando información xa exposta anteriormente– o feito de que moitos dos enunciados

²⁷ Este fenómeno que estamos a comentar non se produce só cos verbos de afección psíquico-emotiva, xa que podemos atopar máis casos en que un mesmo enunciado se constrúe con clítico acusativo ou con clítico dativo dependendo do emisor... e xa non só dependendo do emisor, senón que incluso, tal e como acabamos de comentar, se pode dar a circunstancia de que un mesmo emisor opte por un clítico ou por outro en función dos diferentes contextos, momentos e situacións comunicativos. É o que acontece, sen ir máis lonxe, e entre outros, co verbo **ensinar** (que abordaremos no apartado 2.2.1) ou co verbo **chamar** (abordado no apartado 2.4):

Adoptouna con cinco anos e ensinoulle a ler # e ensinouna a ler.

Hoxe, sen falta, téñolle que chamar # téñoa que chamar.

²⁸ O cal, ademais, se o asociamos ó eido académico e pedagóxico, nos levaría a enfrontarnos co “problema” de que naqueles casos en que os constituíntes susceptibles de ser pronominalizados con acusativo ou con dativo se presenten na súa forma plena sen a aparición do clítico, os ditos constituíntes poidan ser analizados tanto como CD coma como CI.

Así, e por poñer un exemplo, un profesor que colla este enunciado de que estamos a falar (*Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas sorprendeu a Sabela*) e o poña nun exame para ser analizado sintacticamente, tería que admitir como respostas correctas tanto que *a Sabela* sexa analizado como CD coma que sexa analizado como CI.

susceptibles de se construíren co clítico dativo non permiten (ou, en todo caso, de o permitiren sería tomándoo con pinzas, con toda a prudencia do mundo ou con varias puntualizacións respecto á consideración xeral que temos da voz pasiva) a súa pasaxe á voz pasiva:

Os comentarios acerca da súa presunta corrupción xa lle aburren.

Moito lle fastidia a xente que anda á chupa toda a noite sen pagar nin unha volta.

Fódelle que digas que non lle tes aprecio ningún.

Que Pepe lle chegase á casa cun ramo de rosas sorprendeulle a Sabela.

Porque, ¿realmente sería aceptable un enunciado do tipo de **É aburrido polos comentarios acerca da súa presunta corrupción?* Entendemos que o máis normal sería articular oracións do tipo de *Está aburrido dos* [OU INDA INCLUSO: *cos # polos*] *comentarios acerca da súa presunta corrupción.*

¿Ou un enunciado coma **É fastidiado pola xente que anda á chupa toda a noite?* Parece claro que non²⁹.

Como tampouco o sería o de **É fodido porque lle digas que non lle tes aprecio ningún.*

Se cadra teríamos máis próxima ó límite da súa aceptación normativa a opción de ¿**Sabela foi sorprendida por lle chegar Pepe á casa cun ramo de rosas*, aínda que entendemos que serían máis “normais” ou “naturais” enunciados do tipo de *Sabela quedou sorprendida # resultou sorprendida por lle chegar Pepe á casa cun ramo de rosas*, que nos remitirían máis ben a unha voz media ca a unha voz pasiva.

Por seguir abundando un pouco máis nesta liña de enfoque segundo a cal o constituínte pronominalizado polo clítico dativo xa non sería en realidade un CD, poderíase argumentar tamén outra diferenza entre as oracións en que se integran estes constituíntes e a maioría das oracións das que forman parte os CDs “tradicionais”: así, nas primeiras, e no suposto de mudarmos a estrutura da oración de voz activa cara a configuracións máis achegadas á voz pasiva, o suxeito da voz activa pasaría a exercer funcións sintácticas –coma, por exemplo,

²⁹ A non ser que lle apoñamos outro significado alleo a aquel do que aquí estamos a tratar: o de que a xente que anda á chupa fixera algunha acción –externa ou allea ó feito de andar á chupa– que o fastidiase. Pero, como dicimos, trataríase dun significado alleo ó raio de acción que abrangue a acepción que aquí nos interesa.

a de complemento circunstancial de causa ou a de complemento de réxime preposicional– distintas á de complemento axente (en contraposición, polo tanto, co que habitualmente ocorre nas oracións que albergan CDs “máis tradicionais”). E, así mesmo, non presentaría tampouco a función semántica de axente (ó igual que xa non o facía na voz activa), senón, sobre todo, a de causa³⁰:

Está aburrido dos/cos comentarios da súa presunta corrupción. & Está aburrido por causa dos comentarios da súa presunta corrupción.

Queda fastidiado pola xente # por culpa da xente # por causa da xente # por mor da xente que anda á chupa toda a noite sen pagar nin unha volta.

Queda fodido porque lle digas que non lle tes aprecio ningún.

Sabela quedou sorprendida por lle chegar Pepe á casa cun ramo de rosas.

En definitiva, atopámonos ante un tema complexo que certamente pode dar lugar a debates, opinións e pareceres confrontados, e que entendemos que queda aberto ós dous posibles enfoques ou interpretacións³¹.

Enfoques ou interpretacións ós que aínda se lle podería engadir unha terceira opción –en principio, máis marxinal ou residual– que simplemente imos enunciar, que sería a de considerar que nestes casos nos atopamos ante un híbrido CD/CI, na medida en que se trata de constituíntes que, ó cabo, comparten trazos ou características de ambas as funcións.

³⁰ Case é escusado comentar que isto vai intimamente ligado ó feito de que estes verbos de afección psíquico-emotiva, nos casos que estamos a ver de posibilidade de pronominalización con clítico dativo, non denotan accións, senón procesos.

³¹ Mesmo entendemos que se cadra tampouco sería totalmente desbotable a explicación de que na base dalgún caso dos que en castelán se veñen tradicionalmente tomando como de laísmo ou de loísmo estea o feito de que en certos supostos a liña de delimitación entre CD/CI ten unha marcaxe pouca clara ou un tanto difusa e esvaída. Ex.: *Lo ganó al ajedrez* [a su padre] & *La ganó al ajedrez* [a su madre], onde se pode interpretar que o obxecto paciente (ou sexa, a entidade afectada pola acción do verbo) é en realidade a persoa, e non un constituínte non humano do tipo de “una partida”, “un juego”, “un partido” ou semellante, polo que o complemento [+humano] ou [+humanizado] é susceptible de exercer de suxeito na voz pasiva: *Su padre fue ganado al ajedrez* & *Su madre fue ganada al ajedrez*, do mesmo xeito a como acontece con *Fue vencido/a al ajedrez*.

De feito, tan difusa é a dita liña que mesmo en certos casos a RAE, coma por exemplo para este verbo do que estamos a falar, acaba por admitir as dúas posibilidades, tal e como se manifesta en RAEconsultas:

«**Aunque se admite el uso de “ganar” (“vencer”) como transitivo [...], en la mayor parte del ámbito hispánico se construye como intransitivo, con c. indirecto de persona (“ganarle al ajedrez”), opción más recomendable**».

Sexa como for, neste traballo, á hora de nos referirmos ós ditos constituíntes, ímolos tratar como CDs, malia poderen –ou nalgúns casos, mesmo deberen– ser pronominalizados con dativo.

2.1.8 Enquisas realizadas con este tipo de verbos, e resultados obtidos

Somos conscientes de que os resultados destas enquisas non poden, nin deben, ser interpretados de xeito concluínte nin terminante, xa que, por unha parte, e debido ós nosos limitados medios, o número delas non é abondo importante coma para os valorar como realmente significativos; e, por outra, o feito de que nos atoparmos ante enquisas lingüísticas que presentan un contexto xa predefinido, así como unhas posibles respostas máis ou menos taxadas, fai que os ditos resultados amosen unha certa marxe de discrecionalidade e incluso de distorsión, pois estamos a partir de enunciados que non se emiten de modo nin espontáneo nin natural.

Con todo e iso, si que entendemos que son indicativos e susceptibles de servir de referencia para ilustrar o que viñemos reiteradamente comentando de que nos achamos ante un tema que presenta bastantes zonas grises ou de límites desdubuxados, con non poucos casos de solapamento entre os clíticos de dativo e de acusativo.

Xa que logo, imos reflectir a seguir dúas enquisas, que en todos casos foron cubertas por xente galegofalante natural sen formación lingüística académica (a nosa experiencia dinos que a xente con este tipo de formación tende, de xeito subconsciente, a verse mediatizada ou influenciada nas súas respostas): unha cuxo obxecto era completar unha serie de enunciados cos pronomes clíticos acusativo e dativo de segunda persoa singular (isto é, **te** e **che**, respectivamente) e outra na que había que facer o mesmo cos correspondentes clíticos de terceira persoa singular (**o/lo/no** para acusativo –inda que tamén hai algún caso da forma feminina **a/la/na**– e **lle** para dativo). E xusto a continuación de cada unha delas amosaremos os resultados obtidos, que, como se verá, dan idea da variedade e vacilación que pode haber xa non só ó longo de toda a xeografía galega, senón mesmo no foro interno dun mesmo falante, pois hai non poucos casos en que un único falante opta por presentar como posibles no seu idiolecto tanto a forma de acusativo coma a de dativo.

2.1.8.1 Enquisa para completar co clítico acusativo ou dativo de segunda persoa singular, e resultados obtidos

Partimos, neste caso, dun total de vinte e dúas enquisas realizadas por xente cuxo coñecemento e competencia naturais en galego procede dos seguintes concellos: Abadín, Alfoz, Amoeiro, Bande, Chantada, Coristanco, Entrimo, A Estrada, Lalín, Oroso, Palas de Rei, Pontedeume, Portomarín, Santiago, Ramirás, Riós, Sandiás, Trazo, Vila de Cruces, Verín, Viveiro, Xove.

O modelo de enquisa presenta o contido que se amosa xusto a continuación do presente parágrafo. Como se vai poder apreciar, debaixo de cada enunciado facemos constar, entre chaves, os resultados obtidos, resultados que van acompañados da porcentaxe de uso correspondente a cada opción que ofreciamos como posible resposta.

- Xa de pequecha ___ **aburría** ver a televisión.

{CHE 16 (72,73%)} {TE 6 (27,27%)} {AMBAS 0 (0%)}

- Sempre ___ **afectaron** moito as críticas.

{CHE 22 (100%)} {TE 0 (0%)} {AMBAS 0 (0%)}

- Se tanto ___ **aflixo** pensar que o futuro da humanidade é moi negro polo cambio climático, toma medidas a nivel individual, e comeza por non votar polos que o negan.

{CHE 12 (54,54%)} {TE 9 (40,91%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 13 (59,09%)} {TE 10 (45,45%)}

- ¿A ti que é o que máis ___ **alarma**: o considerable aumento das violacións grupais ou que haxa sectores que lle quiten importancia ó asunto?

{CHE 11 (50%)} {TE 11 (50%)} {AMBAS 0 (0%)}

- Vexo que non ___ **alegrou** nada a miña visita.

{CHE 15 (68,18%)} {TE 6 (27,27%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 16 (72,73%)} {TE 7 (31,82%)}

- Sempre ___ **alivia** saber que tes xente detrás que te apoia na túa loita.

{CHE 9 (40,91%)} {TE 11 (50%)} {AMBAS 2 (9,09%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 11 (50%)} {TE 13 (59,09%)}

- ¿Non ___ **alucina** que agora haxa tan pouco respecto polos maiores?

{CHE 15 (68,18%)} {TE 7 (31,82%)} {AMBAS 0 (0%)}

- ¿Así que agora ___ **amarga** ter que ir todos os fins de semana á casa de teus sogros, non si?

{CHE 17 (77,27%)} {TE 5 (22,73%)} {AMBAS 0 (0%)}

- A ti o que máis ___ **amolou** foi ver que estaba saíndo co teu mellor amigo.

{CHE 14 (63,63%)} {TE 4 (18,18%)} {AMBAS 4 (18,18%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 18 (81,82%)} {TE 8 (36,36%)}

- De cativo o que máis ___ **apaixonaba** era o fútbol.

{CHE 15 (68,18%)} {TE 6 (27,27%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 16 (72,73%)} {TE 7 (31,82%)}

- Vexo que a estas alturas da túa vida xa nada ___ **asombra**.

{CHE 10 (45,45%)} {TE 10 (45,45%)} {AMBAS 2 (9,09%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 12 (54,54%)} {TE 12 (54,54%)}

- ¿**Asústa**___ máis morrer ou quedar tetraplético?

{CHE 16 (72,73%)} {TE 5 (22,73%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 17 (77,27%)} {TE 6 (27,27%)}

- ¿**Atráe**___ ese rapaz ou non?

{CHE 15 (68,18%)} {TE 6 (27,27%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 16 (72,73%)} {TE 7 (31,82%)}

- ¿Non ___ **cansa** seguir ganando trofeos e máis trofeos?

{CHE 10 (45,45%)} {TE 11 (50%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 11 (50%)} {TE 12 (54,54%)}

- Fai o que ___ **compra**.

{CHE 19 (86,36%)} {TE 1 (4,54%)} {AMBAS 2 (9,09%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 21 (95,45%)} {TE 3 (13,64%)}

- Se es unha persoa ben nacida, ten que ___ **conmover** a morte dun neno.

{CHE 6 (27,27%)} {TE 16 (72,73%)} {AMBAS 0 (0%)}

- Se non ___ **contenta** a súa oferta, non a aceptes.

{CHE 12 (54,54%)} {TE 9 (40,91%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 13 (59,09%)} {TE 10 (45,45%)}

- Seica non ___ **convenceron** as explicacións do director.

{CHE 7 (31,82%)} {TE 14 (63,63%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 8 (36,36%)} {TE 15 (68,18%)}

- ¡Pois si que ___ **decepcionou** a actitude dos xogadores durante o partido!

{CHE 7 (31,82%)} {TE 14 (63,63%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 8 (36,36%)} {TE 15 (68,18%)}

- Sempre ___ **desgustou** vivir na cidade.

{CHE 20 (90,91%)} {TE 2 (9,09%)} {AMBAS 0 (0%)}

- ¿Pero tanto ___ **divertiu** a actuación coma para volver mañá?

{CHE 4 (18,18%)} {TE 16 (72,73%)} {AMBAS 2 (9,09%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 6 (27,27%)} {TE 18 (81,82%)}

- ¿E logo agora a ti **enfáda**___ que che digan as verdades?

{CHE 11 (50%)} {TE 11 (50%)} {AMBAS 0 (0%)}

- Se realmente es un bo afeccionado ó fútbol, ten que **entusiasmar**___ ver xogar a Messi.

{CHE 12 (54,54%)} {TE 9 (40,91%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 13 (59,09%)} {TE 10 (45,45%)}

- ¿Non ___ **estremece** pensar que pode haber unha guerra nuclear?

{CHE 8 (36,36%)} {TE 13 (59,09%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 9 (40,91%)} {TE 14 (63,63%)}

- Se ___ **estresa** tanto dar clase, vas ter que cambiar de profesión.

{CHE 8 (36,36%)} {TE 11 (50%)} {AMBAS 3 (13,64%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 11 (50%)} {TE 14 (63,63%)}

- ¿**Excíta**___ o sexo telefónico?

{CHE 8 (36,36%)} {TE 14 (63,63%)} {AMBAS 0 (0%)}

- Xa sei que non ___ **fascina** a comida xaponesa, pero o restaurante elixírono eles.

{CHE 19 (86,36%)} {TE 3 (13,64%)} {AMBAS 0 (0%)}

- ¿Tanto ___ **fastidiou** que a profesora vos adiantase o exame?

{CHE 9 (40,91%)} {TE 8 (36,36%)} {AMBAS 5 (22,73%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 14 (63,63%)} {TE 13 (59,09%)}

- ¿**Fóde**___ que túa irmá saque mellores notas ca ti, non si? Pois éche o que hai, meu home.

{CHE 13 (59,09%)} {TE 8 (36,36%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 14 (63,63%)} {TE 9 (40,91%)}

- ¿E logo non ___ **ilusiona** volver á casa despois de botares un mes no hospital?

{CHE 9 (40,91%)} {TE 12 (54,54%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 10 (45,45%)} {TE 13 (59,09%)}

- ¿Que foi o que máis ___ **impactou** da película?

{CHE 17 (77,27%)} {TE 4 (18,18%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 18 (81,82%)} {TE 5 (22,73%)}

- ¿Pois si que ___ **impresionou** o poemario, que non paras de o gabar e de llo recomendar a todo o mundo!

{CHE 13 (59,09%)} {TE 9 (40,91%)} {AMBAS 0 (0%)}

- ¿De verdade que non ___ **incomoda** que te sentemos cos irmáns da noiva?

{CHE 13 (59,09%)} {TE 8 (36,36%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 14 (63,63%)} {TE 9 (40,91%)}

- Nótote nervioso, pero se non me dis o que ___ **inquieta**, non podo facer nada ó respecto.

{CHE 11 (50%)} {TE 10 (45,45%)} {AMBAS 1 (4,54%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 12 (54,54%)} {TE 11 (50%)}

- ¿Non ___ **intranquiliza** que a ultradereita estea a coller tantos folgos en Europa?

{CHE 7 (31,82%)} {TE 15 (68,18%)} {AMBAS 0 (0%)}

- Non ___ **debía irritar** tanto que entremos sen chamar, que ti tamén o fas seguido.

{CHE 8 (36,36%)} {TE 11 (50%)} {AMBAS 3 (13,64%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 11 (50%)} {TE 14 (63,63%)}

- Xa con cinco anos ___ **marabillaban** os ordenadores e todo o relacionado coas novas tecnoloxías.

{CHE 15 (68,18%)} {TE 7 (31,82%)} {AMBAS 0 (0%)}

- ¡Mira que es repugnante, paisano! ¡¿Pero habrá algo que non ___ **moleste**?!
 {CHE 13 (59,09%)} {TE 7 (31,82%)} {AMBAS 2 (9,09%)}
 OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:
 {CHE 15 (68,18%)} {TE 9 (40,91%)}
- ¿Non ___ **motiva** que che suban o soldo se consigues máis clientes?
 {CHE 5 (22,73%)} {TE 14 (63,63%)} {AMBAS 3 (13,64%)}
 OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:
 {CHE 8 (36,36%)} {TE 17 (77,27%)}
- O que che dixo non ___ **debería ofender**, porque non é máis cá verdade.
 {CHE 7 (31,82%)} {TE 14 (63,63%)} {AMBAS 1 (4,54%)}
 OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:
 {CHE 8 (36,36%)} {TE 15 (68,18%)}
- Xa nos contaron que o tema que máis ___ **preocupa** neste momento é o do cambio climático.
 {CHE 17 (77,27%)} {TE 4 (18,18%)} {AMBAS 1 (4,54%)}
 OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:
 {CHE 18 (81,82%)} {TE 5 (22,73%)}
- Se non ___ **satisfán** as conclusións do traballo, fáinolo saber.
 {CHE 10 (45,45%)} {TE 11 (50%)} {AMBAS 1 (4,54%)}
 OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:
 {CHE 11 (50%)} {TE 12 (54,54%)}
- ¿Que tipo de literatura é a que máis ___ **seduce**: a narrativa, a poesía ou o teatro?
 {CHE 11 (50%)} {TE 11 (50%)} {AMBAS 0 (0%)}
- Inda que ___ **sorprenda**, hai quen considera o cacao puro un superalimento.
 {CHE 8 (36,36%)} {TE 12 (54,54%)} {AMBAS 2 (9,09%)}
 OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:
 {CHE 10 (45,45%)} {TE 14 (63,63%)}
- Se ___ **tranquiliza** que te acompañe ó médico, vou contigo.

{CHE 5 (22,73%)} {TE 14 (63,63%)} {AMBAS 3 (13,64%)}

OU, ADOPTANDO OUTRO ENFOQUE OU PERSPECTIVA:

{CHE 8 (36,36%)} {TE 17 (77,27%)}

2.1.8.2 Enquisa para completar co clítico acusativo ou dativo de terceira persoa singular, e resultados obtidos

Partimos, neste caso, dun total de vinte e unha enquisas realizadas por xente cuxo coñecemento e competencia naturais en galego teñen a súa orixe nos seguintes concellos: Abadín, A Baña, A Coruña, Boiro, Boqueixón, Campo Lameiro, Entrimo, Gomesende, Lobios, Mazaricos, Moraña, Muros, Negreira, Oroso, Palas de Rei, Porto do Son, Portomarín, Rianxo, Ribeira, O Rosal, Viveiro.

O modelo de enquisa presenta o contido que se amosa a seguir e revela os resultados que facemos constar, logo de cada enunciado, entre chaves, acompañados da porcentaxe de uso correspondente ás distintas opcións que ofreciamos como posibles respostas:

1. a) O paciente manifesta hostilidade e está sempre a piques de estoupar: todo lle senta mal, todo **lle** desgusta.

b) O paciente manifesta hostilidade e está sempre a piques de estoupar: todo lle senta mal, todo **o** desgusta.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) **&B)** **& AMBAS & AMBAS**, SOBRE TODO A PRIMEIRA **& AMBAS**, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 18 (85,71%)} {B 2 (9,52%)} {AMBAS } {AMBAS A 1 (4,76%)} {AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCIÓN A) E B):

{A 19 (90,47%)} {TE 3 (14,28%)}

2. a) Non **lle** decepcionou que non o convidaras á voda, decepcionou**lle** que nin llo comentaras.

b) Non **o** decepcionou que non o convidaras á voda, decepcionou**no** que nin llo comentaras.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) **&B)** **& AMBAS & AMBAS**, SOBRE TODO A PRIMEIRA **& AMBAS**, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 12 (57,14%)} {B 6 (28,57%)} {AMBAS 1 (4,76%)} {AMBAS A 1 (4,76%)}
{AMBAS B 1 (4,76%)}

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCIÓN A) E B):

{A 15 (71,42%)} {TE 9 (42,85%)}

3. a) Se falamos do colectivo de taxistas e mais do de camioneiros, ¿ti a quen pensas que, dos dous, **lle** prexudica máis a nova normativa?

b) Se falamos do colectivo de taxistas e mais do de camioneiros, ¿ti a quen pensas que, dos dous, **o** prexudica máis a nova normativa?

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 15 (71,42%)} {B 4 (19,04%)} {AMBAS 1 (4,76%)} {AMBAS A 1 (4,76%)}
{AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCIÓN A) E B):

{A 17 (80,95%)} {TE 7 (33,33%)}

4. a) A estas alturas da súa vida xa nada **lle** asombra.

b) A estas alturas da súa vida xa nada **o** asombra.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 10 (47,62%)} {B 4 (19,04%)} {AMBAS 3 (14,28%)} {AMBAS A 3 (14,28%)}
{AMBAS B 1 (4,76%)}

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCIÓN A) E B):

{A 17 (80,95%)} {TE 11 (52,38%)}

5. a) Non **lle** ofende o contido da carta en si, senón máis ben o ton empregado nela.

b) Non **o** ofende o contido da carta en si, senón máis ben o ton empregado nela.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 16 (76,19%)} {B 1 (4,76%)} {AMBAS 1 (4,76%)} {AMBAS A 2 (9,52%)}
{AMBAS B 1 (4,76%)}

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCIÓN A) E B):

{A 20 (92,24%)} {TE 5 (23,81%)}

6. a) A solución que lle propuxeron non lle convenceu nada de nada.

b) A solución que lle propuxeron non o convenceu nada de nada.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 10 (47,62%)} {B 5 (23,81%)} {AMBAS 5 (23,81%)} {AMBAS A 1 (4,76%)}
{AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS
OPCIÓNS A) E B):

{A 16 (76,19%)} {TE 11 (52,38%)}

7. a) Neste caso ó Barcelona beneficialle que gañe o Madrid.

b) Neste caso ó Barcelona beneficiao que gañe o Madrid.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 17 (80,95%)} {B 1 (4,76%)} {AMBAS 1 (4,76%)} {AMBAS A 1 (4,76%)}
{AMBAS B 1 (4,76%)}

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS
OPCIÓNS A) E B):

{A 20 (92,24%)} {TE 4 (19,04%)}

8. a) Aflixíalle imaxinar, e roíao por dentro, que a muller non lle gardase a ausencia.

b) Aflixíao imaxinar, e roíao por dentro, que a muller non lle gardase a ausencia.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 12 (57,14%)} {B 4 (19,04%)} {AMBAS 3 (14,28%)} {AMBAS A 2 (9,52%)}
{AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS
OPCIÓNS A) E B):

{A 17 (80,95%)} {TE 9 (42,85%)}

9. a) Señoría, se realmente lle alarma a corrupción no eido político, neste xuízo pode asentar unha base moi importante para comezar a acabar con ela.

b) Señoría, se realmente o alarma a corrupción no eido político, neste xuízo pode asentar unha base moi importante para comezar a acabar con ela.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 14 (66,66%)} {B 3 (14,28%)} {AMBAS 1 (4,76%)} {AMBAS A 3 (14,28%)}
{AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCÍONS A) E B):

{A 18 (85,71%)} {TE 7 (33,33%)}

10. a) O bar está ben acondicionado e as consumicións son baratas. O que lle mata é que só ten un camareiro.

b) O bar está ben acondicionado e as consumicións son baratas. O que o mata é que só ten un camareiro.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 3 (14,28%)} {B 13 (61,90%)} {AMBAS 2 (9,52%)} {AMBAS A 3 (14,28%)}
{AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCÍONS A) E B):

{A 8 (30,09%)} {TE 18 (85,71%)}

11. a) Di que, agora que vai vello, lle conmove que os nenos canten as súas cancións.

b) Di que, agora que vai vello, o conmove que os nenos canten as súas cancións.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 7 (33,33%)} {B 11 (52,38%)} {AMBAS 1 (4,76%)} {AMBAS A } {AMBAS B 2 (9,52%)}

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCÍONS A) E B):

{A 10 (47,62%)} {TE 14 (66,66%)}

12. a) As novas tendencias da arte non lle atraen.

b) As novas tendencias da arte non o atraen.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 12 (57,14%)} {B 5 (23,81%)} {AMBAS 2 (9,52%)} {AMBAS A 2 (9,52%)}
{AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCÍONS A) E B):

{A 16 (76,19%)} {TE 9 (42,85%)}

13. a) Como director da obra, estresábal**le** ter que prescindir de xente de tanto talento por mor da falla de orzamento.

b) Como director da obra, estresába**o** ter que prescindir de xente de tanto talento por mor da falla de orzamento.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 8 (38,09%)} {B 6 (28,57%)} {AMBAS 3 (14,28%)} {AMBAS A 3 (14,28%)}
{AMBAS B 1 (4,76%)}

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCIÓNS A) E B):

{A 15 (71,42%)} {TE 13 (61,90%)}

14. a) Non creas que **lle** entusiasma moito que veñan seus curmáns de vacacións.

b) Non creas que **o** entusiasma moito que veñan seus curmáns de vacacións.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 15 (71,42%)} {B 3 (14,28%)} {AMBAS 1 (4,76%)} {AMBAS A 1 (4,76%)}
{AMBAS B 1 (4,76%)}

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCIÓNS A) E B):

{A 18 (85,71%)} {TE 6 (28,57%)}

15. a) Di que, agora de vello, **lle** conmove moito que os nenos canten as súas cancións.

b) Di que, agora de vello, **o** conmove moito que os nenos canten as súas cancións.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 8 (38,09%)} {B 10 (47,62%)} {AMBAS 1 (4,76%)} {AMBAS A 2 (9,52%)}
{AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCIÓNS A) E B):

{A 11 (52,38%)} {TE 13 (61,90%)}

16. a) Preocupába**lle** moito o estado de saúde da súa nai.

b) Preocupába**o** moito o estado de saúde da súa nai.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 14 (66,66%)} {B 2 (9,52%)} {AMBAS 4 (19,04%)} {AMBAS A 1 (4,76%)}
{AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS
OPCIÓNS A) E B):

{A 19 (90,47%)} {TE 7 (33,33%)}

17. a) Atraíalle tanto o mundo rural que renunciou ó seu posto de traballo na cidade e adquiriu unha granxa.

b) Atraíao tanto o mundo rural que renunciou ó seu posto de traballo na cidade e adquiriu unha granxa.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 15 (71,42%)} {B 2 (9,52%)} {AMBAS 3 (14,28%)} {AMBAS A } {AMBAS B 1
(4,76%)}

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS
OPCIÓNS A) E B):

{A 19 (90,47%)} {TE 6 (28,57%)}

18. a) Agora disque lle amarga ir á casa dos sogros os fins de semana.

b) Agora disque o amarga ir á casa dos sogros os fins de semana.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 15 (71,42%)} {B 2 (9,52%)} {AMBAS 2 (9,52%)} {AMBAS A 2 (9,52%)}
{AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS
OPCIÓNS A) E B):

{A 19 (90,47%)} {TE 6 (28,57%)}

19. a) Asústanlle os lóstregos.

b) Asústano os lóstregos.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 5 (23,81%)} {B 6 (28,57%)} {AMBAS 6 (28,57%)} {AMBAS A 1 (4,76%)}
{AMBAS B 3 (14,28%)}

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCÍONS A) E B):

{A 15 (71,42%)} {TE 16 (76,19%)}

20. a) A quen máis lle intranquiliza o nivel de endebedamento que a pandemia pode deixar nas economías dos países é o Fondo Monetario Internacional.

b) A quen máis o intranquiliza o nivel de endebedamento que a pandemia pode deixar nas economías dos países é o Fondo Monetario Internacional.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 19 (90,47%)} {B 2 (9,52%)} {AMBAS } {AMBAS A } {AMBAS B }

21. a) ¿De certo que a vostede non lle incomoda que o sentemos cos irmáns da noiva?

b) ¿De certo que a vostede non o incomoda que o sentemos cos irmáns da noiva?

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 12 (57,14%)} {B 3 (14,28%)} {AMBAS 2 (9,52%)} {AMBAS A 3 (14,28%)}
{AMBAS B 1 (4,76%)}

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCÍONS A) E B):

{A 18 (85,71%)} {TE 9 (42,85%)}

22. a) Sempre lle fascinou a lectura.

b) Sempre o fascinou a lectura.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 18 (85,71%)} {B 1 (4,76%)} {AMBAS 1 (4,76%)} {AMBAS A 1 (4,76%)}
{AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS OPCÍONS A) E B):

{A 20 (92,24%)} {TE 3 (14,28%)}

23. a) A ela sorprendeulle que criticases en público o director do centro.

b) A ela sorprendeuna que criticases en público o director do centro.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 18 (85,71%)} {B 1 (4,76%)} {AMBAS 1 (4,76%)} {AMBAS A 1 (4,76%)}
{AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS
OPCIÓNS A) E B):

{A 20 (92,24%)} {TE 3 (14,28%)}

24. a) Tamén a meu pai **lle** alegrou que viñeras á festa.

b) Tamén a meu pai **o** alegrou que viñeras á festa.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 15 (71,42%)} {B 3 (14,28%)} {AMBAS } {AMBAS A 3 (14,28%)} {AMBAS B
}

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS
OPCIÓNS A) E B):

{A 18 (85,71%)} {TE 6 (28,57%)}

25. a) Pódovos asegurar que a actitude dos xogadores a quen máis **lle** decepcionou
foi a min.

b) Pódovos asegurar que a actitude dos xogadores a quen máis **o** decepcionou foi a
min.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 13 (61,90%)} {B 6 (28,57%)} {AMBAS } {AMBAS A 1 (4,76%)} {AMBAS B 1
(4,76%)}

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS
OPCIÓNS A) E B):

{A 15 (71,42%)} {TE 8 (38,09%)}

26. a) Hai xente á que **lle** excita o sexo telefónico.

b) Hai xente á que **a** excita o sexo telefónico.

A OPCIÓN MÁIS NATURAL PARA MIN É A SEGUINTE:

A) &B) & AMBAS & AMBAS, SOBRE TODO A PRIMEIRA & AMBAS, SOBRE TODO A SEGUNDA.

{A 16 (76,19%)} {B 2 (9,52%)} {AMBAS } {AMBAS A 3 (14,28%)} {AMBAS B }

OU, DE LIMITARMOS AS POSIBILIDADES DE ESCOLLA UNICAMENTE ÁS
OPCIÓNS A) E B):

{A 19 (90,47%)} {TE 5 (23,81%)}

2.2 VERBOS TRANSITIVOS CON COMPLEMENTO DE RÉXIME PREPOSICIONAL (CRP)

Este segundo grupo está conformado por unha serie de verbos que requiren –tanto que estea presente de xeito explícito no enunciado coma que non– un complemento de réxime preposicional.

2.2.1 Listaxe (non pechada) deste tipo de verbos

Pódense incluír neste grupo (e igual ca no caso do punto 2.1.1, non pretendemos fornecer unha listaxe pechada, nin moito menos) verbos coma os seguintes:

advertir, ameazar, aprender (*sinón.:* deprender), atender, autorizar, avisar, axudar, convidar, ensinar, informar, obedecer, obrigar, previr, servir

2.2.1.1 ■ Exemplos de cada un deles

■ *Tratamento que se lles presta no Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) e mais no Dicionario de la Real Academia Española (DRAE)*

■ *Observacións, naqueles casos en que se considera procedente*

■ **Advertir:**

► Exemplos:

- **Advertídelles** de que se bota a lingua a pacer, que se ataña ás consecuencias.
- O guía disque xa **lle advertira** ó paisano do perigoso que era arrimarse tanto á carricova.
- Xa **che advertimos** de todo isto do que estamos a falar, así que non tes escusa ningunha.
- Se ninguén **lle advirte** á xente de que o chan está esvaradío, pode escorregar calquera.
- Eu xa **lle advirto** seguido, pero non me fai caso ningún.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

2. Facer saber [algo que debe ser tomado en consideración]. **OBSERVACIÓNS:**

En certas circunstancias vai seguido da preposición *de*. *O médico advertiume que non tomase alcohol durante o tratamento.* **CONFRÓNTESE** recomendar.

Advertíronme que era perigoso asomarme. —Sabiades que era necesario o pasaporte? —Non, ningún nolo advertiu. CONFRÓNTESE dicir, informar. Advertíronnos das dificultades que iamos encontrar. CONFRÓNTESE avisar, previr. Os sinais advirten claramente da existencia de curvas perigosas. CONFRÓNTESE avisar, previr.

[...]

• **DRAE:**

[...]

2. tr. Llamar la atención de alguien sobre algo, hacer notar u observar. U. t. c. intr.

3. tr. Aconsejar, amonestar, enseñar, prevenir.

[...]

► **Observacións:**

1. Como se pode apreciar, o DRAG advirtenos (de) que nos atopamos ante un verbo que “en certas circunstancias vai seguido da preposición *de*”. A observación é, polo tanto, moi xenérica, pois non se entra en máis detalles, e obriga ó consultor do dicionario a ter que tirar as súas propias conclusións.

Deste xeito, e en relación co que aquí estamos a tratar, podemos facer unha serie de apuntamentos:

- Nos casos en que non se emprega a preposición **de** (coma no primeiro dos exemplos: *O médico advertíume que non tomase alcohol durante o tratamento*), queda claro que o complemento de persoa (neste primeiro exemplo, *me*) é un CI: advertirlle algo [CD] a alguén [CI].
- Mais, ¿que acontece se optamos por botar man da dita preposición, como pasa no penúltimo exemplo: *Advertíronnos das dificultades que iamos encontrar?*

Pois, neste suposto, parece que a configuración sintáctica xa cambia:

- O constituínte que no caso de empregarmos a preposición funcionaría como CI (*nos*, como enclítico de *advertiron*) pasa, ao introducirmos esta, a desempeñar a función de CD, mentres que o que exercería como CD (*as dificultades que iamos encontrar*) pasa a comportarse como CRP. Daquela, atopámonos co seguinte panorama:

Advertíronnos [CI] *as dificultades que iamos encontrar* [CD]³²

³² Nótese que esta disposición sintáctica resulta habitual naqueles contextos en que o CD está conformado por unha oración subordinada introducida pola conxunción **que** e o verbo **advertir** esprome un contido de apercebimento, admonición, recomendación e/ou ameaza (tal e como acontece nos dous primeiros exemplos do DRAG), mais é posible que presente, cando menos no seu uso real e efectivo, algunhas limitacións ou

vs.

Advertíronnos [CD] *das dificultades que iamos encontrar* [CRP]

E é precisamente con esta última configuración sintáctica coa que se pode producir o fenómeno da pronominalización do CD a través do clítico dativo, tal e como se pode observar nos exemplos que plasmamos ó comezo do tratamento deste verbo:

- *Advertídelles de que se bota a lingua a pacer, que se ataña ás consecuencias.*
- *O guía disque xa lle advertira ó paisano do perigoso que era arrimarse tanto á carricova.*
- *Xa che advertimos de todo isto do que estamos a falar [...].*
- *Se ninguén lle advirte á xente de que o chan está esvaradío [...].*
- *Eu xa lle advirto seguido, pero non me fai caso ningún.*³³

Nótase, por certo, que, tal e como acontece neste último exemplo, non é necesario que o CRP estea expreso: sobreenténdese que se advirte sobre algo (ou, coa outra interpretación posible, que se lle advirte algo, caso este último no que xa non se suscitaría ningunha dúbida, pois ó clítico corresponderíalle a súa función propia de CI).

2. Polo que atangue ó castelán, o Panhispánico, fronte ó que acabamos de comentar (e botando man do mesmo argumento ou razoamento que emprega en relación co verbo **informar**, que trataremos tamén máis adiante dentro deste mesmo apartado), considera que nos supostos en que o verbo **advertir**, seguido da preposición **de**, estea complementado por unha oración subordinada introducida pola conxunción **que**, o pronome átono de persoa debe presentar o caso acusativo, e non o dativo:

«[...] 3. Cuando significa 'poner algo en conocimiento de alguien', puede construirse de dos modos:

a) *Advertir* [a alguien] *DE* algo: "*Jamás advirtió a Lucía ~~DE~~ la sedio de que era objeto*" (Maqua *Invierno* [Esp. 1992]). El objeto de la advertencia puede ir también introducido por *sobre* o *acerca de*. Si la advertencia es una oración subordinada encabezada por la conjunción *que*, es correcto el empleo conjunto de la preposición y la conjunción: "*Me ha advertido ~~DE~~ que tiene una cita a las ocho*"

restricións, sobre todo relacionadas con certos casos en que o verbo simplemente fornece o significado de "facer saber" e o CD é unha locución substantiva: así, e por poñer simplemente un exemplo, soa bastante raro un enunciado do tipo de *¿*?O axente advertiulle [=fíxolle saber, deulle coñecemento] ó sarxento unha pisada no escenario do crime*, xa que se percibiría como máis normal e corrente o de *O axente advertiulle ó sarxento dunha pisada no escenario do crime*.

³³ En principio, inda que posiblemente con menor incidencia (en parte porque tamén se trata dun verbo menos usado), **previr** comportaríase do mesmo xeito. De feito, nestes catro exemplos, de se mudaren as formas do verbo **advertir** polas correspondentes de **previr**, os enunciados manteríanse tal cal, sen sufrir ningunha outra variación.

(Hidalgo Azucena [Esp. 1988]). En esta construcción el complemento de persona es directo, pues funciona como sujeto de la pasiva: "Ramiro Chan Tun [...] fue advertido DE QUE no podrá volver a bucear" (DYucatán [Méx.] 24.7.96). Por ello, **cuando este complemento es un pronombre átono de tercera persona, deben emplearse las formas lo(s), la(s)**: "Al salir LA advertí DE QUE faltaban unos cuantos escalones" (TBallester Filomeno [Esp. 1988]).

b) *Advertir* [algo] a alguien. El objeto de la advertencia se expresa mediante un complemento directo y el complemento de persona es indirecto: "LE advertimos los riesgos a que se exponía" (Valladares Esperanza [Cuba 1985]). Este régimen es el habitual cuando el complemento directo es una oración subordinada introducida por la conjunción *que*, y especialmente cuando la intención es admonitoria o amenazante: "La abrazó, la llenó de besos y le advirtió que pronto tendría la menstruación" (Allende Casa [Chile 1982]); "Te advierto que esta vez voy a reclamarte hasta el último céntimo" (Salom Vuelo [Esp. 1980]). [...]»

■ Ameazar:

► Ejemplos:

- Ata que non lle ameaza con castigalo, o cativo non lle obedece.
- Xa lle ameazou máis dunha vez con o denunciar.
- ¡¿Pero ti a quen lle ameazas, mamón, que che vou fender o lombo?!
- ¿Así que che ameaza con te botar do traballo se non fas unha hora máis ó día?
- Comezou a lle mandar whatsapps nos que lle ameazaba con difundir o vídeo íntimo se non lle daba diñeiro.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Dirixirlle ameazas a [alguén]. Ameazáronme con todo tipo de represalias se non calaba. CONFRÓNTESE coaccionar Ameazouno de morte.

[...]

• DRAE ("amenazar"):

1. **tr.** Dar a entender con actos o palabras que se quiere hacer algún mal a alguien.

[...]

► **Observación:**

Neste caso pode ser que nos atopemos ante un dos verbos con menor índice de incidencia na pronominalización do CD con dativo.

De todos os xeitos, si que se recollen exemplos ó respecto tanto na fala oral de xente galegofalante coma –pouquiños, iso si– no TILG.

■ **Aprender [sinón.: deprender]:**

► **Exemplos:**

- *Xa con menos de quince anos o pai lle aprendeu a guiar o tractor.*

- *Foi o mellor xogador de toda a volta quen lle aprendeu a xogar ó tute.*

- *Hai que lles aprender, xa desde cativos, a que respecten os máis grandes.*

- *Daquela os mestres pouca cousa che aprendían.*

- *Fun eu quen lle aprendín a pescar e agora cómeme polos pés.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

3. Transmitir ou facer adquirir o coñecemento de [algo]. *O profesor apréndenos cousas moi interesantes. Apréndeme a montar a cabalo.*

[...]

• **DRAE:**

[...]

5. **tr.** *desus.* Enseñar, transmitir unos conocimientos.

► **Observación:**

1. Véxase a observación que se realiza, neste mesmo apartado 2.2.1.1, en relación co verbo **ensinar**, xa que o comportamento de ambos, para o que aquí nos ocupa, é practicamente idéntico.

2. Polo que atinxe ó castelán, o DRAE dinos que esta acepción (que nos marca como desusada) é transitiva, mais se facemos unha procura na Rede parece que naqueles casos en que está complementada cunha oración subordinada de infinitivo, o seu uso real nos leva á secuencia expresiva *aprenderle (a alguien)* [CI] *a hacer algo* [CRP], e non a **aprenderlo (a alguien)* [CD] *a hacer algo* [CRP].

■ **Atender:**

► **Exemplos:**

- Non agarde na porta e pase, que xa **lle atende** aquí o meu compañeiro.
- Agora non fai falla que vaia á oficina, que xa **lle atenden** por teléfono ou telematicamente.
- Coméntelles que vai da miña parte, e se non **lle atenden** no momento, chámeme.
- Non marches, que xa **che atendo** agoriña mesmo.
- Dille a Carme que saia do almacén e que **lle atenda** a esa señora.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

4. Escoiitar e satisfacer as demandas de [un cliente]. *Atendeunos un camareiro moi agradable.* SINÓNIMO servir *Quen me atende?* SINÓNIMO despachar

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Acoger favorablemente, o satisfacer un deseo, ruego o mandato. U. t. c. intr.

[...]

► **Observacións:**

1. Malia non estar expreso nos máis dos contextos, cómpre entender que hai, no que tradicionalmente se viña denominando “estrutura profunda”, un CRP que se omite na “estrutura superficial” e que estaría introducido, en función de cada contexto concreto, polas preposicións **en** ou **a**:

- Non agarde na porta e pasa, que xa **lle atende** [EN TODO O QUE LLE FAGA FALLA] aquí o meu compañeiro.

- *Agora non fai falla que vaia á oficina, que xa **lle atenden** [Á SÚA CONSULTA] por teléfono ou telematicamente.*

- *Coméntelles que vai da miña parte, e se non **lle atenden** [NO QUE NECESITE] no momento, chámeme.*

- *Dille a Carme que saia do almacén e que **lle atenda** [NO QUE PRECISE] a esa señora.*

2. Deixamos no aire a pregunta: ¿podería, se cadra, ter algo que ver no uso do clítico dativo a influencia analóxica que poida exercer a locución **prestarlle atención a alguén** [en algo # con respecto a algo]?

3. Para o castelán non achamos no DRAE unha acepción específica que dea conta do significado que aquí estamos a tratar (isto é, o de escoitar as demandas dun cliente para tentar satisfacelas).

Si que encontramos unha “hiperacepción” (no senso de que se trata dunha acepción máis ampla na que se pode englobar a que aquí nos interesa) no Panhispánico, obra esta na que se nos manifesta que o clítico que rexe é o acusativo:

«3. **Se construye únicamente como transitivo** cuando significa ‘ocuparse [de alguien], satisfaciendo sus necesidades o demandas’: “Nos faltaba únicamente un mozo para **atender a los clientes**” (Mutis Ilona [Col. 1988]); “En invierno, cuando vienen con amigos, yo **los atiendo**” (Guido Invitación [Arg. 1979]).»

■ **Autorizar:**

► **Exemplos:**

- *O Concello non **lle autorizou** a construír un galpón na leira que ten á beira do río.*

- *Neste momento o Goberno non **lle autoriza** á Comunidade Autónoma a contratar máis médicos.*

- *De momento á miña curmá, que inda non ten os dezaseis, non **lle autorizan** a saír máis ca ata as once da noite.*

- *Xa nos contou que non **che autorizou** a publicar as imaxes.*

- *A Administración non **lle autorizou** á empresa a explotar a mina.*

- *Pois que saiba que ser tenente de alcalde non **lle autoriza** para nada a falarlle á xente con esa chulería que ultimamente gasta.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

2. Conceder a [alguén] o permiso, o dereito etc. para facer algo. *Aínda no o autorizan a saír.*

3. Dar [algo] dereito ou poder a alguén. *Os seus anos de investigación autorízano para opinar sobre o tema.* CONFRÓNTESE facultar

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Dar o reconocer a alguien facultad o derecho para hacer algo.

[...]

► **Observacións:**

1. O Panhispánico, ó igual que fai con outros verbos dos chamados “de influencia”³⁴, non acepta para **autorizar**, dentro da norma (ou, polo menos, da norma culta e formal), a estrutura actancial que nós acabamos de reflectir nos anteriores exemplos, isto é, a de «**CD**

³⁴ Copiamos deseguido o que di o Panhispánico acerca destes verbos:

«Los llamados “verbos de influencia” -los que expresan acciones que tienen como objetivo influir en una persona para que realice una determinada acción, como *autorizar, ordenar, invitar* (‘animar’), *permitir, exhortar*, etc.-, forman parte de la siguiente estructura: “verbo de influencia + complemento de persona + verbo subordinado, en infinitivo o precedido de *que*, o un nombre de acción”: *Le ordené ejecutar la sentencia / Le ordené que ejecutara la sentencia / Le ordené la ejecución de la sentencia*. El complemento de persona es indirecto con los verbos *permitir, prohibir, proponer, impedir, mandar* y *ordenar*: “*Esa experiencia LE permitió vivir a su manera*” (Alberto *Eternidad* [Cuba 1992]); “*LE prohibió salir de la capital hasta nueva orden*” (*Tribuna* [Hond.] 18.6.97); “*LE propuso hacer un viaje a la costa*” (*Landero Juegos* [Esp. 1989]); “*La penumbra LE impide ver con claridad*” (*Schmidhuber Ventana* [Méx. 1985]); “*Quién LE manda soltar pendejadas*” (*Medina Cosas* [Méx. 1990]); “*La Policía LES ordenó que no lo hicieran*” (*Clarín* [Arg.] 18.4.97). Por el contrario, el complemento de persona es directo con los verbos de influencia que llevan, además, un complemento de régimen, esto es, un complemento precedido de preposición, como *obligar A, invitar A, convencer DE, incitar A, animar A, forzar A, autorizar A*, etc.: “*Una barrera LOS obligó a desviarse*” (*Fuentes Cristóbal* [Méx. 1987]); “*LA convenció de que vendiera un anillo de brillantes*” (*Allende Casa* [Chile 1982]); “*Ella LO incitó a seguirla*” (*Martini Fantasma* [Arg. 1986]).»

co sema [+humano] (ou, como pouco, [+ humanizado]), pronominalizable co clítico dativo³⁵
+ **CRP** conformado por unha oración introducida por, maiormente, a preposición **a**»:

«Cuando significa 'permitir', como otros verbos de influencia que van seguidos de un infinitivo introducido por *a* (→ [LEÍSMO](#), 4b), **lleva un complemento directo de persona**: “*Quiere que yo **lo** autorice a salir a pescar*” (Chavarría Rojo [Ur. 2002]); puede construirse también con un sustantivo de acción como complemento directo, y en ese caso, el complemento de persona pasa a ser indirecto: “*LE autorizó la visita*” (Palou Carne [Esp. 1975]).»

2. Desde o noso punto de vista –e do mesmo xeito a como acontece con outros verbos deste tipo–, as oracións cuxo predicado principal é **autorizar** presentan tres posibilidades sintáctico-actanciais no que atangue ós seus complementos:

a) A que esixe un CI e mais un CD constituído ou ben por unha oración subordinada (de infinitivo ou iniciada pola conxunción **que**) ou ben por unha locución nominal:

Autorizarlle a alguén [CI] algo [CD]

Ex.: *Finalmente, autorizaron**lle** [CI] publicar o libro [CD] # que publicase o libro [CD] # a publicación do libro [CD].*

b) A que consta dun CD [+humano], ou como pouco [+humanizado], e mais un CRP consistente nunha oración e introducido, maiormente, pola preposición **a** (tamén por **para**):

Autorizar a alguén [CD] a algo [CRP]

[=Autoriza**lo** a algo].

Ex.: *Finalmente, autorizaron**no** [CD] a publicar o libro [CRP] # a que publicase o libro [CRP].*

c) A que consta dun CD [+humano], ou [+humanizado], pronominalizable con clítico dativo (ou, de adoptarmos o outro enfoque ou interpretación, a que consta dun CI) e mais dun CRP conformado por unha oración e introducido, maiormente, pola preposición **a** (tamén por **para**):

Autorizarlle a alguén [CD pronominalizable por dativo, ou, noutra interpretación, CI] a algo [CRP]

³⁵ Ou ben **CI**, no caso de aplicarmos o enfoque ou interpretación de que non podemos falar de CD naqueles casos en que é pronominalizado con dativo.

[=Autorizar**lle** a algo (sendo este “algo” unha oración en función de CRP)].

Ex.: *Finalmente, autorizáron**lle*** [CD pronominalizable por dativo, ou, noutra interpretación, CI] *a publicar o libro* [CRP].

3. Nótese, ademais, que naqueles contextos en que introducimos locucións preposicionais que maiormente (e dicimos “maiormente” porque tamén poden funcionar como CD) se asocian no subconsciente dos falantes á función de CI (do tipo de *a quen, a ningún* ou *a ningún*), a presenza do pronome átono dativo faise, por así o dicir, máis natural:

*Non **lle** autorizaron a publicar o libro **a ningún** dos dous # **a ningún**.*

*¿**A quen** máis **lle** autorizaron a publicar o libro?*

4. Finalmente, simplemente deixamos apuntada a posibilidade dunha hipotética influencia analóxica provocada por unha expresión analítica a xeito de locución verbal que fornece o mesmo significado có verbo e que resulta tamén moi empregada: ***darlle autorización a alguén***.

Este fenómeno dunha hipotética influencia analóxica poderíase dar tamén con outros verbos:

advertir a alguén = ***darlle unha advertencia*** a alguén

avisar a alguén = ***darlle aviso*** a alguén

axudar a alguén = ***darlle unha axuda*** a alguén

informar a alguén = ***darlle información # informe*** a alguén

■ **Avisar:**

► **Exemplos:**

- ***Avísalle** aí a teu curmán.*

- *Eu non **lle** teño nada por que **avisar**. Se tanto lle importa o tema, que teña el ansia.*

- *Manola dixo que xa se encargaba ela de **lles avisar** da xuntanza ós socios que non tiñan correo electrónico.*

- *A Administración non **lle avisou** en prazo e forma de que tiña realizar o pagamento antes de 15 días.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Facer saber [a alguén] algo que lle interesa. *Avisa a Pedro de que ten un paquete na miña casa.* SINÓNIMO informar.

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Dar noticia de algún hecho.

2. **tr.** Advertir o aconsejar.

[...]

► **Observacións:**

1. Neste caso, e á diferenza do que acontecía co verbo **advertir**, o DRAG non fai comentario ningún acerca de se se emprega ou non (ou de se se pode empregar ou non) rexendo a preposición **de**. Non obstante, e partindo do exemplo que se fornece, o que resulta claro é que a estrutura “verbo + CD + CRP introducido pola preposición de” se dá como correcta.

Con todo e iso, e tomando como referencia exemplos recolleitos tanto da propia fala coma do TILG, entendemos que, ó igual a como acontece en castelán, a estrutura “verbo + CI + CD conformado por unha oración introducida pola conxunción que” tamén é admisible. Ex.: *Avisalle a Pedro [CI] que ten un paquete na miña casa [CD].*

2. Como xa en parte adiantamos no parágrafo precedente, o castelán (tomamos como fonte, para o caso, unha obra de referencia normativa como é o Panhispánico) ofrece tamén as referidas dúas estruturas como correctas... e condena, de xeito expreso, a materialización sintáctica que nós reflectimos máis arriba para os exemplos de galego e que é a que resulta obxecto de estudo e análise no presente traballo, isto é, a de “verbo + CD pronominalizable con clítico dativo (ou, de se interpretar doutro xeito, CI) + CRP introducido pola preposición de”:

«a) *Avisar* [a alguien] DE algo. El contenido del aviso se expresa mediante un complemento introducido por la preposición *de*: *Avisaron al embajador DE la llegada del presidente*. Si este complemento es una oración subordinada introducida por la conjunción *que*, es correcto el empleo conjunto de la preposición y la conjunción: *Avisaron al embajador DE QUE el presidente había llegado*. El complemento de persona es, en esta construcción, el complemento directo, pues funciona como sujeto de la pasiva: *El embajador fue avisado DE la llegada del presidente*. Por ello, **cuando este complemento es un pronombre átono de tercera persona, deben emplearse las formas lo(s), la(s)**: “Una doncella **LA** avisó **DE QUE** la llamaban por teléfono” (Grandes Aires [Esp. 2002]).»

■ Axudar:

► Exemplos:

- *Axúdalle* a traer eses paquetes para dentro.
- Nalgún tempo, cando esbirrabas, non era raro que por educación che dixeran “Deus *che axude*”.
- Se vostede quere que *lle axude*, avíseme.
- ¡Que *lle axude* María santísima, que tampouco el me axudou a min cando me fixo falla!
- Ben sabemos que *lle cómpre axuda*, pero para nós *lle axudarmos*, tense que deixar axudar.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Dar a [unha persoa] aquilo que necesita. *Débese axudar a quen non ten medios*. SINÓNIMOS acorrer, auxiliar¹, socorrer. CONFRÓNTESE asistir.

verbo intransitivo

2. [Algo, alguén] contribuír para o logro dun obxectivo. *Se non lle axudarades, ela soa non o facía*.

[...]

• DRAE (“ayudar”):

1. **tr.** Prestar cooperación.

2. **tr.** Auxiliar, socorrer.

[...]

► Observacións:

1. Observamos que o DRAG nos mostra, en relación coa cuestión obxecto de tratamento do presente estudo, unha acepción transitiva e outra intransitiva, diferenciando ademais o significado de ambas.

Sexa como for, se tomamos o exemplo da acepción que se nos manifesta como transitiva e suprimimos o en principio CD na súa forma plena (*a quen non ten medios*), a fin de pronominalizalo, ¿realmente teríamos por incorrectos enunciados do tipo *Debeselle axudar* [á xente que non ten medios], *Debémolle axudar* [á xente que non ten medios] ou *Á xente que non ten medios debémolle axudar*? Coidamos que en absoluto se poderían considerar como incorrectos.

Conclusión: ou ben estamos ante unha acepción transitiva cuxo CD é susceptible de ser pronominalizado por un clítico dativo; ou ben nos encontramos ante unha acepción que pode ser interpretada como transitiva ou como intransitiva en función do clítico con que pronominalicemos o complemento de persoa; ou ben nos atopamos ante unha acepción intransitiva. Non obstante, esta última interpretación tamén presentaría as súas dificultades, na medida en que parece claro que enunciados como *Debémola axudar* [á xente que non ten medios] ou *Á xente que non ten medios debémola axudar* son igualmente correctos.

2. Pola súa banda, o Panhispánico, fronte ó contido do DRAE, contempla tamén a posibilidade do uso intransitivo deste verbo, ancorándoa ademais en razóns históricas, pois que o verbo latino *adiuvare* (antecedente etimolóxico do galego *axudar* e do castelán *ayudar*) podía construírse con dativo:

«1. Cuando significa 'ofrecer ayuda a alguien', se ha generalizado su uso como transitivo en gran parte del dominio hispanohablante. Además del complemento directo de persona, suele llevar un complemento con *a*, si lo que sigue es un infinitivo, o con *a* o *en* si lo que sigue es un sustantivo: "Alguien *Lo* ayudó *A incorporarse*" (JmnzEmán *Tramas* [Ven. 1991]); "Un *psiquiatra* [...] puede definir el perfil del asesino y *ayudar a su captura*" (LpzNavarro *Clásicos* [Chile 1996]); "Tenía *perros amaestrados que Lo ayudaban EN sus fechorías*" (Villoro *Noche* [Méx. 1980]). Es incorrecto omitir la preposición: ⊗ "*Ayudaron revitalizar el teatro chileno*" (Hoy [Chile] 7-13.1.81). **En ciertas zonas no leístas, sin embargo, se mantiene su uso como intransitivo, conservando el dativo con que se construía en latín (lat. *adiutare*): "Su hijo Leoncio *LE* ayuda [a ella] a vivir"** (Hoy [El Salv.] 30.1.97) (→ [LEÍSMO](#), 4e).»

3. A múltiple rexencia deste verbo tamén se manifesta en obras lexicográficas portuguesas, coma por exemplo no Houaiss:

ajudar

1. *rg.mt.*³⁶ prestar socorro, assistência (a alguem ou a si mesmo); dar ajuda; auxiliar <a. os pobres> <ajudou-a em suas tarefas> <fez tudo sem *ninguem lhe* a.> <todos queriam a.> <ele carecia de forças para se a.> [...]

■ **Ensinar**³⁷:

³⁶ Abreviatura de *regência múltipla*.

³⁷ Lembramos que o verbo **aprender** presenta, para o que aquí nos ocupa, un comportamento practicamente idéntico.

► **Exemplos:**

- *Ensinoulle a vivir en sociedade.*
- *E logo ti, señor carpinteiro, ¿inda non lle ensinaches ó teu rapaz a colocar unha porta?*
- *Debíase apuntar a ese curso, xa que aí ensinánlle á xente a se expresar en público.*
- *Pois se teus pais non che ensinan a te comportares como Deus manda, a ver quen o fai.*
- *Non fai falla ensinarlle a facer mal, que xa aprende el só.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Facer adquirir a alguén o coñecemento ou a práctica de [unha cousa].
Ensinoulle un novo exercicio ao can. SINÓNIMOS aprender, deprender.
Ensinoulle a vivir en sociedade. CONFRÓNTESE educar, iniciar, instruír.
Ensinoume o camiño que vai á aldea. SINÓNIMOS indicar, mostrar, sinalar.
[...]

• **DRAE (“enseñar”):**

1. **tr.** Instruír, doutrinar, amaestrar con regras o preceptos.
2. **tr.** Dar advertencia, exemplo o escarmiento que sirva de experiencia y guía para obrar en lo sucesivo.
[...]

► **Observacións:**

Como podemos notar, o DRAG preséntanos como transitiva esa acepción de lle facer adquirir a alguén (ou a un animal –como acontece no primeiro exemplo do propio DRAG– ou entidade humanizada) o coñecemento ou a práctica dalgunha cousa. Non obstante, se cadra conviña facer algunhas advertencias ou precisións ó respecto:

- Así, se tomamos como referencia o primeiro dos exemplos que nos mostra, parece que a cousa está clara e non presenta problema ningún:

Ensinoulle [CI] *un novo exercicio* [CD] *ao can* [CI].

Onde vemos que hai un CD non humano nin animado (*un novo exercicio*) e un CI que neste caso non é humano, mais si animado (*ao can*).

- Mais se botamos man do segundo dos exemplos que reflicte (*Ensinoulle a vivir en sociedade*), o tema xa pode presentar as súas sombras e suscitar incertezas.

Porque, ¿cal sería a análise sintáctica? Pois na medida en que, como dicimos, o DRAG nos amosa esta acepción como transitiva, non cabería senón facer a seguinte análise:

Ensinoulle [CI] *a vivir en sociedade* [CD].

Sen embargo, nós entendemos que o elemento constituído pola oración de infinitivo introducida pola preposición **a** (*a vivir en sociedade*) está a desempeñar, en realidade, o rol sintáctico de CRP, como o demostraría, por exemplo, a posibilidade de usar un clítico acusativo no canto do clítico acusativo:

Ensinouno/a [CD] *a vivir en sociedade*.

Enunciado este último no que a subordinada de infinitivo só pode funcionar como CRP.

De feito, e inda que, en relación coa lingua castelá, o Panhispánico non se manifesta dun xeito explícito, coidamos que a explicación que ofrece no punto 2 vai tamén nesta liña:

«[...] 2. **enseñar a** + infinitivo. ‘Hacer que alguien aprenda a hacer lo que el infinitivo expresa’. En este caso, el complemento de persona puede considerarse indirecto (uso mayoritario) o directo (minoritario, pero también válido): “Toño la condujo bajo los álamos y allí [...] LE enseñó a hacer el amor” (Donoso *Elefantes* [Chile 1995]); “Desde que **LO** enseñó a leer, su madre le compraba los libros” (GaMárquez *Amor* [Col. 1985]).»

Dado que, obviamente, se o pronome átono **lo** cumpre a función de CD, *a leer* non pode ser tamén CD.

■ En definitiva, entendemos que tanto na entrada **ensinar** coma na entrada **aprender** (e no seu sinónimo **deprender**) se debería desenvolver, cando menos, unha acepción intransitiva –que perfectamente podería reflectir o significado que nos fornece o Panhispánico de “facer que alguén aprenda a facer o que o infinitivo expresa”– que dera conta dos casos en que estes verbos se constrúen con CRP.

Por o resumir un pouco, entendemos que nesta acepción os tres referidos verbos (**aprender**, **deprender** e **ensinar**) poden presentar dúas posibles estruturas sintácticas básicas:

a) Unha estrutura de comportamento transitivo, cun CD non humano:

Ensinarlle # *Aprenderlle a alguén* [CI] *algunha cousa* [CD]

b) Outra de comportamento intransitivo³⁸:

³⁸ Ou ben, cando menos polo que respecta ó verbo **ensinar** (para os verbos **aprender** e **deprender** non temos constancia de que o complemento poida ser pronominalizado mediante o clítico acusativo), e

Ensinarlle # Aprenderlle a alguén [CI] a facer algo [CRP]

Á que se podería engadir outra (ó menos en relación co verbo **ensinar**, xa que, como acabamos de comentar, non dispomos de información contrastada de que ocorra o mesmo fenómeno con **aprender** nin **deprender**), como variante menos común da **b**), de comportamento transitivo, cun CD [+humano] –ou, como pouco, [+humanizado] ou [+animado]– pronominalizable mediante acusativo:

c) Ensinar a alguén [CD: (Ensinalo/a)] a facer algo [CRP]

■ Informar:

► Exemplos:

- ¿Inda non **lle informaches** á xefa de nada do que se dixo na xuntanza?
- Foi a un avogado a que **lle informara** ben do tema.
- Á directora que non **lle informen** de nada ata que dispoñamos, contrastados, de todos os datos.
- Déixame consultalo primeiro e xa **che informo**.
- Dille que xa lle mandan un correo electrónico para **lle informar** de cando se acaba o prazo para renovar a tarxeta de funcionario.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Dar a coñecer, facer saber a [alguén]. *Informárono de que tiña o premio á súa disposición.* CONFRÓNTESE avisar. Tamén absoluto *A misión fundamental dos xornais é a de informar.*

[...]

• DRAE:

1. **tr.** Enterar o dar noticia de algo. U. t. c. prnl.

[...]

aplicándolle o enfoque que estamos a defender en moitos casos no presente traballo, de réxime transitivo, cun CD [+humano] –ou, como pouco, [+humanizado] ou [+animado]– pronominalizable mediante dativo:

Ensinarlle a alguén [CD pronominalizable mediante dativo] a facer algo [CRP]

=

Ensinalo/a [CD] a facer algo [CRP].

► **Observacións:**

1. Na nosa opinión, o verbo **informar** –con este significado do que aquí nos estamos a ocupar– presenta basicamente as mesmas posibilidades sintácticas que referimos ó abordarmos o verbo **advertir**, e que van máis alá da que nos fornece o exemplo do DRAG. Vexámolas:

a) A que amosa o exemplo do DRAG, cun CD [+humano] e mais un CRP introducido, maiormente, pola preposición **de**:

Informar a alguén [CD] de algo [CRP]

[=Informar**lo** de algo].

Ex.: *Informárono/a* [CD] *de que o avión aterrará en Peinador contra a unha da noite* [CRP].

b) A que esixe un CI e mais un CD [-humano], non introducido por preposición, consistente nunha oración subordinada iniciada pola conxunción **que**³⁹:

Informar a alguén [CI] algo [CD]

[=Informar**lle** algo].

Ex.: *Informáronlle* [CI] *que o avión aterrará en Peinador contra a unha da noite* [CD].

c) A que consta dun CD [+humano] pronominalizable con clítico dativo (ou, de adoptarmos outra interpretación, a que consta dun CI) e mais dun CRP introducido, maiormente, pola preposición **de** (tamén serían posibles outras preposicións ou locucións preposicionais, coma **sobre** ou **acerca de**):

Informar a alguén [CD pronominalizable por dativo, ou, noutra interpretación, CI] de algo [CRP]

[=Informar**lle** de algo].

Ex.: *Informáronlle* [CD pronominalizable por dativo, ou, noutra interpretación, CI] *de que o avión aterrará en Peinador contra a unha da noite* [CRP].

2. Polo que respecta ó castelán, o Panhispánico rexeita a terceira das posibilidades que acabamos de contemplar:

³⁹ Entendemos que para esta estrutura actancial (e fronte ó que acontecía co verbo **advertir**, que –inda con certas limitacións, tal e como sinalamos– si admitía esta possibilidade), a opción dun CD conformado por unha locución nominal sería ou ben inexistente ou ben, en todo caso, completamente residual:

¿*???Dille que lles informe os prezos dos colchóns a eses señores.

¿*???Infórmalle ti todos os acordos ós que se chegaron.

«1. Con el sentido de 'hacer saber algo a alguien', puede construirse de dos modos:

a) *Informar* [a alguien] *DE* algo. La información se expresa mediante un complemento con *de* o *sobre*: *Informó DE su marcha a sus superiores; Informé al comité SOBRE la marcha del proyecto.* Si el complemento, en lugar de un sustantivo, es una oración subordinada encabezada por la conjunción *que*, es correcto el empleo conjunto de la preposición y la conjunción: *Informó a sus superiores DE QUE se marchaba.* **El complemento de persona es, en esta construcción, el complemento directo, pues funciona como sujeto de la pasiva: *Sus superiores fueron informados de su marcha; por ello, cuando este complemento es un pronombre átono de tercera persona, deben usarse las formas lo(s), la(s):*** "Teresa [...] **lo** informaba despacio y con detalle del motivo de su visita" (PzReverte Reina [Esp. 2002]). Este es el régimen habitual en la lengua culta de España y se da también entre hablantes cultos de América.

b) *Informar* [algo] a alguien. La información se expresa mediante un complemento directo y *va*, por tanto, sin preposición. Este es el régimen habitual en la mayor parte de América: *Informó la novedad a sus superiores; Informó al jefe que llegaría con retraso.* En este caso, el complemento de persona es indirecto y, por ello, si se trata de un pronombre átono de tercera persona, debe usarse la forma *le(s)* (o *se*, si antecede a otro pronombre átono; → [se](#), [la](#)): "**LE** informaron que estaba detenido" (VLlosa Fiesta [Perú 2000]); "*Sintió mucha pena cuando Tita SE lo informó*" (Esquivel Agua [Méx. 1989]). [...]»

■ Obedecer:

► Ejemplos:

- Non **lle obedeceu** á adestradora cando lle dixo que tirase o balón fóra e substituíno ó dereito.
- O que tes que facer con túa nai é **obedecerlle** máis e protestarlle menos.
- Se non **che obedece** en todo o que lle mandes, avisa.
- Este profesor da autoescola, se lle retrucas e non **lle obedeces**, faiche parar o coche e dá por rematada a clase.
- Cando esteas na casa, **obedéceslle** á avoa en todo canto che diga.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

2. Someterse ás ordes ou mandatos de [algo ou alguén]. *O can non obedece o seu dono.* ANTÓNIMO desobedecer

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Cumplir la voluntad de quien manda. *Obedecer a los padres.*

[...]

► **Observacións:**

1. Neste caso o contido do CRP é posible que se faga menos perceptivo ca con outros verbos, sobre todo porque hai moitos enunciados en que se atopa omitido e non se expresa. Non obstante, pódese entender que se trata dun verbo que sempre encerra, ou que leva implícito no seu propio significado, un CRP introducido pola preposición **en** (*obedecer a alguén + naquilo que lle di ou que lle manda*).

2. Nótese que –adiantando un pouco o que posteriormente se comentará– o complemento presenta sempre o trazo semántico de [+humano], tal e como se pode observar nos exemplos, posto que naquelas ocasións en que o complemento é [–humano] xa estaríamos a nos enfrontar cun CD ó uso, pronominalizado sen dúbida con acusativo: *Cómpre obedecer as leis* [CD co trazo semántico de non humano] → *Cómpre obedecelas*.

Noutras palabras: a pronominalización con dativo só se daría naquelas ocasións en que o complemento presente ese trazo semántico de [+humano] (ou, como pouco, de [+humanizado] ou [+animado]).

3. Cómpre tamén ter en conta que neste caso nos encontramos ante un verbo cuxo antecedente etimolóxico latino (*oboedire*) se construía xa con dativo.

De feito, o portugués segue a amosar este comportamento sintáctico intransitivo, tanto que o complemento presente o trazo de [+humano] coma o de [–humano]. Como mostra, véxase o que se recolle ó respecto no Houaiss:

Obedecer 1. *t.i.* submeter-se à vontade de (outrem) <o. aos pais> 2. *t.i.* estar sob o comando de; prestar vassalagem a <durante a colonização, várias províncias ameaçaram não o. à metrópole> 3. *t.i.* agir ou estar de acordo com <o. às regras de

trânsito> <a escrita da História o. às leis do discurso> **4.** t.i. ceder a (uma incitação ou sentimento); atender a <o. aos chamados da natureza> **5.** t.i. estar submetido a uma força, a uma necessidade natural <os animais o. aos instintos> [...]

4. En liña co comentado neste último parágrafo, o Panhispánico, volvendo matizar ou corrixir un tanto a información achegada no DRAE, reflicte o seguinte:

«[...] Si el complemento directo es un pronombre átono de tercera persona, corresponde usar las formas *lo(s)*, *la(s)*: “Pero todos *LO* obedecen a usted” (Leñero Martirio [Méx. 1981]); “Alfonso *LA* obedeció en el acto” (VLllosa Elogio [Perú 1988]); “Empezaron por dormírsele las piernas. No *LA* obedecían, no tenían fuerza” (Boullosa Duerme [Méx. 1994]). **No obstante, en amplias zonas no leístas del ámbito hispánico se conserva el régimen etimológico de este verbo, que en latín se construía con dativo; por tanto, es muy habitual y se considera igualmente correcto el empleo de *le(s)* para representar el complemento de persona de obedecer** (→ [LEÍSMO](#), [4e](#)): “Los gatos *LE* obedecían [a ella] y se quedaban dormidos esperándola” (Época [Chile] 22.7.96); “Los dos monstruos [...] obedecían a Dindi ciegamente, pero solo *LE* obedecían a él” (Mujica Escarabajo [Arg. 1982]). [...]»

■ **Obrigir:**

► **Exemplos:**

- Se non quere acudir á reunión, ninguén **lle obriga** a vir.
- Nin se che ocorra **obrigarlle** á meniña a facer a primeira comunión.
- Naqueles tempos, ós que se portaban mal **obrigábanlles** a poñerse de xeonllos contra a parede durante toda a clase.
- Ese sinal que acabamos de pasar **obrigache** a reducir a velocidade, llou.
- Ó final, nesta sociedade hiperconsumista case **lle obrigan** a un a comprar algo por estas datas. Se non, case que te fan pasar por un amarrado ou un antisistema.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Facer que [alguén] realice algo en contra da súa vontade. *Obrigárono a asistir a todas as clases.* ANTÓNIMOS desobrigar, dispensar *Non tiña fame, pero obrigárono a comer.* SINÓNIMO forzar *A enfermidade obrígo a permanecer na cama.* SINÓNIMO forzar CONFRÓNTESE constrinxir, impeler

2. Ter unha lei, disposición, contrato etc., aplicación ou incidencia sobre [a persoa ou persoas que se expresan]. *O contrato obriga as dúas partes a cumprir o estipulado. A lei obriga a todos os cidadáns.*

[...]

• **DRAE (“obligar”):**

1. **tr.** Mover e impulsar a hacer o cumprir algo, compeler, ligar.

[...]

► **Observacións:**

1. Para o castelán, o Panhispánico non considera dentro da norma (cando menos, da norma culta e formal, por así o dicir) a estrutura “CD pronominalizable con dativo⁴⁰ –ou, noutra interpretación, CI– + CRP”:

«[...] Por el contrario, **el complemento de persona es directo con los verbos de influencia que llevan, además, un complemento de régimen**, esto es, un complemento precedido de preposición, como **obligar a**, *invitar a*, *convencer de*, *incitar a*, *animar a*, *forzar a*, *autorizar a*, etc.: “Una barrera **los obligó** a desviarse” (Fuentes Cristóbal [Méx. 1987]); “La convención de que vendiera un anillo de brillantes” (Allende Casa [Chile 1982]); “Ella lo incitó a seguirla” (Martini Fantasma [Arg. 1986]).»

2. Por outro lado, obsérvase como a segunda das acepcións recolleita no DRAG pode nalgúns contextos solaparse en certa medida coa primeira, contextos estes en que, polo tanto, tamén sería susceptible de se empregar o clítico dativo:

*O contrato **obriga as** dúas partes a cumprir o estipulado.*

*O contrato **obrígalles ás** dúas partes a cumprir o estipulado.*

De feito, non é raro botar man do clítico dativo para as ocorrencias desta segunda acepción:

*O contrato **obrígache** a ti a pagar e á outra parte a che entregar a posesión do ben.*

*A lei **obrígalle** a render contas ante os veciños.*

⁴⁰ Bardante, obviamente, dos casos de dativo en función de CD aceptados como correctos na norma castelá, isto é, aqueles dativos “en función de complemento directo cuando el referente es una persona de sexo masculino”, botando man das palabras do Panhispánico.

■ Servir:

► Exemplos:

- *Sírvelle* en todo canto che diga.

- Asegúrolle, señor, que *lle servirei* en todo canto poida se me concede o posto.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Traballar como servente ás ordes de [alguén]. *Serviuno durante moitos anos.*

Tamén absoluto *Serviú nunha casa rica.*

2. Dar ou subministrar a [alguén] o que necesita ou pide. *Servir un cliente.*

CONFRÓNTESE atender

[...]

6. Prestar voluntariamente unha axuda ou facer un favor a [unha persoa]. *El no que puido sempre os serviú.*

7. Axudar a [un partido, causa etc.]. *Servir os intereses do partido.*

[...]

• DRAE:

1. **intr.** Estar al servicio de alguien. U. t. c. tr.

[...]

14. **tr.** Obsequiar a alguien o hacer algo en su favor, beneficio o utilidad.

[...]

► Observacións:

1. Velaquí o que comenta o Panshispánico en relación con algunhas das acepcións que nos interesan:

«[...] 2. Cuando significa 'estar al servicio de alguien', es igualmente correcto su uso como transitivo y como intransitivo, de manera que el complemento de persona puede funcionar como complemento directo o como complemento indirecto: "Recordaba bien a la mujer que lo sirvió durante más de veinte años" (Allende Eva [Chile 1987]); "No se atreve [la dueña de la peluquería] a protestar, ni contra la presencia de la peinadora, ni contra sus intervenciones, que siempre le parecen insolentes, por miedo a

quedarse sin nadie que LE sirva" (Castellanos *Femenino* [Méx. 1975]). Cuando significa 'suministrar a un cliente [lo que pide]', el complemento de persona es siempre indirecto, esté o no explícito el complemento directo: "*El camarero ríe, mientras LE sirve y cobra a René y Anselmo*" (Parrado *Muerte* [Cuba 1984]). [...]»

2. É posible que nos atopemos ante un verbo dos máis complexos á hora de abordar o seu comportamento sintáctico desde a perspectiva do tipo de complementos que rexe. Sexa como for, dá a impresión de que o tratamento do DRAG é un tanto reducionista, pois que deixaría fóra enunciados (alén dos xa expostos ó comezo do tratamento deste verbo) coma, por poñer uns exemplos, os seguintes:

▪ *Cada ano millóns de árbores son arrincadas da terra para **servir ós** intereses da industria do papel* [CRP].

▪ ***Sírvelles** ti **ós** da mesa **catro*** [CD PRONOMINALIZADO CON CLÍTICO DATIVO, OU, NOOUTRA CONCEPCIÓN, CI], *que teño que ir un momento ó baño.*

{Emprego, o deste último enunciado, que garda unha estreita conexión semántica coa acepción do verbo **atender** que anteriormente abordamos neste mesmo apartado 2.2.1.1, e que así mesmo se atopa directamente relacionado co que para o castelán comenta o Panhispánico de que "Cuando significa 'suministrar a un cliente [lo que pide]', el complemento de persona es siempre indirecto, esté o no explícito el complemento directo".

Ademais, entendemos que difire do que se nos manifesta na acepción 2 do DRAG, pois se nos atemos escrupulosamente a ela, no caso de lle querermos preguntar a alguén a cantos clientes atendeu (por exemplo, nun bar ou restaurante), teríamos que lle dicir: *¿Cantos clientes serviches?*, e non *¿A cantos clientes (lles) serviches?* E está claro que este último enunciado non presenta problema ningún.

Non obstante, cómpre indicar que este exemplo –e esta acepción– de *Sírvelles tí ós da mesa catro* tamén se encadraría dentro do terceiro grupo de verbos que imos ver, polo que volveremos sobre del máis adiante, concretamente cando entremos no apartado 2.3.1.1.}

Mesmo se lle botamos un ollo ó TILG, vemos que hai abondos exemplos en que o complemento do verbo **servir**, cando espreme, *grosso modo*, os significados de *estar ó servizo de* ou *facerlle servizo a*, rexe a preposición **a** (*servir ó rei # ós que se chaman políticos # ó Vilaverde # ó señor # ós nosos amos # ó secretario # ó país # á monarquía # ó cura # ...*⁴¹), o cal coidamos que resulta indicativo de que o comportamento non é monocorde con respecto

⁴¹ Non reflectimos os exemplos de xeito literal, senón que os adaptamos á actual normativa (á parte de usarmos tamén a contracción **ó**).

ó tema de o complemento ir ou non precedido por preposición (e sen entrarmos en se o dito complemento se debe considerar CD ou CI nestes casos en que si precede preposición).

2.2.2 Arrequeamento da listaxe anterior de verbos, seguida de exemplos

Á anterior listaxe de verbos –que, recalcamos, non é pechada– poderíanse engadir algúns casos máis, como podemos comprobar neste cadro, seguido dos correspondentes exemplos:

acusar, forzar, invitar, mirar, previr

- **Acusar (de):**

*Ese tío é un cabrón: **acusoulle** [a Pepe] de copiar o exame.*

*De momento aquí a ninguén **lle acusan** de nada.*

- **Forzar (a):**

*Ninguén ten dereito a **lle forzar** a vostede a ir a unha clínica determinada.*

*Non **lle forces** ó neno a estudar, que é peor.*

- **Invitar (a):**

*¡**Invítalle** aí ó rapaz a un cacharro, ho!*

*Se ti non **lle invitas** á rapaza a bailar, **invítoa** eu.*

- **Mirar [a unha persoa ou animal] (a / para):**

***Míraslle** para a cara e xa notas que algo malo lle pasou⁴².*

***Míralle** directamente ós ollos e dille que estás ceguiño por ela.*

- **Previr (de):**

*O guía xa **lle previñera** ó paisano do perigoso que era arrimarse tanto.*

*Xa **lle previñemos** de todo o que podía pasar, así que agora que non veña con desculpas de mal pagador.*

⁴² De feito, nestes casos en que tras o CD se utiliza a preposición **para** a fin de concretar que parte específica do dito CD é obxecto da acción de mirar, o clítico dativo é o basicamente empregado para desempeñar a referida función sintáctica de CD:

*Míralle **para** a cara*

vs.

¿??Mírao/**a** para a cara.*

E ademais, e tal e como xa indicamos no punto 2.1.2 (véxase), hai algúns outros que comparten trazos do grupo dos de afección psíquico-emotiva e do grupo dos que se constrúen con CRP:

animar (a), conducir (a), empuxar (a) [*sinón.*: empurrar (a)], incitar (a), inducir (a), levar (a)

2.2.3 Posibles claves para explicar este comportamento

► ¿Que características comparten estes verbos (ou, máis concretamente, estas acepcións dos referidos verbos) que os levan a admitir a pronominalización dun –en principio– CD co clítico dativo?

■ Como xa se sinalou, a existencia –explícita ou non no enunciado– dun CRP, nomeadamente constituído por unha oración.

■ Presentan un CD que amosa certas características que cadran, ou que se identifican, coas propias dun CI:

- Posúe sempre o trazo semántico de [+humano] ou, como pouco, de [+humanizado] ou [+animado].
- É introducido –cando menos de xeito moi habitual– pola preposición a.
- Admite a reduplicación mediante a aparición da forma plena con núcleo léxico en posición posposta á da forma pronominal átona.

Recapitulando, pois, atopámonos con que nas anteditas acepcións estes verbos presentan, a xeito de complementos do predicado, o esquema sintáctico «**CD + CRP**», non demasiado frecuente na fala⁴³.

⁴³ A xeito de referencia, podemos comentar que o profesor Alarcos Llorach, a quen lle debemos a adopción do termo “suplemento” para denominar o que na actualidade coñecemos habitualmente como “complemento de réxime preposicional”, sostivo nun primeiro momento a incompatibilidade nunha mesma oración entre o CD (“implemento”, na súa terminoloxía) e o CRP (como acabamos de dicir, “suplemento” na súa terminoloxía):

Se a isto lle axuntamos que o constituínte que actúa como CD posúe sempre o atributo semántico de [+humano] (ou, como pouco, [+humanizado] ou [+animado]); que resulta bastante habitual –ou, polo menos, non resulta raro– que sexa introducido pola preposición **a**; e que, ademais, en non poucos contextos aparece reduplicado coa forma plena léxica posposta ó pronome átono clítico (trazos, todos eles, que constitúen marcas características da función de CI), pode resultar entendible que, posiblemente por un proceso de analoxía na subconsciente estrutura interna lingüística do falante, o dito constituínte pase a se interpretar como CI e, polo tanto, sexa en determinados contextos e circunstancias pronominalizado por medio do clítico dativo.

► Obsérvese, ademais, que bastantes destes verbos presentan tamén outra particularidade que os singulariza (e que comparten cos do grupo que abordaremos no punto 2.3, como veremos máis adiante): a de que parecen susceptibles de ser utilizados –cando menos en certos contextos– co clítico dativo en función de CD nas construcións co pronome **se** indeterminador de axente⁴⁴ (fenómeno este que si

«[...] los suplementos son absolutamente incompatibles con los implementos en un mismo predicado. [...]»

E inda que parece claro que se trata dunha visión trabucada, dado que ambas as dúas funcións son compatibles dentro da mesma oración (p. ex.: *Hai que dotar o parque de bombeiros* [CD] *dos medios persoais e materiais necesarios* [CRP]), o que si se podería dicir é que se trata dun esquema sintáctico non demasiado corrente na fala... como tampouco o é (de feito, posiblemente teña aínda menos presenza real cá de «CD + CRP») a estrutura «CI + CRP» (p. ex.: *Estívolle* [CI] *a falar de política* [CRP] *toda a noite*).

⁴⁴ Isto sen prexuízo de que este tipo de estruturas sexan máis ben pouco correntes na nosa lingua tradicional, na cal se prefire optar por outro tipo de configuracións sintácticas, coma a da indeterminación do axente mediante un suxeito en terceira persoa do plural (*Se non os avisan da xuntanza, está claro que non poden acudir* parece un enunciado máis común e enxebre ca *Se non se lles avisa da xuntanza, está claro que non poden acudir*) ou o uso da voz pasiva (*Se non son avisados da xuntanza, está claro que non poden acudir*). Facemos notar, ademais, que nesta clase de configuración sintáctica o uso do clítico dativo desempeñando a función de CD está marcado dialectalmente, e máis en concreto acoutado á zona nororiental, xa que no resto do país a estrutura sintáctica predominante é a de «**suxeito non axente** (elíptico ou non), **e normalmente paciente** + pronome **se** indeterminador de axente + **predicado** (e complementos, de ser o caso)», fronte á dialectal de «**CD** + pronome **se** indeterminador de axente + **predicado** (e complementos, de ser o caso) [e cun suxeito axente indeterminado non expreso]»:

Eses dous van de figuras, pero non se viron [O SUXEITO, NON AXENTE, É “ESES DOUS”] *en todo o partido.*

vs.

Eses dous van de figuras, pero non se lles [CD] *viu en todo o partido.* [CONFIGURACIÓN DIALECTAL, NA QUE, COMO SE PODE APRECIAR, O CLÍTICO DATIVO ASUME A FUNCIÓN DE CD E NON APARECE EXPRESO O SUXEITO AXENTE, QUE SE INDETERMINA POR MEDIO DO PRONOME SE.]

Ou:

Non pode ser que neste tipo de decisións o alumnado [SUXEITO NON AXENTE] *non se teña en conta.*

se dá no sistema galego, mais non de xeito xeneralizado, xa que ten un carácter dialectal, en concreto restrinxido á zona nororiental):

- Á súa cliente non se **lle acusa** formalmente, polo de agora, de ningún delito.
- Ós cativos, xa desde a escola, **débeselles advertir** do perigo que supoñen as armas de fogo.
- A deputada denunciou que se **lle ameazou** con expulsala do partido se votaba a favor da lei do Goberno.
- Á paciente realízase un estudo da reserva ovárica, e se se considera que vai ser fácil para ela quedar embarazada soa, **anímaselle** a tentalo durante seis meses.
- Neste curso non se **lle aprende** a ninguén a ser pai, pero proporciónanse certas claves que poden axudar a unha relación máis fluída co fillo adolescente.
- **Atenderáselles** polo número de ticket que teñan, así que fagan o favor de non se amorearen todos na porta.
- A esta Comunidade Autónoma **autorizouse** a formalizar operacións de débeda a longo prazo.
- Se á xente non se **lle avisa** de que hai xuntanza, está claro que non vai ir.
- Que non diga que non se **lle axudou** no seu momento, porque non é certo.
- É fundamental que ós cativos se **lles ensine** na propia casa a ter respecto e a saber comportarse.
- Se non se **lle forza** a dimitir, el non o vai facer en por si.
- **Infórmaselle** de que ten un prazo de quince días para reclamar; se non, a decisión devirá firme.
- Señor Agrafoxo, **invítaselle** a abandonar o hemiciclo, por favor.
- Antes, ós máis vellos, cando che dicían algo, **obedecíaselles** e punto.
- ¡Claro que a vostede se **lle obriga** a pagar impostos! ¡Coma a todo o mundo!
- A esta xente non se **lle pode mirar** directamente ós ollos, que o toman coma unha ofensa.
- Inda que non sirva como escusa, si que é certo que ó paisano non se **lle preveu** da posibilidade de que o multaran se bloqueaba a saída.
- Aquí ós clientes non se **lles serve** na mesa: teñen que ir pedir á barra e despois traen a consumición.

vs.

Non pode ser que neste tipo de decisións ó alumnado [CD] non se lle [CD] teña en conta. [CONFIGURACIÓN DIALECTAL, NA QUE, COMO SE PODE APRECIAR, O CLÍTICO DATIVO ASUME A FUNCIÓN DE CD E NON APARECE EXPRESO O SUXEITO AXENTE, QUE SE INDETERMINA POR MEDIO DO PRONOME SE.]

Nótese, a este respecto, que hai enunciados que parecen non presentar problema ningún de aceptación, coma por exemplo, e entre outros, os referentes ós verbos *aprender*, *ensinar* ou *axudar* (o que nos dá tamén unha idea de que na construción activa rexen o pronome clítico dativo dun xeito totalmente normal e natural), e outros que nos poden soar un tanto máis forzados ou menos naturais e tradicionais, pero que nós non nos atreveríamos a considerar fóra do actual sistema galego.

2.3 VERBOS CON CD E MAIS CI QUE SUPRIMEN, CANDO MENOS NA SÚA ESTRUCTURA EXTERNA, O CD PRIMIXENIO

Neste terceiro grupo que xebramos encádranse unha serie de verbos que, rexendo en orixe «CD + CI», suprimen o primixenio CD, función sintáctica que pasa a quedar cuberta (ou que se pode entender que pasa a quedar cuberta) polo orixinal CI.

2.3.1 Listaxe (non pechada) deste tipo de verbos

Coma sempre, volvemos incidir en que a listaxe que se fornece a seguir non pretende dar conta de todos os verbos que formarían parte deste grupo, xa que de seguro que se nos escapa máis dun:

beliscar (*sinón.*: rebeliscar), crer, entender, escoitar, golpear, morder [*sinóns.*: chantar, trabar, trincar], oír (*sinón.*: ouvir), roubar, rozar, tocar

2.3.1.1 ■ Exemplos de cada un deles

■ *Tratamento que se lles presta no Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) e mais no Dicionario de la Real Academia Española (DRAE)*

■ *Observacións, naqueles casos en que se considera procedente*

■ **Beliscar # Rebeliscar:**

► Exemplos:

- **Belíscalle** con tento na perna para lle avisares, que se non, non se entera.
- ¡Que manía ten o guicho de **lle andar** seguido **beliscando** á xente!
- Ten sentido e non **lle belisques** ó meniño.

- A situación foise quentando, pois ela comezou a **beliscarlle** con agarimo no lobo da orella e a bicalo con paixón.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

1. Apertar entre dous dedos, xeralmente entre o polgar e o índice, un pouco de pel e carne a [alguén]. *Beliscoume nun brazo*. SINÓNIMO amordicar

[...]

• **DRAE (“pellizcar”):**

1. **tr.** Asir con el dedo pulgar y cualquiera de los otros una pequeña porción de piel y carne, apretándola de suerte que cause dolor. U. t. c. prnl.

[...]

► **Observacións:**

1. É posible que este verbo (xunto con varios outros, coma *golpear*, *morder* –xunto cos sinónimos *chantar*, *trabar* e *trincar*–, *picar* –así como o sinónimo *peteirar* naqueles casos en que a acción a realiza unha ave–, *rozar* ou *tocar*) conformen un subgrupo que comparte unha peculiaridade que os singulariza fronte ó resto, e que a seguir comentamos.

Así, polo que respecta a todos estes verbos que englobamos neste apartado 2.3.1, pódese argumentar que a aparición do clítico dativo non responde máis ca ó feito de que, efectivamente, o dito clítico cumpre a función sintáctica de CI, xa que hai un CD omitido, por consabido, na “estrutura profunda” da oración. Exs.:

▪ *Beliscoulle* [CI, pois que existe un CD omitido: *un brazo, unha perna, unha coxa*, etc.].

▪ *¿Creslle?* [CI, pois que existe un CD omitido: *o que conta, o que di, a súa explicación*, etc.].

▪ *Non é a primeira vez que lle rouban* [CI, pois que existe un CD omitido: *os cartos, o que levaba enriba, algunhas cousas que tiña na casa*, etc.].

Etc.

Non obstante, o dito argumento non explicaría, en principio, secuencias do tipo de *Beliscoulle* # *Mordeulle* # *Rouzoulle nun brazo*, dado que ou ben consideramos que *nun brazo* desempeña a función de CD (o cal coidamos que resulta difícil, na medida en que responde basicamente á pregunta “¿onde?” e en que nos ofrece unha información mediante a cal se especifica e concreta en que parte do CD [+humano] ou [+animado] se localiza a acción denotada polo

verbo... ó cal lle habería ademais que engadir que a preposición **en** introducindo CD só se emprega naqueles casos en que se expresa unha acción en curso e non completada e con verbos “cun significado que permite que a acción se estenda no tempo, ben porque dura, ben porque se repite”⁴⁵), ou ben hai que entender –como así o facemos nós– que ese clítico dativo está a desempeñar a que, cando menos en principio, é a función de CD... e así o viría a demostrar tanto o feito de que o significado non muda se trocamos o dativo polo acusativo (*Beliscouno # Mordeuno # Rozouno nun brazo*) coma o de que a oración é susceptible de ser transformada en pasiva sen problema ningún (*Foi beliscado/a # mordido/a # rozado/a nun brazo*).

2. Non dispomos de información que nos permita saber se o sinónimo *amordicar* se comporta de xeito idéntico a *beliscar*.

■ Crer:

► Exemplos:

- *Inda que o xure coa man enriba da biblia, eu non lle creo.*
- *Na casa non lle creron á rapaza cando dixo que o veciño era un mal bicho, pero ó final os feitos déronlle a razón.*
- *¿Non lle cres? Pois asegúroche que nunca di mentiras, ¡eh!*
- *Avisáronnos de que había un control de tráfico á saída de Santa Comba, pero como sempre andan de brincadeira non lles cremos... e mellor nos fora crerlles.*

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

2. Admitir que [alguén] di a verdade. *Di o que queiras porque eu non te creo.*

ANTÓNIMO *descrer*

[...]

• DRAE (“creer”):

[...]

2. tr. Tener a alguien por veraz. *Siempre te he creído.*

[...]

⁴⁵ O reflectido entre aspas está tirado da *Gramática da Lingua Galega* de Rosario Álvarez e Xosé Xove, edición de 2002 (páx. 99).

► **Observacións:**

Outra vez máis, e en relación co castelán, reproducimos o que di o Panhispánico acerca deste verbo, pois vólveselle botar un pequeno remendo ó que se manifesta no DRAE:

«[...] 3. Cuando significa 'tomar por cierto [lo que alguien dice]', es transitivo y puede usarse en forma no pronominal (*No creo tu versión de los hechos*) o pronominal (*No me creo tu versión de los hechos*). Normalmente se construye con un complemento directo que expresa lo que se toma por cierto: "*Le dije que Frou-Frou era la mujer que me había acabado de criar cuando murió mi madre. Blanche LO creyó*" (Montero Tú [Cuba 1995]); además, puede aparecer un complemento indirecto, que expresa la persona que dice lo que se toma por cierto: "*Ninguno de los delegados LE creyó una palabra*" (Teitelboim País [Chile 1988]). **Cuando aparece únicamente el complemento de persona, este puede interpretarse de dos modos: como indirecto, suponiendo una omisión del complemento directo por consabido:** "*La rubia más alta respondió "sí" [...]. Nadie LE creyó*" (Clarín [Arg.] 3.2.97); **o como directo:** "*Lo dijo con tanta seriedad que todo el mundo LA creyó*" (Ocampo Cornelia [Arg. 1988]). Esta última construcción, perfectamente correcta, admite sin problemas la pasiva: "*En sus ojos brillaba la necesidad de ser creída*" (Mendoza Verdad [Esp. 1975]). [...]»

Así pois, nesta explicación achégansenos un pouco as claves que poden explicar a diferenza entre complementar o predicado co clítico acusativo ou co clítico dativo:

- De o complementarmos co acusativo, entenderíase que o complemento de persoa desempeña a función sintáctica de CD. Ex.: (*A Pedro*) *Non o* [CD] *creo* → *Pedro non é crido por min.*
- De o complementarmos co dativo, entenderíase que o complemento de persoa desempeña a función sintáctica de CI e que hai un CD na "estrutura profunda" que se omite por consabido. Ex.: *Non lle* [CI] *creo* (*o que dixo*) [CD omitido por consabido].

Estes serían, por así o dicir, os razoamentos máis ortodoxos e tradicionais –sen dúbida, plenamente defendibles–, mais se cadra tamén se podería barallar a maiores unha nova hipótese: a de que o clítico dativo (que, como se pode notar, remite sempre a un complemento que se nos revela co trazo semántico de [+humano] ou, como pouco, [+humanizado]) estea en realidade a desempeñar a función de CD tras un proceso no cal o primixenio CI pasa a ocupar o lugar actancial que queda baleiro ó se suprimir o orixinal CD non humano.

Así, e un pouco na liña do que acontecía cos dous primeiros grupos de verbos que xa foron abordados no presente traballo (inda que nesta ocasión, como dicimos, a explicación máis tradicional pódese entender como redonda e completa en si mesma, o que non quita que esta nova hipótese non poida ser tida en conta), poderíase entender que o obxecto paciente da acción de crer é a persoa que di algo, e non aquilo que se di, polo que se daría unha correspondencia entre *Pedro non é crido por min* e *Eu non lle [CD] creo a Pedro [CD]*.

O cal, ademais, evitaría a posible ambigüidade pode xurdir en certos casos coma o seguinte:

—*Breixo dixo que lle tocou un millón na primitiva.* —*Pois eu non o creo.*

Onde ese *non o creo* pode ser percibido como: a) eu non creo a Breixo; b) eu non creo que lle tocara un millón na primitiva. No entanto, expresándonos mediante o uso do clítico dativo (isto é, mediante *eu non lle creo*), parece claro que manifestamos que o obxecto paciente da acción de crer é a persoa, non o que di.

■ Entender:

► Exemplos:

- *¿Ti entendícheslle? Porque eu, nada de nada.*

—*¿Que dixo? —Non sei, non lle entendín.*

- *Os alumnos quéixanse de que non lle entenden, e din que por iso despois suspenden.*

- *Vostede debería comprender que se fala así entre dentes, non lle entendemos.*

- *¿Entendínlle eu mal ou dixo que o asasino era louro?*

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

2. Comprender o que di, pensa etc. [alguén]. *Non te entendín ben, pódese repetir?*

[...]

• DRAE:

[...]

4. tr. Conocer el ánimo o la intención de alguien. *Ya te entiendo.*

[...]

► Observacións:

Velaquí o que comenta o Panhispánico para o que a nós nos interesa:

«[...] Con el sentido específico de 'comprender o percibir con claridad [lo que alguien dice]', **el complemento directo puede estar implícito; en ese caso, el complemento de persona sigue siendo indirecto: A María no LE entiendo cuando habla. Pero el complemento de persona es directo cuando el significado específico de entender es 'encontrar comprensible el comportamiento o la actitud [de una persona]': A María no LA entiendo; me dijo que le encantaría ir a la fiesta y ahora dice que no le apetece. [...]**»

Visto o tratamento explicativo do Panhispánico (que parece diferir un tanto da exposición que nesa mesma obra se ofrece para o verbo *creer* –exposición que fixemos constar no cadro precedente a este e que, coidamos nós, tamén podería ser válida para *entender*–), o certo é quedamos un pouco coa dúbida de se esa diferenza de significado que se nos explica entre os enunciados *A María no le entiendo* e *A María no la entiendo* a habería que extrapolar a todos os contextos. E a verdade é que pensamos que non, porque, en caso contrario, enunciados como *A María no la entiendo cuando habla # cuando canta* (=eu non percibo o que María di, ou o que quere dicir, cando fala # cando canta) habería que os considerar como normativamente incorrectos en castelán... e o certo é que, cando menos nós, en principio non lles apreciamos eiva ningunha.

Sexa como for, trataríase (de existir realmente en castelán) dunha diferenza que non opera en galego, xa que para expresar que non percibimos ou comprendemos o que di alguén, tanto poderíamos dicir que *non lle entendemos* coma que *non o entendemos*.

Non obstante –e neste caso si que en correspondencia co castelán–, para manifestar que non atopamos comprensible o comportamento ou a actitude de alguén, soamente sería axeitado o emprego do clítico acusativo. Noutras palabras, se queremos dicir que non entendemos o xeito de se comportar de Manolo, unicamente poderíamos optar por un enunciado como *A Manolo non o entendo*, pero non **A Manolo non lle entendo* (xa que con este último estaríamos a expresar outro significado: o de que non comprendemos que é o que está a dicir).

■ **Escoitar:**

► **Exemplos:**

- *Se te pos moi atrás na clase non **lle dás escoitado**, que fala bastante baixo.*
- *Por moito que o adestrador se esgorxe, con tanto rebumbio os xogadores non **lle escoitan**.*
- *Por favor, ¿podía erguer un pouquechiño a voz, que non **lle escoito**?*
- *—¿Que dixo? —Non sei, non **lle escoitei** ben.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Oír con atención. *Non quixo escoitar as nosas palabras.* ANTÓNIMO desatender *Escoita o que che digo. Escoitounos toda a conversa.*

• **DRAE (“escuchar”):**

1. **tr.** Prestar atención a lo que se oye.

[...]

► **Observacións:**

Polo que atinxe ó comportamento de **escoitar** en relación co emprego dos clíticos de acusativo e dativo, o Panhispánico dinos que se conduce igual ca **oír** (véxase o tratamento deste verbo un pouco máis adiante), polo que en principio non contempla como normativamente aceptable a posibilidade do uso do clítico dativo cando o CD é unha persoa:

«[...] 2. Es un verbo transitivo y, cuando el complemento directo es lo que se escucha, puede llevar, además, un complemento indirecto de persona: “Se sentaba a su lado, y **LE** escuchaba el relato de los episodios del día” (Mujica *Escarabajo* [Arg. 1982]).

Cuando no existe complemento directo de cosa, el de persona pasa a desempeñar esta función: “Los demás han tratado de prevenirlo, pero usted no **LOS** **escucha**” (Sophia Arte [EE. UU. 1996]); “Hasta cuando Ángela [...] le reprochaba rabiosamente su estupidez y sus borracheras, él **LA** escuchaba sonriente” (Gasulla *Culminación* [Arg. 1975]). Si *escuchar* se utiliza como verbo de percepción, esto es, como sinónimo de *oír* (→ [1](#)), se comporta igual que este a la hora de seleccionar las formas de los pronombres átonos de tercera persona cuando va seguido de un infinitivo (→ [LEÍSMO](#), [4c](#)).»

■ **Golpear:**

► **Exemplos:**

- O corazón **golpeáballe** no peito sen dar tregua.

- ¡Como que non é penalti, se o balón **lle golpea** claramente no brazo!

- Un anaco de madeira voou e **foille golpear** a Suso na cabeza.

- A marca deixoulla unha póla que **lle golpeou** na cara.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

1. Dar repetidos golpes contra [algo ou alguén]. *Golpeouno ata derrubalo.*

SINÓNIMO abatanar, apancar [...]

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Dar un golpe o golpes repetidos. U. t. c. intr.

► **Observacións:**

1. Véxase a observación 1 ó verbo **beliscar**.

2. Nótese, en liña co comentado nesa observación, que con este verbo o uso do dativo vai adoito (inda que non necesariamente sempre) acompañado dunha especificación, a xeito de CC de lugar, que concreta en que parte do CD se materializa a acción de golpear:

golpeáballle [CD pronominalizado con dativo] *no peito* [CC];

se o balón lle [CD pronominalizado con dativo] *golpea claramente no brazo* [CC];

foille [CD pronominalizado con dativo] *golpear a Suso* [CD] *na cabeza* [CC];

unha póla que lle [CD pronominalizado con dativo] *golpeou na cara* [CD pronominalizado con dativo]).

■ **Morder:**

► **Exemplos:**

- ¿Onde **lle mordeu** o can?

- **Mordeulle** nunha cacha.

- A cadela non é de fiar, que xa non é a primeira vez que **lle morde**.

- Cando se viu perdido na pelexa, **mordeulle** tan forte no papo da man que llo deixou colgando.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

1. Apertar con forza [algo] entre os dentes, ferir cos dentes. *Mordeulle a man.*
SINÓNIMOS abocar, trabar, trincar *Non mordas as unllas.* Tamén absoluto
Non te achegues ó can, que morde. SINÓNIMO trabar

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Clavar los dientes en algo.

[...]

► **Observacións:**

1. Véxase a observación 1 ó verbo **beliscar**.

2. Para o que aquí estamos a tratar, o comportamento dos verbos **chantar, trabar e trincar** resultaría idéntico (de feito, calquera deles podería ocupar o lugar das formas verbais de **morder** nos exemplos expostos).

3. Nótese, por outra banda, que tanto o DRAG coma o DRAE din, nas súas acepcións, que o obxecto paciente da acción de morder é “algo”. Non se contempla, pois, a acepción de que sexa “alguén”, que é a única que nos pode levar ó emprego do clítico dativo.

■ **Oír # Ouvir:**

► **Exemplos:**

—¿Ti **oícheslle**? —Si, **oínlle**.

- Cando falei con ela, o teléfono estaba algo escangallado e non **lle oía** nada ben.

- ¡¿Non **lle oíches** a túa nai?! ¡Baixa de aí agora mesmo!

- A ese profesor, inda que **lle oían**, non lle fan caso.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

1. Percibir polo sentido do oído [un son]. *Desde aquí óese o canto dun xílgaro.*
SINÓNIMO sentir CONFRÓNTESE escoitar

2. Prestar atención, facer caso [a alguén]. *Óeme, teño que che dicir algo.*
SINÓNIMOS atender, escoitar

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Percibir con el oído los sonidos.

[...]

3. **tr.** Hacerse cargo, o darse por enterado, de aquello de que le hablan.

[...]

► **Observación:**

O Panhispánico, ó igual que acontecía co verbo **escuchar**, parece que non recolle como normativamente asumible a opción do uso do dativo cando o CD é unha persoa:

«[...] Se trata de un verbo transitivo y, cuando el complemento directo designa aquello que se oye, puede llevar, además, un complemento indirecto de persona: “Nunca LE oí el menor reproche” (Naranjo Caso [C. Rica 1987]). **Cuando no existe complemento directo de cosa, el de persona pasa a desempeñar esta función:** “No vemos realmente a Margarita y al joven, pero **LOS** oímos” (Carballido Cartas [Méx. 1975]); “Creés que no **LA** oí cuando te dijo que le gustaría hacerte qué sé yo qué” (Shand Transacción [Arg. 1980]). En lo que respecta al uso de los pronombres átonos de tercera persona cuando oír va seguido de un infinitivo, → [LEÍSMO, 4c.](#) [...]»

■ **Picar**⁴⁶:

► **Exemplos:**

- *Xa non é a primeira vez que **lle pica** unha abella.*

- *Estaba collendo nos repolos e **picoulle** unha víbora na man.*

- *Non corra nin faga movementos bruscos, e xa verá como o abellón marcha e non **lle pica**.*

- *Agora moito falar, pero cando a el **lle picara** unha faneca brava no pé pasáraas rabudas.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

⁴⁶ Tamén entrarían aquí os usos do verbo **petear** no sentido de “golpear co peteiro”. Ex.: *Hai que andar con moito tento con ese galo, que se bota a ti e petéirache nas pernas.*

[...]

3. Cravar un animal a [alguén] o ferrón, peteiro, aguillón, ou outro órgano.

Picouno unha abella. Picoulle unha cóbrega nunha perna. [...]

[...]

• **DRAE:**

[...]

4. **tr.** Dicho de ciertos animales: Morder o herir en el pico, la boca o el aguijón.

U. t. c. intr.

[...]

► **Observacións:**

1. Véxase a observación 1 ó verbo **beliscar**.

2. Como mostra unha vez máis do –repetimos– complexo que resulta o tema da delimitación CD vs. CI para estes grupos de verbos que estamos a abordar, obsérvase a incongruencia en que incorre o DRAG na acepción que reproducimos: así, dinos que se trata dunha acepción transitiva, pero se nos fixamos no segundo dos exemplos que reflicte (*Picoulle unha cóbrega nunha perna*), non se aprecia nel –cando menos, empregando os criterios tradicionais de análise sintáctica– CD ningún, xa que o *lle* habería que o interpretar como CI e *nunha perna* como CC.

3. Pola súa banda, e inda que para o castelán o Panhispánico di o seguinte:

«1. Cuando significa, dicho de un animal, 'herir con el pico, morder o clavar el aguijón', la persona afectada funciona normalmente como complemento directo: "Lapicó una hormiga roja" (Vijnovsky Dudas [Arg. 1988]); en ese caso, puede llevar además un complemento con *en*, que precisa el lugar de la picadura: "Lo picó una araña venenosa *EN* una pierna" (VV. AA. *Vida* [Chile 1986]). Más rara es la construcción en la que el complemento directo es la parte que recibe la picadura, caso en el que el complemento de persona es indirecto: "Lo obligan a hacer [una excavación] en un arenal, donde el calor lo vaya soasando y los zamuros *LE* piquen los ojos" (Rivera Vorágine [Col. 1924]). [...]»,

parece que o uso do clítico dativo está bastante estendido, tal e como se pode observar con simplemente botar unha ollada á Rede (uso que en principio se podería interpretar, seguindo os preceptos da norma lingüística castelá, como representativo dun CD naqueles casos en que o referente sexa un ente humano de xénero gramatical masculino, pero non naqueles en que o referente non sexa humano ou non sexa de xénero feminino).

■ Roubar:

► Exemplos:

- Para que non **lle volvan roubar**, o mellor é que poña unha alarma na casa.
- Xa non é a primeira vez que **lle rouban**.
- Leva vostede moitos cartos enriba, así que non permitan que **lle rouben**. Coma se ten que tirar de navalla.
- Que estes políticos que temos **lle levan** moito tempo **roubando** á xente sabémolo case todos.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

1. Coller [unha cousa que lle pertence a outra persoa] mediante engano ou violencia. *Non levo moitos cartos no peto porque teño medo de que mos rouben.* SINÓNIMOS levar, quitar, sacar CONFRÓNTESE furtar *Roubou cerca de cinco millóns.* CONFRÓNTESE apropiarse, desfalcar *Roubáronlle todo canto tiña.* CONFRÓNTESE despojar, desvalixar, espoliar *Roubáronlle a maleta na estación do tren.* CONFRÓNTESE subtraer Tamén absoluto *Metérono na cadea por roubar.*

2. Deixar [alguén] sen algo da súa propiedade mediante engano ou violencia. *Roubáronte por seres descoidado.*

[...]

• DRAE (“robar”):

1. **tr.** Quitar o tomar para sí con violencia o con forza lo ajeno.

2. **tr.** Tomar para sí lo ajeno, o hurtar de cualquier modo que sea.

[...]

► Observacións:

1. Nesta ocasión o Panhispánico parte de que, para a/s acepción/s que nos interesa/n, se trata dun verbo que rexe “un complemento directo que expresa lo sustraído” e que “la persona a la que se roba se expresa mediante un complemento indirecto”. Non obstante, e fronte ó que ocorría con verbos como *entender*, *ver* ou *escuchar*, manifesta que “si el complemento directo no está explícito, el complemento de persona sigue siendo indirecto” (o cal, polo tanto, xustifica a construción co clítico dativo):

«Cuando significa 'tomar para sí [algo ajeno] sin la conformidad del dueño', lleva un complemento directo que expresa lo sustraído; la persona a la que se roba se expresa mediante un complemento indirecto: "Una señora dice que usted *LE* robó su bolso" (Alatraste *Vivir* [Méx. 1985]). **Si el complemento directo no está explícito, el complemento de persona sigue siendo indirecto:** "Los ladrones entran en su hogar, *LE roban*, quieren matarla" (GlzDuro *Neurosis* [Esp. 1989]). Solo cuando significa 'raptar' se construye con un complemento directo de persona: "Viajaba con su hija [...]. Los indios *LA* robaron una noche, tal vez codiciando su belleza" (Boullosa *Duerme* [Méx. 1994]). [...]»

2. Como se pode apreciar, o DRAG divide en dúas esa acepción da que nos dá conta o Panhispánico (isto é, a de "tomar para sí [algo ajeno] sin la conformidad del dueño").

Así, por unha banda articula unha primeira acepción na que o CD é unha entidade non animada (e, xa que logo, non humana):

"Coller [**unha cousa** que lle pertence a outra persoa] mediante engano ou violencia".

E, por outra, artella unha segunda acepción na que o CD é unha entidade humana (ou, cando menos, humanizada):

"Deixar [**alguén**] sen algo da súa propiedade mediante engano ou violencia".

Partindo ademais para esta segunda acepción, se nos atemos ó exemplo exposto (*Roubáronte por seres descoidado*), de que, na medida en que nos atopamos ante un CD, este se pronominaliza con acusativo, e obviando polo tanto a posibilidade, natural para moitos galegofalantes, da pronominalización do complemento de persoa mediante clítico dativo (*Roubáronche por seres descoidado*).

De feito, e en relación co contido que se manifesta na última parte do texto que copiamos do Panhispánico, cómpre dicir que a diferenza que nesa obra se fai entre *roubarlle* (=deixar a alguén, sen o seu consentimento, sen algo da súa propiedade) e *roubalo/a* (=raptalo/a –á parte, tamén, do significado de "roubar algo"–) opera de igual xeito para non poucos galegofalantes (entre eles, para quen isto está a escribir).

■ Rozar:

► Exemplos:

- *Fallou o golpe e **rozoulle** coa raqueta na cara á compañeira.*

- *Que non diga que lle pegou unha labazada, porque no vídeo ben se ve que nin **lle roza**.*

- Ó pasar, **roceille** un pouquiño na perna sen querer.

- Levou un susto de moito carallo, que ía paseando toda tranquila e de socato un coche **pasoulle rozando**.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

3. Tocar lixeiramente [unha cousa] con outra. *Sentiu que algo lle rozaba a cara, pero como estaba escuro, non viu o que era.* **OBSERVACIÓNS:** Emprégase tamén seguido da preposición *en* *A porta roza no chan*.

[...]

• **DRAE:**

[...]

7. **intr.** Dicho de una cosa: Pasar tocando y oprimiendo ligeramente la superficie de otra o acercándose mucho a ella. U. t. c. tr.

[...]

► **Observacións:**

1. Véxase a observación 1 ó verbo **beliscar**.

2. Nótese que o DRAG inclúe a observación “Emprégase tamén seguido da preposición *en*”, sen ningunha outra indicación ou comentario, mais engadindo xusto a seguir un exemplo (*A porta roza no chan*). Daquela, parece que habería que entender que, na medida en que seguimos dentro dunha acepción que se nos marca como transitiva, o complemento introducido pola dita preposición (*no chan*) cumpre a función de CD, pois non hai ningún outro constituínte que poida asumir esa función... interpretación que semella en principio moi forzada, xa que a información fornecida pola locución preposicional responde a preguntas do tipo “¿onde?” ou “¿en que?” e que a dita locución pode ser substituída por un adverbio (p. ex., **aí** ou **alí**: *A porta roza aí # alí*).

Baseándonos na experiencia da realidade galegofalante, é de supor, ademais, que a referida observación é extrapolable ós enunciados en que hai un complemento animado e mais un complemento non animado, como ocorrería co primeiro exemplo da acepción 3:

Sentiu que algo lle [complemento animado] *rozaba* **a cara** [complemento non animado] (...) →
Sentiu que algo lle rozaba **na cara** [...].

Onde a análise sintáctica do primeiro dos enunciados non presenta dúbida:

Sentiu que algo lle [CI] rozaba a cara [CD]

Mais, ¿como analizaríamos o segundo?:

Sentiu que algo lle rozaba na cara

¿Considerando o clítico dativo **lle** como CI e **na cara** como CD, ou ben interpretando o clítico dativo como CD e **na cara** como CC?

Nós decantámonos por esta última interpretación, dado que sería a apropiada para ese mesmo enunciado se simplemente mudamos o clítico dativo polo clítico acusativo:

Sentiu que algo o/a rozaba na cara

Xa que está claro que aquí o acusativo funciona como CD, polo que a locución *na cara* non pode exercer tamén a mesma función⁴⁷.

Entendemos que toda a explicación e argumentación que acabamos de expor sería tamén válida para os outros verbos que relacionamos cando abordamos o tratamento de **beliscar** (isto é, *golpear, chantar, morder, peteirar, picar, trabar, trincar e tocar*).

3. Obsérvese así mesmo que tanto o DRAG coma o DRAE, nas súas respectivas acepcións, unicamente contemplan –cando menos de xeito explícito– que o suxeito e CD do verbo sexan cousas, non persoas, o cal non fai senón ofrecernos un enfoque ou visión limitados e que non abranguen todos os posibles casos reais de emprego do verbo con esta acepción.

4. Non obstante o anterior, e polo que atangue ó castelán, o Panhispánico vólvelle botar un remendo ó DRAE ó recoñecer que tanto unha coma outra función poden ser desempeñadas por persoas:

«1. Cuando significa 'tocar ligeramente algo o a alguien', se construye normalmente como transitivo: "Mis dedos rozan su piel" (Volpi *Días* [Méx. 1994]). **Cuando el complemento directo es de persona, puede llevar, además, un complemento introducido por en, que expresa la parte concreta que recibe el roce:** "Cuando Crespo **LA ROZA EN** la mano, ella llora" (*Clarín* [Arg.] 29.3.01). Si el sustantivo que expresa la parte rozada funciona como complemento directo, el complemento de persona pasa a ser indirecto: "Una

⁴⁷ Obviamente, inda hai outra interpretación (que cualificaríamos como ortodoxa ou máis seguidista dos postulados sintácticos tradicionais) que se pode facer en relación coa análise sintáctica de *Sentiu que algo lle rozaba na cara*, e que se diferenciaría da que nós defendemos simplemente na consideración do dativo como CI, e non como CD: *Sentiu que algo lle [CI] rozaba na cara [CC]*.

Non obstante, e como xa apuntamos, isto implicaría aceptar que nun único enunciado o verbo **rozar** funcionaría como transitivo ou intransitivo en función de que haxa emisores que, respectivamente, boten man do clítico acusativo ou do clítico dativo... ou mesmo en función de que un mesmo emisor empregue nunhas ocasións o clítico acusativo e noutras o dativo.

pedra [...] LE rozó la mandíbula” (Hoy [Chile] 19-25.1.83). Asimismo, es normalmente transitivo cuando significa, en sentido metafórico, ‘estar cerca [de un límite]’: “Los contactos sexuales rozaban el límite de lo decoroso” (Volpi Klingsor [Méx. 1999]). [...]»

Vemos, pois, que aténdonos ó contido do Panhispánico, e do mesmo xeito a como acontece con varios dos verbos que estamos integrando neste grupo (por ex., *entender, escuchar, oír* ou *tocar*), esta obra non contempla a posibilidade de que a norma estándar castelá lles permita rexer pronome átono dativo naqueles contextos en que o, en principio, CD presenta o trazo semántico de [+humano]. Resumindo, ofrécenos dúas opcións:

Le rozó [a María] la mandíbula.

La rozó [a María] en la mandíbula.

Pero non:

**Le rozó [a María] en la mandíbula.*

■ **Tocar:**

► **Exemplos:**

- *¿Como vai ser penalti, se o defensa nin **lle toca**?!*
- *Non **lle volvas tocar** a meu irmán se non queres que te sacuda eu a ti.*
- *O vídeo demostrou que a denunciada non **lle toca** para nada ó policía, polo que a tiveron que absolver.*
- *¿Pero como vai aprobar se non **lle toca** a un libro en todo o curso!*
- ***Tocoulle** un pouquiño ó BMW na aleta dianteira, pero só foi un rascazo de nada.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Poñerse ou entrar en contacto físico con [algo ou alguén]. *Non toques a ola que queima. Non lle toques o pelo. Converte en ouro todo o que toca coa vara máxica.* Tamén absoluto *Non toques aí.*

[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Ejercitar el sentido del tacto.

2. **tr.** Llegar a algo con la mano, sin asirlo.

[...]

10. **tr.** Alterar el estado o condición de algo. U. m. con neg. *Esta poesía está bien, no hay que tocarla.*

[...]

► **Observacións:**

1. Véxase a observación 1 ó verbo **beliscar**.

2. Nótese, ademais, que fronte ó que acontece cos máis dos verbos que estamos a ver neste traballo, **tocar** admite que o CD pronominalizable con dativo (ou, como reiteradamente comentamos, o CI no caso de adoptarmos outro enfoque) posúa o trazo de [–**humano**], e incluso [–**animado**], tal e como se pode comprobar nos dous últimos exemplos que reflectimos.

3. Tal e como se pode advertir, o DRAG, na entrada **tocar**, e para o significado do que estamos a dar conta, só considera a posibilidade da transitividade.

Non obstante, é de facer notar que cae nunha contradición interna ó non aplicar esta consideración no exemplo da acepción 23 da entrada **picar**:

«23. [Algo aguzado] causar unha ferida superficial. *Non lles toques ás follas dos cardos que pican.*»

Así (e deixando á parte o feito de que cumpriría poñer unha coma tras a voz *cardos* se, tal e como o estamos a entender, a subordinada *que pican* é un complemento explicativo –e non especificativo– de *ás follas dos cardos*), aplicando os criterios tradicionais, neste enunciado non habería ningún CD, xa que a locución *ás follas dos cardos* habería que tomala por CI, tal e como demostraría o feito de que se pronominaliza –e con reduplicación, neste caso– por medio do clítico dativo *lles*.

Atopámonos, pois, ante unha incongruencia interna do DRAG que non vén senón a evidenciar, outra volta máis, a complexidade do tema que estamos a tratar.

4. Polo que respecta á lingua castelá, o Panhispánico, seguindo na liña que adopta con respecto a outros verbos deste grupo, parece que non recoñece na norma estándar a opción do clítico dativo para o caso de que o CD sexa de persoa:

«1. Con el sentido de 'poner la piel o la superficie de un objeto en contacto [con algo o alguien]', es transitivo: "Toqué sus ropas" (Sánchez Héroe [Col. 1988]). **Cuando el complemento directo es de persona, puede llevar, además, un complemento introducido por en, que expresa la parte concreta de contacto: "Lo tocó EN el brazo"** (Aguilar Error [Méx. 1995]). Si el sustantivo que expresa la parte

tocada funciona como complemento directo, el complemento de persona pasa a ser indirecto: “Al inmediato superior de ese hombre no *LE* tocaron un pelo” (Abc [Esp.] 14.7.89). [...]»

2.3.2 Arrequeamento da listaxe anterior de verbos, seguida de exemplos

Novamente volvemos poñer de manifesto que as listaxes que aparecen reflectidas no presente traballo nin son, nin pretender ser, relacións pechadas e completas en si mesmas, pois que son susceptibles de ser ampliadas ou arrequeadas.

Engadimos, en liña co que acabamos de dicir, algúns verbos máis que se poderían encadrar dentro deste grupo dos que orixinariamente presentan CD e CI e pasan a suprimir, ó menos na súa estrutura externa, o primeiro deles (isto é, o primixenio CD). E deseguido da lista acrecentada facemos constar un exemplo con cada un dos ditos verbos.

aliviar, calmar [*sinón.*: acalmar], rebater

- *As menciñas que tomaba, agora xa non **lle alivian** # xa non **lle calman**.*
{Onde o CD subxacente ou existente nun enunciado primixenio podería estar constituído por locucións substantivas do tipo de *a dor # as molestias # ...*}
- *Preferiu non **lle rebater**⁴⁸ e abandonar a sala.*
{Onde o CD subxacente ou existente nun enunciado primixenio podería estar constituído por locucións substantivas do tipo de *as súas palabras # a súa argumentación # a súa explicación # o que dixo # ...*}

Apuntamos tamén a seguir (e abordamos o seu tratamento) un verbo que, participando de varias das características que definen este grupo, se atopa máis ca nada moi próximo ó subgrupo de verbos relacionados na observación 1 de **beliscar**: trátase do verbo **impactar**.

■ **Impactar**:

⁴⁸ Neste caso tampouco sería descartable que se puidese dar algún tipo de influencia analóxica a partir de verbos intransitivos –ó menos para a acepción da que estamos a dar conta– coma *replícar*, *contestar* ou *retrucar*.

► **Exemplos:**

- Unha bala perdida **impactoulle** na cara.

- O árbitro recoñeceu que vira como a pelota **lle impactaba** no brazo ó xogador, pero considerou o tiña pegado ó corpo.

- Seica unha bomba lacrimóxena **lle impactou** no ollo dereito e perdeu o globo ocular.

- Mentres paseaba, unha pedra desprendeuse do acantilado e **impactoulle** directamente na cabeza, producíndolle a morte instantánea.

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Causar un impacto ou impresión a [alguén]. *A experiencia impactouno tremendamente.*

verbo intransitivo

2. Producir un impacto ou choque. *O autobús impactou contra o vehículo aparcado.*

• **DRAE:**

1. **tr.** Causar un choque físico.

2. **tr.** Impresionar, desconcertar a causa de un acontecemento o noticia.

2. **intr.** Hacer impacto en alguen o algo. *El proyectil casi impacta EN el edificio.*

► **Observacións:**

1. Tal e como se pode observar, o DRAG non recolle, cando menos dun xeito explícito, o tipo de exemplos que reflectimos máis arriba, isto é, os constituídos por un predicado transitivo que rexe un CD⁴⁹ acompañado dun CC que especifica cal é a parte concreta dese CD que resulta obxecto da acción do impacto.

2. Como xa salientamos, achámonos ante un verbo moi próximo no seu comportamento ós do grupo de que falamos na observación 1 ó verbo **beliscar**.

E dicimos moi próximo, pero sen nos decidirmos a incluílo dentro do dito grupo, porque non temos nada claro que poida presentar un comportamento sintáctico en que os actantes

⁴⁹ Malia que con este verbo parece case vedado –ou, cando menos, resulta bastante anómalo– o emprego do clítico acusativo (por reflectir só dous exemplos: ¿*??Unha bala perdida impactouno/a na cara & ¿*??Seica unha bomba lacrimóxena o/a impactou no ollo dereito), volvemos partir de que nos atopamos en realidade ante un CD pronominalizable con clítico dativo, máis ben ca ante un CI. Así o daría a entender, en principio, o feito de que o CD da voz activa pasa a suxeito na voz pasiva e media: *Foi # Resultou impactado/a na cara por unha bala perdida & Foi # Resultou impactado/a no ollo dereito por unha bomba lacrimóxena.*

dependentes do predicado sexan «CI + CD»: así, non cabe dúbida da ocorrencia na fala de secuencias do tipo de *tocoulle* [CI] # *golpeoulle* [CI] # *rozoulle* [CI] # ... *un brazo* [CD], pero, ¿resultaría realmente admisible unha expresión como ¿*???*impactoulle un brazo*? Entendemos que non.

2.3.3 Posibles claves para explicar este comportamento

¿Que características comparten estes verbos que poidan determinar a posibilidade da substitución pronominal do constituínte que en principio consideramos CD por dativo? Vexámolas:

➤ Ó igual ca no resto dos casos vistos ata o de agora, o constituínte que en principio tomamos como CD revélanos con certas características que son propias do CI ou que se asocian principalmente co CI, e que volvemos lembrar:

- Posúe practicamente sempre⁵⁰ o trazo semántico de [+humano] ou, como pouco, de [+humanizado] ou [+animado].
- É introducido –cando menos de xeito moi habitual– pola preposición a.
- Admite a reduplicación mediante a aparición da forma plena con núcleo léxico en posición posposta á da forma pronominal átona:

Beliscou a seu irmán na coxa = Beliscouno na coxa = Beliscoulle na coxa = Beliscoulle a seu irmán na coxa.

Pero non: **Beliscouno a seu irmán na coxa.*

➤ Así mesmo, nótese que estes verbos –e referíndonos sempre ás acepcións de que estamos a dar conta– son susceptibles de seren complementados por CD + CI⁵¹ (sen prexuízo, por suposto, de que se poidan engadir outros complementos).

E nótese, amais, que en practicamente todos eles se pode considerar que existe un CD [–humano] que, en maior ou menor medida, se dá por suposto, consabido ou sobreentendido.

⁵⁰ Bardante dalgún caso que se erixe como excepción, coma por exemplo o do verbo **tocar**: *Nin lle toques ó meu ordenador.*

⁵¹ Ou, mudando a orde, CI + CD.

Botando man dalgúns dos exemplos xa anteriormente expostos, pasamos deseguido a os construír con esta estrutura sintáctica da que estamos a dar conta, na cal se manifestan o CD e mais o CI:

- *Belíscalle* [CI] con tento ***a perna*** [CD] para lle avisares, que se non, non se entera.
- *¡Que manía ten o guicho de lle andar seguido beliscando ***algunha parte do corpo # o brazo # ...*** [CD] ***á xente*** [CI]!*
- *Inda que o xure coa man enriba da biblia, eu non lle* [CI] *creo ***o que di # o que conta # ...*** [CD].*
- *Na casa non lle* [CI] *creron ***á rapaza*** [CI] ***a súa acusación # as súas palabras # ...*** [CD] cando dixo que o veciño era un mal bicho, pero ó final os feitos déronlle a razón.*
- *¿Ti entendícheslle* [CI] ***o que explicou # o que contou # ...*** [CD]? *Porque eu, nada de nada.*
- *¿Entendínlle* [CI] *eu mal ***o que dixo # as súas palabras # ...*** [CD] ou dixo que o asasino era louro?*
- *Se tes pos moi atrás na clase non lle* [CI] *dás escoitado ***o que di # o que explica # ...*** [CD], que fala bastante baixo.*
- *Por moito que o adestrador se esgorxe, con tanto rebumbio os xogadores non lle* [CI] *escoitan ***o que di # as súas instrucións # ...*** [CD].*
- *O corazón golpeáballe* [CI] ***o peito*** [CD] *sen dar tregua.*
- *A marca deixoulla unha póla que lle* [CI] *golpeou ***a cara*** [CD].*
- *¿Onde lle mordeu o can? → ¿***Que*** [CD] lle [CI] mordeu o can? # ¿***Que parte*** [CD] lle [CI] mordeu o can? # ¿***Que parte do corpo*** [CD] lle [CI] mordeu o can?*
 {Aquí, como vemos, xa hai que mudar un tanto a estrutura, posto que o adverbio “¿onde?” (ou, na súa falla, locucións coma “¿en que parte?”) remite a un CC, pero moi próximo semanticamente ó CD (“¿Que lle mordeu?” & “¿Que parte (do corpo) lle mordeu?”).}
- *Mordeulle* [CI] ***unha cacha*** [CD].
- *¿Non lle* [CI] *oíches ***a túa nai*** [CI] ***o que dixo # o que acaba de dicir # ...*** [CD]!? *¡Baixa de aí agora mesmo!**
- *Inda que lle* [CI] *oian ***o que di # os seus consellos # ...*** [CD], non lle fan caso.*
- *Xa non é a primeira vez que lle* [CI] *pica ***un brazo # unha man # ...*** [CD] unha abella.*
- *Estaba collendo nos repolos e picoulle* [CI] *unha víbora ***a man # ...*** [CD].*
- *Para que non lle* [CI] *volvan roubar ***as cousas da casa # os cartos da casa # ...*** [CD], o mellor é que poña unha alarma na casa.*
- *Que estes políticos que temos lle* [CI] *levan moito tempo ***roubando os cartos # os seus impostos # o que é de todos # ...*** [CD] ***á xente*** [CI] *sabémolo case todos.**

- *Fallou o golpe e rozoulle* [CI] *coa raqueta* ***a cara*** [CD] *á compañeira* [CI].
- *Levou un susto de moito carallo, que ía paseando toda tranquila e de socato un coche pasoulle* [CI] *rozando* ***o corpo*** [CD].
- *¿Como vai ser penalti, se o defensa nin lle* [CI] *toca* ***a perna # o pé # ...*** [CD]?
- *Non lle* [CI] *volvas tocar* ***un pelo # parte do corpo ningunha # ...*** [CD] *a meu irmán* [CI] *se non queres que te sacuda eu a ti. & O vídeo demostrou que ela non lle* [CI] *toca* ***un pelo # parte do corpo ningunha # ...*** [CD] *ó policía* [CI], *polo que a tiveron que absolver.*

{Nótese que nestes dous casos (así coma en moitos outros) o significado que se transmite vén a ser sinónimo de *pegar* –na acepción de dar golpes–, verbo este de comportamento intransitivo, polo que tampouco sería descartable unha posible influencia analóxica neste sentido.}

- *Tocoulle* [CI] *un pouquiño* ***a aleta dianteira*** [CD] *ó BMW* [CI], *pero só foi un rascazo de nada. & ¿Pero como vai aprobar se non lle* [CI] *toca* ***as follas # a pasta*** [CD] *ó libro* [CI] *en todo o curso!*

➤ Á diferenza do que ocorría cos outros grupos de verbos xa abordados no presente traballo, nestes casos poderíamos explicar a presenza do clítico dativo por un motivo diferente ó que estivemos a manexar ata o de agora (isto é, o de que o CD se revela con características típicas do CI que fan que, por un proceso de analoxía na mente do falante, este pase a o reinterpretar como CI).

Daquela, e en conclusión, a presenza do pronome dativo con este grupo de verbos poderíamola fundamentar en dúas hipóteses, entendemos que non excluíntes entre si, senón máis ben complementarias:

- a) O pronome dativo átono cumpre a función coa que esencial e intrinsecamente (sen prexuízo dalgunhas outras que tamén pode desempeñar, coma nos casos do dativo de solidariedade ou de interese) o asociamos, isto é, a de CI, pois sobreenténdese ou dáse por suposta a existencia dun CD, existencia que iría implícita na propia utilización do verbo.

Ex.: *Belíscalle con tento para lle avisares, que se non, non se entera.*

Onde o dativo cumpriría a función de CI, dado que se entende que hai un CD que non se explicita pero que se dá por suposto (coma, por exemplo, *a perna, a coxa, o brazo...*).

b) A supresión –ou, como pouco, non manifestación externa– do que en orixe é o CD provoca que o constituínte que exercía inicialmente o rol de CI se pase a reinterpretar como obxecto paciente, de xeito tal que termina ocupando o lugar actancial deixado baleiro polo CD primixenio, pero mantendo a súa substitución pronominal orixinal en dativo (fenómeno ó cal podería contribuír tamén que presente o trazo semántico de [+humano]).

Ex.: *Belíscalle con tento para lle avisares, que se non, non se entera.*

Onde o dativo cumpriría a función de CD ó pasar a se reinterpretar como obxecto paciente e a ocupar o lugar actancial deixado baleiro polo CD primixenio (*a perna, a coxa, o brazo...*).

Esta segunda hipótese gardaría relación co feito de que practicamente todos estes verbos (ou, ó menos, a gran maioría) poidan, nos mesmos contextos, botar man do pronome acusativo átono (índa que en certos casos a algúns falantes nos poidan soar un tanto estraños) cando non aparece o complemento na súa forma plena léxica:

- *Belísca [CD] con tento na perna para lle avisares, que se non, non se entera*⁵².
- *¡Que manía ten o guicho de andar seguido beliscando a/á xente [CD]! → ¡Que manía ten o guicho de a [CD] andar seguido beliscando!*
- *Inda que o xure coa man enriba da biblia, eu non a [CD] creo*⁵³.

⁵² Obsérvese, ademais, a seguinte particularidade que presentan tanto o verbo *beliscar* coma os que xunta el se relacionaban no cadro en que abordamos o seu tratamento (isto é, *golpear, chantar, morder, peteirar, picar, rozar, tocar, trabar e trincar*):

Así, partindo dun enunciado primixenio con CD + CI, do tipo de

Belíscalle [CI] con tento a perna [CD] para lle avisares, que se non, non se entera,

de queremos mudar a estrutura sintáctico-semántica para que o CD pase de ser [-humano] a ser [+humano] (ou, visto doutro xeito, para que o constituínte que en orixe era CI pase a desempeñar o rol de CD), o primitivo CD [-humano] pasa a desempeñar a función sintáctica de CC de lugar:

Belísca/a [CD] con tento na perna [CC] para lle avisares, que se non, non se entera.

⁵³ Nestes exemplos imos optar por expresar un CD de xénero feminino. A razón principal desta elección vén motivada porque con certos verbos (coma por exemplo *crer, entender, escoitar* ou *oír*) a inserción do acusativo masculino pode levar a unha ambigüidade interpretativa.

Explicámonos botando man deste mesmo exemplo, no cal mudamos o clítico acusativo feminino cara ó xénero masculino:

Inda que (Brais) o xure coa man enriba da biblia, eu non o creo.

Vemos, pois, que a aparición do pronome masculino *o* dános adoito dúas posibilidades de interpretación do enunciado: a) non creo a Brais; b) non creo o que dixo Brais.

- Na casa non creron **a/á rapaza** [CD] cando dixo que o veciño era un mal bicho, pero ó final os feitos déronlle a razón. → Na casa non **a** [CD] creron cando dixo que o veciño era un mal bicho, pero ó final os feitos déronlle a razón.
- ¿Ti entendíche**la** [CD]? Porque eu, nada de nada.
- ¿Entendín**a** [CD] eu mal ou dixo que o asasino era louro?
- Se tes pos moi atrás na clase non **a** [CD] dás escoitado, que fala bastante baixo.
- Por moito que a adestradora se esgorxe, con tanto rebumbio os xogadores non **a** [CD] escoitan.
- O corazón golpeába**a** [CD] no peito sen dar tregua.
- A marca deixoulla unha póla que **a** [CD] golpeou na cara.
- ¿Onde **a** [CD] mordeu o can?
- Mordeu**na** [CD] nunha cacha.
- ¿Non **a** [CD] oíches? ¡Baixa de aí agora mesmo!
- Inda que **a** [CD] oian, non lle fan caso.
- Para que non **a** [CD] volvan roubar, o mellor é que poña unha alarma.
- Que estes políticos que temos levan moito tempo roubando **a/á xente** [CD] sabémolo case todos. → Que estes políticos que temos levan moito tempo roubándo**a** [CD] sabémolo case todos.

{Como xa indicamos previamente, hai certos casos en que a algúns falantes nos rechía a utilización do clítico acusativo. Os do verbo **roubar** constituirían un exemplo moi claro, pois sempre identificamos o acusativo como unha entidade co trazo de [-humano],) isto é, como a cousa ou obxecto que foron roubados ou subtraídos, mais non como a persoa que foi obxecto do roubo.}

- Fallou o golpe e rozou coa raqueta na cara **a/á compañeira** [CD]. → Fallou o golpe e rozou**na** [CD] coa raqueta na cara.
- Levou un susto de moito carallo, que ía paseando toda tranquila e de socato un coche pasou rozándo**a** [CD].
- ¿Como vai ser penalti, se a defensa nin **a** [CD] toca?
- Non volvas tocar **a/á miña irmá** [CD] se non queres que te sacuda eu a ti. → Non **a** [CD] volvas tocar se non queres que te sacuda eu a ti.
- O vídeo demostrou que ela non toca **a/á policía** [CD], polo que a tiveron que absolver. → O vídeo demostrou que ela non **a** [CD] toca, polo que a tiveron que absolver.

Anfiboloxía esta que en principio deixa de existir se botamos man do clítico dativo: *Inda que (Brais) o xure coa man enriba da biblia, eu non lle creo* (=non creo a Brais).

¿Podería, daquela, a eliminación desta pequena anfiboloxía axudar tamén, inda que sexa en pequena medida, ó uso do clítico dativo con estes verbos? Simplemente o deixamos apuntado como posibilidade.

- *Tocou un pouquiño o/ó BMW [CD] na aleta dianteira, pero só foi un rascazo de nada.*
→ *Tocouno* [CD] *un pouquiño na aleta dianteira, pero só foi un rascazo de nada.*
- *¡Pero como vai aprobar se non toca o libro [CD] en todo o curso! → ¡Pero como vai aprobar se non o [CD] toca en todo o curso!*

En estreita relación con esta posibilidade de uso do acusativo para pronominalizar o constituínte que na estrutura hipoteticamente máis completa e primaria funcionaría como CI, está o feito de que ese constituínte pode, na voz pasiva, asumir a función semántica de paciente e a función sintáctica de suxeito (calidades, estas, propias do CD)⁵⁴:

- *Foi beliscada con tento na perna para lle avisar, que se non, non se enteraba.*
- *A xente é beliscada seguido polo guicho ese.*
- *Non é crida por min inda que o xure coa man enriba da biblia.*
- *A rapaza non foi crida na casa cando dixo que o veciño era un mal bicho, pero ó final os feitos déronlle a razón.*
- *¿Foi entendida por ti? Porque, por min, nada de nada.*
- *¿Foi mal entendida por min ou dixo que o asasino era louro?*

{Vemos que en relación co verbo **entender** –así como tamén en relación, en maior ou menor medida e en función do contexto concreto, con algún outro verbo, coma por exemplo *escoitar*, *oír* ou *rozar*–, o enunciado pasivo co elemento [+humano] (ou sexa, o CI na estrutura hipoteticamente máis completa e primaria) funcionando como suxeito resulta bastante/moi forzado e estraño.

No entanto, se o suxeito da voz pasiva é o elemento que na dita estrutura “primaria” funciona como CD, o enunciado xa parece que se nos fai como menos rechiante (o cal non quere dicir que sexa nin normal nin usual) ó oído: *¿Foi entendido por ti o que dixo [CD na estrutura “primaria” e suxeito na voz activa]? Porque, por min, nada de nada. & ¿Foi mal entendido por min o que dixo [CD na estrutura “primaria” e suxeito na voz activa], ou dixo que o asasino era louro?}*

- *(A profesora) Non vai ser escoitada por ti se tes pos moi atrás na clase, que fala bastante baixo.*
- *Por moito que a adestradora se esgorxe, con tanto rebumbio non é escoitada polos xogadores.*
- *Era golpeada polo seu propio corazón no peito sen tregua.*

⁵⁴ É probable que varios dos seguintes enunciados nos rechíen un pouco ou se nos fagan un tanto estraños, pero neste sentido cómpre ter en conta que a iso tamén pode axudar o feito de que a voz pasiva non resulte habitualmente empregada.

- *Foi golpeada na cara por unha póla que lle deixou marca.*
- *Foi mordida polo can.*
- *Foi mordida nunha cacha.*
- *¿(Túa nai) Non foi oída por ti? ¡Baixa de aí agora mesmo!*
- *Inda que (a profesora) sexa oída, non lle fan caso.*
- *Para non volver ser roubada, o mellor é que poña unha alarma.*
- *Que a xente leva sendo moito tempo roubada por estes políticos sabémolo case todos.*
- *A compañeira foi rozada na cara coa raqueta ó fallar (ela) o golpe.*
- *Foi practicamente rozada por un coche, que lle meteu un susto de moito carallo, cando ía paseando toda tranquila.*
- *¿Como vai ser penalti, se nin foi tocada pola defensa?*
- *Que non volva ser tocada por ti a miña irmá se non queres que te sacuda.*
- *O vídeo demostrou que o policía non foi tocado por ela, polo que a tiveron que absolver.*
- *O BMW foi tocado un pouquiño na aleta dianteira, pero só foi un rascazo de nada.*
- *¡Pero se o libro non é tocado en todo o curso, como vai aprobar!*

► Alén de todo o dito, cómpre tamén ter presente que nas construcións que estamos a ver dos verbos incluídos neste grupo, o CI da estrutura “primaria” está case sempre representado polo que en ocasións se ten denominado “CI posesivo”. Non se trata, pois, dun CI que reciba o beneficio, prexuízo ou efecto da acción, senón que o que fai é expresar unha relación deíctica co CD:

- *Belíscalle con tento a perna = Belisca con tento a súa perna # a perna del/dela.*
- *¡Que manía ten o guicho de lle andar beliscando o brazo á xente! = ¡Que manía ten o guicho de andar beliscando o brazo da xente!*
- *Eu non lle creo o que di = Eu non creo o seu discurso # o discurso del/dela.*
- *Na casa non lle creron á rapaza a acusación = Na casa non creron a súa acusación # a acusación dela.*
- *¿Ti entendícheslle o que explicou? = ¿Ti entendíches a súa explicación # a explicación del/dela?*
- *¿Entendínlle eu mal as palabras que dixo? = ¿Entendín eu mal as súas palabras # as palabras del/dela?*
- *Non lle dás escoitado o que explica = Non dás escoitado a súa explicación # a explicación del/dela.*

- *Por moito que o adestrador se esgorxe, con tanto rebumbio os xogadores non lle [CI] escoitan as instrucións* = Por moito que o adestrador se esgorxe, con tanto rebumbio os xogadores non escoitan as súas instrucións # as instrucións del.
- *O corazón golpeáballe o peito sen dar tregua* = O corazón golpeaba o seu peito # o peito del/dela.
- *A marca deixoulla unha póla que lle golpeou a cara* = A marca deixoulla unha póla que golpeou a súa cara # a cara del/dela.
- *Mordeulle unha catcha* = Mordeu unha catcha súa # unha catcha del/dela.
- *¿Non lle oíches o que dixo?* = ¿Non oíches as súas palabras # as palabras del/dela?
- *Inda que lle oían os consellos, non lle fan caso* = Inda que oían os seus consellos # os consellos del/dela, non lle fan caso.
- *Para que non lle volvan roubar as cousas, o mellor é que poña unha alarma.* = Para que non volvan roubar as súas cousas # as cousas del/dela, o mellor é que poña unha alarma.
- *Que estes políticos que temos lle levan moito tempo roubando os impostos á xente sabémolo case todos* = Que estes políticos que temos levan moito tempo roubando da xente os seus impostos # os impostos dela sabémolo case todos.
- *Fallou o golpe e rozoulle á compañeira coa raqueta a cara* = Fallou o golpe e rozou a súa cara [a da compañeira] # a cara dela [a da compañeira] coa raqueta.
- *Ía paseando toda tranquila e de socato un coche pasoulle rozando o corpo* = Ía paseando toda tranquila e de socato un coche pasou rozando o seu corpo # o corpo dela.
- *¿Como vai ser penalti, se o defensa nin lle toca a perna!?* = ¿Como vai ser penalti, se o defensa non toca a súa perna # a perna del/dela!?
- *Non lle volvas tocar un pelo a meu irmán se non queres que te sacuda eu a ti* = Non volvas tocar un pelo seu [de meu irmán] # un pelo del [de meu irmán] se non queres que te sacuda eu a ti.
- *Tocoulle [CI] un pouquiño ó BMW a aleta dianteira, pero só foi un rascazo de nada.* = Tocou un pouquiño a súa aleta dianteira [a do BMW], pero só foi un rascazo de nada.

➤ Así mesmo, e como xa anticipabamos no punto 2.2.3, a maior parte destes verbos⁵⁵ presentan a peculiaridade de poderen ser utilizados, nas construcións en que intervén o pronome *se* indeterminador de axente, co clítico dativo desempeñando a función de CD (o cal, como xa comentamos, non é un fenómeno

⁵⁵ Dicimos “a maior parte” porque hai algúns, coma *aliviar* ou *calmar*, que parecen ser bastante renuentes a aceptar a construción da que estamos a falar.

que estea estendido polo sistema galego, senón que se atopa localizado na zona nororiental):

- **Beliscaráselle** na axila ou no trapecio, e se non existe reacción, é que o paciente está inconsciente.
- A quen mente habitualmente, é moi posible que non **se lle crea** cando diga a verdade.
- É tan farfallas que non **se lle entende** cando fala.
- Eleve un pouco a voz, por favor, que desde aquí non **se lle escoita** # **se lle oe**.
- A lei non ampara que a alguén, estando detido, **se lle golpee**.
- O can ben sabe que ós membros da familia non **se lles morde**.
- ¿Viches como **se lle rouba** a un fachendoso coma ese sen que se dea nin de conta?
- O meniño xira os pés cara a dentro cando **se lle roza** pola beira externa da planta do pé.
- O escorpión non ataca sen máis, pero si que o adoita facer **se lle toca**.
- A ese profesor, **se lle rebate** en público, cólleche a matrícula e xa quedas marcado para todo o curso.

Non obstante, esta última afirmación é susceptible de ser matizada, pois non podemos obviar que existe a posibilidade de considerar que nestes casos o dativo non desempeña a función de CD, senón de CI... entendendo, daquela, que a función de CD estaría exercida polo CD non humano da hipotética estrutura primixenia, que se atopa omitido e se dá por sobreentendido.

2.4 PEQUENA MISCELÁNEA DOUTROS VERBOS SUSCEPTIBLES DE PRESENTAR CLÍTICO DATIVO EN FUNCIÓN DE CD

2.4.1 Listaxe (non pechada) deste tipo de verbos

Relacionamos a continuación (continuando na liña adoptada ó longo de todo este traballo, de xeito nin categórico nin pechado) unha serie de verbos que son susceptibles de, en contextos idénticos, presentaren clítico dativo ou acusativo desempeñando a función do que en principio parece que se podería interpretar como CD:

adiantar, atacar, chamar (=telefonar), pasar (=adiantar), querer, telefonar

2.4.1.1 ■ Exemplos de cada un deles.

■ Tratamento que se lles presta no *Diccionario da Real Academia Galega (DRAG)* e mais no *Diccionario de la Real Academia Española (DRAE)*.

■ Observacións, naqueles casos en que se considera procedente

■ **Adiantar:**

► Exemplos:

- ¡*Adiantalle* a ese coche, meu home, que se non, non imos dar chegado a tempo!
- Ó lle ganar o partido esta fin de semana, xa *lle adiantou* na clasificación.
- Nas tres últimas voltas do gran premio tivo o seu compañeiro de equipo xusto detrás intentándolle *adiantar*, pero non foi capaz.
- Polas regras de tráfico, non *lle* podes *adiantar* pola dereita.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

1. Gañarlle a dianteira a [algo ou alguén], pasar diante por ir a máis velocidade.
Adiantounos un camión. Tamén absoluto Ten coidado ao adiantar.

[...]

• DRAE:

[...]

4. **tr.** Ganar la delantera a alguien o algo. U. t. c. prnl.

[...]

► Observacións:

Simplemente por apuntar como hipótese un posible motivo acerca do emprego do clítico dativo neste caso, ¿podería ter algo que ver a influencia da locución verbal **pasarlle diante a alguén ou a algo** (locución esta que é sinónima de **adiantar a alguén ou a algo**, que é bastante empregada e que si rexe dativo) sobre este verbo?

■ **Atacar:**

► **Exemplos:**

- *Esas cicatrices que ten no brazo produciullas un can que **lle atacou** cando era rapaz.*
- *Se realmente queres algo con ela, non sexas tímido e **atácalle**, pero sempre con respecto e educación.*
- *¡Inda que a teñas debaixo dun dente, non **lle podes atacar** así a túa irmá diante de todo o mundo con eses comentarios que non veñen a conto!*
- *¡É mellor facerlle un traxe ca convidalo a comer! ¡¿Viches que maneira de **atacarlle** ó marisco?!*
- *¡¿Viches como Rocky **lle atacaba** ós riles ó ruso?! & A curuxa **atacoulle** ós ollos e case o deixa cego.*
- *Como te colla por banda, móeche a cabeza un bo anaco... e sempre vai por ti cando te atopa desprevido, coma o león cando **lle ataca** á gacela.*
- *A este equipo ou **lle atacas** cos extremos moi pegados á banda ou non lle fas dano ningún. & Se quere gañar a Volta, hoxe é o día, e ten que **lle atacar** ó líder xusto ó comezar o último porto de montaña.*
- *Á media mañá **atácalle** a fame e ten que lle meter algo sólido ó corpo.*
- *Parecía unha catarreira de nada, pero ó final acabou **atacándolle** ós bronquios. & Aí ó comezo da primavera sempre **lle ataca** moito a alerxia.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Usar a violencia contra [algo ou alguén] con intención de causarlle dano. *Atacárono uns delincuentes para roubalo. SINÓNIMO agredir Mandara unha expedición para atacar os portos de Galicia.*
[...]
5. Tomar a iniciativa nun deporte ou xogo para ganar a [o contrario]. *O xadrecista atacou o contrario coa raíña. [...]*
6. Vir a alguén de repente [unha doenza, o sono, unha sensación...]. *No medio da película atacouno o sono. SINÓNIMO acometer Atácao unha inquietude.*
7. Producir algún trastorno a [unha persoa]. *O catarro atacoume os bronquios. Atácame moito a xaqueca.*
[...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Acometer, embestir con ánimo de causar daño. U. t. c. intr. *Muchos animales atacan solo por hambre.*
2. **tr.** En un combate, emprender una ofensiva. U. t. c. intr. *La escuadrilla atacó al amanecer.*
3. **tr.** Actuar contra algo para destruirlo. *Los antitérmicos atacan la fiebre.*
4. **tr.** Perjudicar, dañar o destruir. *Este virus ataca el sistema inmunológico.*
[...]
7. **tr.** Dicho de un competidor o de un equipo: En algunos deportes y juegos, tomar la iniciativa para ganar al adversario. U. t. c. intr. *El ciclista atacó al llegar a la montaña.*
[...]
10. **tr.** Dicho del sueño, de las enfermedades, de las plagas, etc.: **acometer** (| |venir repentinamente).
[...]
12. **tr. coloq.** Alterar a alguien los nervios, irritarlo o hacerle perder la calma.
[...]

► **Observación:**

1. Como se pode apreciar, algúns dos exemplos reflicten acepcións non rexistradas no DRAG: así, no segundo dos enunciados o verbo **atacar** está empregado no sentido coloquial de “entrarlle a alguén, abordar ou acercarse a alguén con intención de namorar ou de trabar algún tipo de relación sexual con el”; no terceiro a acepción viría a ser, *grosso modo*, a de “lanzar comentarios ofensivos, aldraxantes ou negativos contra alguén coa intención de lle facer dano”; e no cuarto atopámonos cunha acepción do tipo de “lanzarse a comer ou beber algún tipo de alimento con grande ansia e ímpeto”.

2. Pola súa banda, e fronte ó que acontece normalmente con este tipo de verbos que permiten a aparición do clítico dativo na función do en principio CD, podemos observar que nalgún caso este CD ou obxecto paciente da acción non presenta o trazo semántico de [+humano] ou [+humanizado], como acontece nos seguintes exemplos:

- ¡É mellor facerlle un traxe ca convidalo a comer! ¡¿Viches que maneira de atacarlle ó **marisco**⁵⁶ [CD non humano]?!
- Como te colla por banda, móeche a cabeza un bo anaco... e sempre vai por ti cando te atopa desprevido, coma o león cando lle ataca á **gacela**.

⁵⁶ Neste caso, non humano e mais non animado, pois enténdese que o marisco xa está morto. O mesmo acontecería con enunciados do tipo de:

- Antes de que nos sirvan o primeiro prato xa **lle ataca** ó **pan**.
- Ti **atácalle** ó **whisky**, que xa me encargo eu da xenebra.

3. Ademais, e dun xeito que poderíamos considerar en certa medida semellante ó que se pode dar cos verbos *beliscar, chantar, golpear, morder, peteirar, picar, rozar, trabar* ou *trincar* (véxase a observación 1 no cadro de **beliscar**), hai veces en que **atacar** presenta un CD [+humano] seguido dun CC de lugar que especifica e concreta en que parte do dito CD se localiza a acción denotada polo verbo:

- ¡¿Viches como Rocky lle [CD] atacaba ós riles [CC de lugar] ó ruso [CD]?! & *A curuxa atacoulle* [CD] ós ollos [CC de lugar] *e case o deixa cego.*

- *Parecía unha catarreira de nada, pero ó final acabou atacándolle* [CD] ós bronquios [CC de lugar].

■ **Chamar**⁵⁷ (*sinón.:* **telefonar**):

► **Exemplos:**

- *Teño que **lle chamar** ó paisano da caldeira, que se che me escarallou.*

- ***Chámalle** aí ó rapaz para que compre leite cando saia de traballar.*

- *Esas empresas, para che faceren o contrato, sonche ben lixeiras, pero cando tes un problema, **chámasilles** e **chámasilles** e estás media hora cun contestador automático.*

- *Ver xa hai tempo que non a vexo, pero inda **lle chamei** e falei con ela a semana pasada.*

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo transitivo

[...]

7. Comunicar con [unha persoa ou un servizo], ou tratar de facelo, por medio do teléfono. *Chámante pola liña un. Chamade unha ambulancia!* Tamén absoluto *Vou chamar por teléfono.*

[...]

• **DRAE:**

[...]

⁵⁷ Nótese, por unha banda, que este verbo, inda que con outra acepción, forma tamén parte do primeiro grupo que discriminamos, isto é, do de verbos de afección psíquico-emotiva (véxase o apartado 2.1.2). E nótese, por outra, que en calquera dos exemplos expostos o podemos trocar polo verbo **telefonar**, que se comporta exactamente igual ca el para o que aquí nos interesa.

2. tr. Realizar las operaciones necesarias para establecer comunicación telefónica con alguien. *La llamé, pero no estaba en casa.* U. t. c. intr. *Llama a su oficina.*

[...]

► **Observaciones:**

1. Polo que atangue ó castelán, o Panhispánico dinos:

«[...] b) Cuando significa 'establecer comunicación telefónica [con alguien]', está generalizado en todo el ámbito hispánico el uso transitivo: "No hace mucho **LO** llamó por teléfono un tipo de voz imperiosa" (Galeano Días [Ur. 1978]); "**Lo** llamó por teléfono para decirle que tenía su entera confianza" (Herrero Ocaso [Esp. 1995]). No faltan, sin embargo, ejemplos de uso intransitivo, procedentes incluso de zonas no leístas: "Marcel **LE** llamó por teléfono para decirle que Ana estaba muy mal" (Aguilera Caricia [Méx. 1983]). Pero lo normal y más recomendable es interpretar como directo el complemento que expresa el destinatario de la llamada y usar, por tanto, las formas *lo(s)* y *la(s)* cuando se trate de un pronombre átono de tercera persona. [...]»

Xa que logo, malia reconecer "ejemplos de uso intransitivo"⁵⁸, recoméndase para esta acepción o uso do clítico acusativo.

2. Gardando certa relación co fenómeno que basicamente aquí estamos a tratar (ou sexa, o da posibilidade de pronominalización de CD con dativo), inda que en principio na dirección contraria, teríamos os casos correspondente á acepción 11 do DRAG ("Aplicar a alguén ou a algo un nome ou un alcume"), que nesta obra se nos indica como de comportamento intransitivo.

Non obstante, o certo é que tamén temos rexistrado exemplos, tanto por vía oral coma escrita, de uso do clítico acusativo para esta acepción (e conste que quen isto está a escribir xa non só é que empregue unicamente a opción co clítico dativo, senón que mesmo lle soa raro o uso nestes casos do clítico acusativo:

¿?A nai seica **o** quería chamar Tino; o pai, Valente; finalmente, chegaron a un acordo e chamárono Lino).*

Sen descartar a posibilidade de que se trate de usos influenciados polo castelán, a verdade é que entendemos que nos atopamos ante un caso que apoia e secunda o argumento de que hai

⁵⁸ De aplicarmos o enfoque que estamos maioritariamente a adoptar no presente traballo, falaríamos máis ben de casos de pronominalización de CD con clítico dativo.

CDs que pronominalizan co clítico dativo. ¿Que por que? Pois porque en oracións como *As raparigas chamáronlles cridos ós dous actores*, a función sintáctica da voz *cridos* parece que non pode ser outra cá de predicativo (de feito, ten que cadrar en xénero e número co constituínte respecto do que predica algo – neste caso, *ós dous actores*–)... e ou ben desenvolvemos unha nova función chamada “predicativo do CI”, ou ben consideramos que neste caso nos atopamos ante unha excepción no sistema ou ben asumimos que *ós dous actores* é CD.

En conexión con isto que acabamos de manifestar, velaquí a seguir o que se comenta no Panhispánico con respecto á dita acepción:

«[...] c) Significa también ‘aplicar [a alguien o algo] una denominación o calificativo’: “Vino al mundo un niño a quien llamaron Rolf” (Allende *Eva* [Chile 1987]); “¡No llames víbora a mi mujer!” (Gallego *Adelaida* [Esp. 1990]). Con este sentido era transitivo en latín y se construía con doble acusativo. Ya desde los orígenes el español vaciló entre usar en este caso las formas de dativo *le(s)* o las de acusativo *lo(s)*, *l(a)s*, vacilación que se ha mantenido hasta la época actual: “En España a la papa **LE** llaman patata” (Huneus *Cocina* [Chile 1989]); “Presiento una hija y [...] **LA** llamaré Juana” (Cabrujas *Acto* [Ven. 1976]). A pesar de esta vacilación tradicional, hoy se recomienda el uso de los pronombres *lo(s)*, *la(s)*, pues el complemento que expresa la persona o cosa nombrada funciona como sujeto en la construcción pasiva: *La niña fue llamada Juana*; a esto se añade que el complemento predicativo, que es el que expresa el nombre o calificativo aplicado, solo puede referirse gramaticalmente a un sujeto o a un complemento directo, nunca a un complemento indirecto. [...]»

■ Pasar:

► Exemplos:

- ¡Seica non tes présa, que non **lle queres pasar** diante!
- Se mañá o Bergantiños gana e o Compos perde, xa **lle pasa** por riba.
- A final de 1.500 ganouna o marroquí, que nos últimos 300 metros **pasoulles** ós que ían en cabeza coma se fose un foguete.
- O teu coche, coa pouca cabalaxe que ten, costa arriba non **lle pasa** nin a unha Vespino.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

13. Deixar atrás [a alguén que ía diante]. *Pasounos subindo a costa*. SINÓNIMO adiantar

[...]

• DRAE:

[...]

8. tr. Exceder, aventajar, superar. U. t. c. prnl.

[...]

► Observacións:

Entendemos que aquí tamén podería ser válida a observación efectuada en relación co verbo **adiantar**, á que nos remitimos.

Alén disto, hai xente (entre ela, quen isto está a escribir) que descodifica dun xeito distinto a secuencia **pasoulle diante** (=adiantouno/a) da secuencia **pasouno/a diante** (=puxo algo ou a alguén nunha posición máis dianteira).

■ Querer:

► Exemplos:

- ¿A quen **lle queres** máis: a papá ou a mamá?
- Casar casou con ela polas presións familiares, pero querer nunca **lle quixo**.
- Se realmente **lle queres**, deixa que viva a súa vida, porque ben sabes que contigo nunca vai ser feliz.
- A primeira moza foi o amor da súa vida, e nunca **lle quixo** a ningunha outra tanto coma a ela.

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo transitivo

[...]

4. Ter cariño ou amor [a alguén]. *Quérea e vai casar con ela.* SINÓNIMO amar
ANTÓNIMO odiar

verbo intransitivo

5. Ter cariño a alguén. *Quérelle coma se fose fillo seu. O seu afillado quérelle moito.*

[...]

• DRAE:

[...]

2. **tr.** Amar, tener cariño, voluntad o inclinación a alguen o algo.

[...]

► Observacións:

1. Como podemos ver, o DRAG desenvolve dúas acepcións, unha transitiva e unha intransitiva, cuxa única diferenza é, aténdonos ó significado que se reflicte en ambas, que a intransitiva non inclúe o sentimento de amor (entendemos que no sentido de estar namorado) cara a alguén. Non obstante, se botamos man do último exemplo que nós expuxemos, que está tirado ó dereito da fala oral, vemos que enunciados en que se utiliza o clítico dativo poden dar tamén perfecta conta dese significado de amor de parella.

Ademais, e se collemos, por poñer un caso, o primeiro exemplo da acepción que consta como intransitiva, entendemos que é perfectamente posible mudar o clítico dativo polo acusativo sen problema ningún: *Quérelle coma se fose fillo seu = Quéreo coma se fose fillo seu.*

Por outra banda, se partimos dos enunciados en que se emprega o clítico dativo, vemos que son susceptibles de ser pasados á voz pasiva (o que non quere dicir que esta nos vaia soar de xeito natural en todos os casos, xa que, como sabemos, non é demasiado empregada na fala). Ex.:

Quérelle coma se fose fillo seu → O rapaz éche querido por ela coma se fose fillo seu

En definitiva, volvémonos atopar ante outra manifestación máis do difusa, esvaída e tenue –e se cadra, confusa– que resulta, en ocasións, a liña que tradicionalmente interpretamos que divide o que en certos casos consideramos comportamentos transitivos e intransitivos dun mesmo verbo e acepción.

2.4.2 Arrequeamento da listaxe anterior de verbos, seguida de exemplos

Insistimos, e volvemos facer fincapé, en que as listaxes que estamos a fornecer non son pechadas nin completas, pois estamos certos de que hai máis verbos que se poden incluír en cada un dos grupos que estamos a deslindar.

Así, nesta miscelánea que conforma o apartado 2.4 do presente traballo, da cal forman parte verbos que non cadrarían exactamente dentro de ningún dos outros grupos por mor de non compartiren as características que distinguen e definen cada un deles, tamén engadimos seguidamente algúns, respecto dos que facemos constar cadanseu exemplo:

anteceder, apuntar, preceder, seguir, suceder, temer

- *A imprenta nace como imitación, o máis exacta posible, do libro manuscrito que lle antecede no tempo.*
- *Apúntalle ben ó obxectivo e dispara.*
- *A cada escena precédelle unha presentación dos personaxes que esperta a atención do público.*
- *Neste momento hai dous equipos galegos encabezando a clasificación: o primeiro é o Arenteiro, e o que lle segue é o Compos.*

- *Á cruenta guerra **sucedulle** un longo período de paz⁵⁹.*
- *Vista a deriva que está a tomar o mundo, **témolle**⁶⁰ ó futuro.*

2.4.2.1 ■ Os verbos *seguir*, *anteceder*, *preceder* e *suced*

■ Tratamento que se lles presta no *Diccionario da Real Academia Galega (DRAG)* e mais no *Diccionario de la Real Academia Española (DRAE)*

■ Observacións, naqueles casos en que se considera procedente

Non é difícil notar que os verbos *seguir*, *anteceder*, *preceder* e *suced* poden conformar un pequeno subgrupo semanticamente delimitado polo significado global de “ir, vir ou estar a continuación de, ou xusto antes de”.

Vexamos un pouco máis polo miúdo o tratamento que se lles dá a estes verbos no DRAG e mais no DRAE, para a seguir facer algún comentario ou observación ó respecto:

■ **Anteceder:**

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• **DRAG:**

verbo transitivo

1. Ir ou estar antes ca [algo ou alguén] no tempo ou no espazo. *Lembrou os que o antecederon nas súas investigacións.* SINÓNIMO preceder ANTÓNIMO suceder [...]

• **DRAE:**

1. **tr.** preceder.

► **Observacións:**

O Panhispánico volve, novamente, a modificar un tanto a información fornecida polo DRAE e a considerar a posibilidade do uso das formas clíticas de dativo:

⁵⁹ Exemplo tirado ó dereito da entrada **suced** do DRAG (en concreto, da acepción 2).

⁶⁰ Neste caso, e sen prexuízo da coexistencia doutros factores (basicamente a necesidade de que o complemento sexa introducido mediante a preposición **a**), é posible, por non dicir probable, que tamén se dea unha influencia analóxica provocada pola locución *terlle medo a*.

«'Ir delante o preceder'. Es transitivo **y su complemento directo, aun no siendo de persona, suele ir introducido por la preposición a** (→ [a2](#), [1.11](#)): "Un desfile de músicos y danzantes [...] antecede a la batalla" (Ruz Mayas [Méx. 1981]); "Iban más confiados que un grupo que **LOS** antecedió" (Mundo [Esp.] 20.8.94). No obstante, cuando no denota movimiento, sino estado, es predominante el uso de las formas pronominales de dativo, incluso en zonas no leístas: "Al acto **LE** antecedió una marcha" (Granma [Cuba] 3.97).»

■ Preceder:

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

► PARA TODAS AS ACEPCIÓNS, SINÓNIMO anteceder

verbo transitivo

1. Ir ou estar antes ca [outra persoa ou cousa], sexa no espazo ou no tempo. *O que o precedeu no cargo deixou moitas débedas.* ANTÓNIMOS seguir, suceder
En galego, o artigo precede o nome. ANTÓNIMO seguir

• DRAE:

1. **tr.** Ir delante en tiempo, orden o lugar. U. t. c. intr.

2. **tr.** Anteceder o estar antepuesto.

3. **tr.** Dicho de una persona o de una cosa: Tener preferencia, primacía o superioridad sobre otra.

► Observacións:

Copiamos deseguido o contido do Panhispánico acerca deste verbo:

«'Ir delante'. **Es transitivo y su complemento directo va introducido por a, aunque exprese cosa** (→ [a2](#), [1.11](#)): "La respuesta no puede preceder a la pregunta" (Nitti Comunicación [Arg. 1993]). El complemento directo exige el uso de las formas pronominales de acusativo *lo(s), la(s)*: «Huidobro **LO** precede en el tiempo" (Paz Sombras [Méx. 1983]). No obstante, la presencia obligada de la preposición *a* ante este complemento favorece el uso de la forma de dativo *le(s)*, frecuente incluso en zonas no leístas: "Al

*inspector eclesiástico siempre **LE** precede [...] el olor del cubo con el cual se confiesa” (RBastos Vigilia [Par. 1992]).»*

■ **Seguir:**

► **Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:**

• **DRAG:**

verbo **intransitivo**

1. [Cousa, persoa] vir, ir ou esta a continuación doutra. *Os magostos seguiron á vendima e xa se anunciaba o inverno. Para el a familia é o primeiro, e logo séguelle o traballo. O que segue está escrito en tinta azul. A casa que lle segue a aquela é a miña.* SINÓNIMO suceder ANTÓNIMOS anteceder, preceder [...]

• **DRAE:**

1. **tr.** Ir despois o detrás de alguen. U. t. c. intr. [...]

► **Observacións:**

1. Nótese que, con esta acepción, o DRAG dinos que nos achamos ante un verbo de comportamento sintáctico intransitivo. De feito, non recolle unha acepción transitiva que presente o mesmo significado, de xeito tal que non contemplaría (como despois volveremos lembrar) enunciados do tipo de:

*¿Que equipo é o que **o segue** agora na clasificación?*

Que desde aquí entendemos que non se poderían catalogar como normativamente inaceptables.

2. Obsérvese o tratamento que lle dispensa o Panhispánico a este verbo, que vai na mesma liña có que acabamos de ver para o verbo **preceder**:

«[...] Cuando significa 'ir detrás o despois', es transitivo y **su complemento directo, tanto si es de persona como si es de cosa, va introducido por a** (→ [a2](#), [1.11](#)): “Amado sigue a la discola santa [...] por las calles de la ciudad” (Abc [Esp.] 5.5.89); “La tristeza bárbara que siempre sigue a la alegría bárbara hizo su aparición” (Atxaga Tiempo [Esp. 1995]). Si el complemento directo es un pronombre átono de tercera persona, deben usarse las formas

lo(s), la(s): "Su mismo coraje le impidió ver que Lauro **LO** seguía a prudente distancia" (Olivera *Enfermera* [Méx. 1991]). No obstante, la presencia obligada de la preposición a ante este complemento favorece que también se emplee el pronombre le(s), incluso en zonas no leístas: "Teresa **LE** siguió y se acomodó en un taburete" (VqzRial *Isla* [Arg. 1991]).»

■ Suceder:

► Tratamento do DRAG e mais do DRAE, para a acepción ou acepcións que nos interesan:

• DRAG:

verbo **intransitivo**

[...]

2. [Cousa] vir despois de. *Á cruenta guerra sucedelle un longo período de paz. A estes feitos sucederán outros.* SINÓNIMO seguir

verbo **transitivo**

3. Pasar a ocupar un cargo, un posto, unha dignidade etc., a continuación de [outra persoa]. *Sucedeuno o seu neto á fronte da empresa.*

[...]

• DRAE:

1. **tr.** Ir detrás de alguen o de algo, seguirlo en el tiempo o en el espacio. *El día sucede A la noche.* Era u. t. c. intr.

2. **tr.** Pasar a ocupar el puesto o a desempeñar la función de alguien o de algo. *Felipe II sucedió al emperador Carlos V.* Era u. t. c. intr.

3. **tr.** Recibir según la ley los bienes o títulos que alguien poseía. *Legó todas sus posesiones al Estado, porque no tenía hijos que lo sucedieran.* Era u. t. c. intr.

[...]

► Observacións:

Otra volta máis, reproducimos o que di o Panhispánico a respecto deste verbo:

«1. Cuando significa 'ir detrás' es verbo transitivo y **su complemento directo, aun siendo de cosa, va precedido de la preposición a** (→ [a2](#), [1.11](#)): "El frío sucede **AL** calor, el beso **AL** llanto" (Hernández *Secreter* [Esp. 1995]). El complemento directo

exige el uso de las formas pronominales de acusativo *lo(s)*, *la(s)*: “Treinta sílabas que la anteceden y otras tantas que **LA** suceden” (Fogwill *Cantos* [Arg. 1998]). No obstante, la presencia obligada de la preposición *a* ante este complemento favorece el uso de la forma de dativo *le(s)*, frecuente incluso en zonas no leístas: “A su fría y razonada locura **LE** sucedía una desesperación demoníaca” (Gasulla *Culminación* [Arg. 1975]). [...]»

2.4.2.2 ■ Comentarios xerais ó respecto destes verbos

► **1.** Como podemos observar, o DRAG contempla como transitivos (para as acepcións que nos incumben) os verbos *anteceder* e *preceder*, e como intransitivos *seguir* e *suceder* (neste último caso, tamén transitivo na acepción de “Pasar a ocupar un cargo, un posto, unha dignidade etc., a continuación de [outra persoa]”).

Mais, ¿con que clítico completariamos o enunciado *Ó fume precede__ # antecede__ o lume?* Porque notemos que, de igual xeito a como acontecía cos verbos de afección psíquico-afectiva, neste enunciado atopámonos cun complemento (*ó fume*) que vai precedido da preposición **a**, que cumpre a función informativa de tema e que, ademais, se redobra ou reduplica por medio do clítico (características estas, como xa temos dito, asociadas basicamente coa función sintáctica de CI), o que leva a que moitos falantes empreguen o clítico dativo.

Se, ademais, facemos que o complemento na súa forma plena vaia tras o predicado, parece que a opción do clítico acusativo practicamente desaparece:

Precédelle # Antecédelle ó fume o lume.

Pero posiblemente non:

¿???Precédeo # Antecédeo ó fume o lume.*

► **2.** Pola súa banda, e inda que *seguir* e *suceder* aparecen no DRAG, con este significado, como verbos de comportamento intransitivo, ben seguro que en máis dunha ocasión temos lido ou escoitado enunciados nos que se botaba man do clítico acusativo, do tipo de

Vai primeiro o Arenteiro. Ségueo o Compos a dous puntos.

O que non fai senón confirmar, unha vez máis, que o tema que estamos a tratar ten o seu aquel... máxime se, ademais, temos en conta que nos atopamos con oracións cuxo complemento é susceptible de funcionar como suxeito na voz pasiva ou na voz media:

O Arenteiro é seguido polo Compos # do Compos.

A cruenta guerra foi sucedida por un longo período de paz.

► **3.** Para rematar, e en relación coa acepción transitiva de *suceder* recolleita no DRAG (isto é, a de “Pasar a ocupar un cargo, un posto, unha dignidade etc., a continuación de [outra persoa]”), velaquí a seguir unha serie de exemplos de portugués tirados da Rede –que como tales, volvémoslo repetir, cómpre tomar con certa prudencia– en que o pronome utilizado é o clítico dativo:

- *Sucedeu-lhe no cargo e esteve dois mandatos como presidente [...].*
- *Sucedeu-lhe no cargo o seu filho [...].*
- *O primeiro **sucedeu-lhe** no cargo de Presidente [...].*
- *Sucedeu-lhe no trono castelhana o seu filho [...].*
- *Sucedeu-lhe na chefia do Estado o seu vice-presidente [...].*
- *[...] este **sucedeu-lhe** na missão de acompanhamento da zona pastoral do Oeste do Patriarcado de Lisboa.*
- *Sucedeu-lhe na direção da escola o seu discípulo, Clemente da Alexandria [...].*
- *[...] até ao doutoramento da Professora [...], **sucedeu-lhe** na direção do Museu o Professor [...]*
- *A viúva [...] **sucedeu-lhe** na administração da capela onde se fez sepultar em novembro de 1646.*

Etc.

E vemos que tamén se atopan exemplos en galego co clítico dativo, o que parece indicativo de que nos encontramos ante unha opción non allea á nosa lingua, pois resultaría tremendamente difícil explicar estes exemplos recorrendo unicamente á argumentación de que a persoa redactora de todos e cada un deles estaría influenciada polo castelán en todos os casos (e inda máis tendo en conta que en castelán se recomenda o emprego do acusativo):

- *Á morte de Henrique (1112) **sucedeu-lle** no governo do condado a súa viúva Tareixa durante a minoridade do fillo de ambos, Afonso Henriques.*

- *Trala súa marcha **sucedeu** no cargo José Antonio Fraiz, unha persoa fundamental para entender a historia do centro.*
 - *Cando morreu Fernando VII, **sucedeu** no trono a súa filla Isabel, pero como só tiña tres anos fíxose cargo do goberno a súa nai María Cristina.*
 - *A Xacobo **sucedeu** no oficio de escribán o seu fillo Pedro Núñez [...].*
 - *Cando morreu enterrárono na cidade de David, e **sucedeu** no trono o seu fillo Asá.*
 - ***Sucedeu** no morgado García Pardiñas, que casou con Aldonza de Romay e que morreu no asedio inglés na Coruña en 1589.*
 - *A Guerra Civil paralizou as súas actividades e a partir do 1940 **sucedeu** na dirección da banda o seu fillo maior [...].*
 - *Non tendo este descendencia lexítima, **sucedeu** na casa o seu irmán [...].*
 - *[...] **sucedeu** na presidencia do grupo parlamentario.*
- Etc.*

2.4.3 Posibles claves para explicar este comportamento

Dá a sensación de que o trazo máis definitivo ou definitorio deste remexido de verbos é, basicamente, a de que o constituínte que no plano sintáctico exerce a función de CD esixe (ou normalmente esixe), tanto que estea expreso no enunciado coma que se sobreentenda, a presenza dunha preposición **a** que o introduza ou encabece.

Ademais, nas ocasións en que o dito constituínte aparece efectivamente expreso no enunciado, non é raro que pida a presenza dun clítico que o reduplicate, que no caso de preceder á forma plena léxica vai ser practicamente case sempre o dativo:

Adiántalle a ese coche.

Adianta a ese coche.

Pero non:

****Adiántao a ese coche.***

Sempre vai por ti cando te atopa desprevido, coma o león cando lle ataca á gacela.

Sempre vai por ti cando te atopa desprevido, coma o león cando ataca a/á gacela.

Pero non:

Sempre vai por ti cando te atopa desprevido, coma o león **cando a ataca á gacela.*

Teño que lle chamar ó paisano da caldeira, que se che me escarallou.

Teño que chamar ó paisano da caldeira, que se che me escarallou.

Pero non:

****Teño que o chamar ó paisano da caldeira,** que se che me escarallou.*

Se mañá o Bergantiños gana, xa lle pasa ó Compostela.

[MENOS COMÚN]: *Se mañá o Bergantiños gana, xa pasa ó Compostela.*

Pero non:

Se mañá o Bergantiños gana, **xa o pasa ó Compostela.*

¿A quen lle queres máis: a papá ou a mamá?

¿A quen queres máis: a papá ou a mamá?

Pero non:

¿A quen o queres máis:** a papá ou a mamá?.*

En definitiva, e unha vez máis, volvémonos enfrontar cun proceso no cal a analogía lingüística xoga un papel fundamental: así, o feito de que o CD se vista externamente con atributos ou trazos que, como falantes naturais, asociamos de xeito subconsciente á función de CI fai que acabemos por botar man en gran medida do clítico dativo no canto do acusativo (clítico, este último, que sería o que en principio lle tería corresponder ó CD).

3. GRUPOS DE VERBOS QUE PRESENTAN UN COMPORTAMENTO SEMELLANTE

3.1 VERBOS CAUSATIVOS

Inda que en principio parece que con estes verbos causativos non nos atopariamos ante pronomes clíticos dativos que cumpren a función de CD, posto que estarían a desempeñar o rol sintáctico de CI, si que é verdade que certos verbos causativos poden admitir –cando menos en determinados contextos, e sempre que o complemento representado polo acusativo presente o trazo semántico de [+humano] ou, como mínimo, [+humanizado] ou [+animado]– tanto a rección do pronome átono acusativo coma a do pronome átono dativo, como imos ver. Xa que logo, ímolos incluír tamén neste traballo, mais unicamente ofrecendo unhas poucas pinceladas acerca deles.

Antes de nada, convén lembrar que é o que entendemos por verbos causativos. Así, en trazos xerais, poderíamos dicir que coñecemos como verbos causativos aqueles que causan ou provocan que un suxeito sintáctico distinto do propio suxeito do verbo causativo realice unha acción ou provoque unha situación ou estado.

De entre eles, e como xa avanzamos, hai algúns que, complementados por unha oración (sobre todo de infinitivo), poden permitir rexer acusativo ou dativo, como *facер, mandar* ou *deixar*, e sempre que se cumpra a condición de que o complemento representado polo acusativo presente o trazo semántico de [+humano] ou, como mínimo, [+humanizado] ou [+animado].

Exemplos:

▪ *Inda que a meniña che diga que non lle gusta, ti **faille comer o caldo**.* [TAMÉN: ti **faina comer o caldo**.]

*Inda que a meniña che diga que non lle gusta o caldo, ti **faina comer**.* [TAMÉN: ti **faille comer**.]

▪ ***Mandoulle subir a bicicleta** polas escaleiras.* [TAMÉN: **Mandouno/a subir a bicicleta** polas escaleiras.]

***Mandouno/a subir** polas escaleiras.* [TAMÉN: **Mandoulle subir** polas escaleiras.]

▪ *Que non **lle deixen cantar esa canción**, que é moi mala.* [TAMÉN: Que non **o/a deixen cantar esa canción**, que é moi mala.]

*Que non **o/a deixen cantar**, que canta moi mal.* [TAMÉN: Que non **lle deixen cantar**, que canta moi mal.]

Tal e como se pode intuír nestes poucos exemplos, parece que existe unha certa tendencia a empregar en maior medida o dativo cando a oración subordinada presenta un predicado transitivo, e en maior proporción o acusativo cando amosa predicado intransitivo.

Dá así mesmo a impresión de que pode resultar máis usual empregar o dativo cos predicados subordinados intransitivos ca empregar o acusativo cos predicados subordinados transitivos:

- Con predicado subordinado intransitivo:

*Déixa**o/a** beber. & Déixa**lle** beber.*

- Con predicado subordinado transitivo:

*Déixa**lle** beber un vaso de viño (ó rapaz), que un día non son días.*

*Déixa**o** beber un vaso de viño, que un día non son días.* [PROBABLEMENTE MENOS COMÚN. EXA MOITO MENOS COMÚN, E MESMO LINDANDO NO QUE SE TERÍA POR GRAMATICALMENTE CORRECTO DENTRO DA NORMA, ESTARÍA A APARICIÓN DO CLÍTICO ACUSATIVO CANDO DESPOIS SE MANIFESTA O CD NA SÚA FORMA LÉXICA PLENA (VÉXASE A NOTA A PÉ NÚMERO 15):

*¿*Déixa**o** beber un vaso de viño **ó rapaz**, que un día non son días.*

*¿*Déixa**o** **ó rapaz** beber un vaso de viño, que un día non son días.]*

Sexa como for, o que parece claro é que non son poucos os contextos susceptibles de admitiren tanto a utilización do pronome átono dativo coma do pronome átono acusativo.

Non obstante, entendemos que nestes casos a opción de falar dun clítico dativo exercendo a función de CD sería máis difícil de defender, xa que é posible que a dupla posibilidade do clítico con estes verbos responda a esquemas e motivacións que difiren do que estivemos a ver ata o de agora:

- De feito, non parece desaxido entender que en *Déixa**lle** [ó rapaz] beber un vaso de viño*, o *lle* funcione como CI e a oración subordinada *beber un vaso de viño* como CD (á semellanza do que ocorrería con *Déixalle* [CI] *unha cousa* [CD] ou con *Permítelle* [CI] *a inxestión dun vaso de viño* [CD]).

Así, nestes casos o obxecto paciente (isto é, a entidade afectada ou efectuada pola acción do suxeito axente) é aquilo que se deixa ou permite, mentres que o beneficiario (o destinatario da acción ou dos seus resultados) é o ente representado polo clítico de dativo.

- Pola súa banda, en *Déixa**o/a** beber un vaso de viño* parece claro que o clítico *o/a* exerce o papel sintáctico de CD e que o habería que interpretar como obxecto paciente (ou

sexa, como a entidade afectada pola acción de deixar ou permitir que é realizada polo suxeito sintáctico).

Mais, ¿cal sería, daquela, a función sintáctica desempeñada pola oración subordinada? Velaí a nai do año.

¿Talvez unha función ligada á de complemento predicativo do CD (en diante, CPred. do CD), na medida en que se trata dun constituínte que incide tanto sobre o verbo coma sobre o dito CD? Se cadra a relación cun CPred. do CD máis “ó uso”, por así o dicir, se poida percibir con maior claridade se no canto do verbo **deixar**⁶¹ empregamos o verbo **facer**:

Faino/a beber un vaso de viño (=fai que beba un vaso de viño).

*Faino/a feliz (=fai que sexa feliz, onde o adxectivo *feliz* desempeña, sen dúbida, a referida función de CPred. do CD).*

Si que é certo que esta relación coa función de CPred. do CD pode ser que se faga máis difícil de apreciar no caso do verbo **mandar** (p. ex., *Ti mándao comer & Ti mándao comer a froita*). Mais, se a oración subordinada non desempeña a antedita función de Cpred. do CD, ¿cal sería o seu rol sintáctico?, ¿que outra función sintáctica estaría a desenvolver⁶²?

⁶¹ En relación con este verbo, obsérvese que en certos casos en que o seu significado causativo-permisivo se atopa esvaído –ou, directamente, xa non existe–, conformados pola secuencia «**deixar** en imperativo (*deixa*, fundamentalmente, inda que tamén *deixade*) + conxunción **que** + verbo en presente de subxuntivo», a posibilidade de utilización do clítico dativo practicamente diríamos que case se dilúe:

Déixao/a que fale, que total, coas parvadas que di, ninguén lle fai caso.

¡Déixadeo/a que faga chuletas, que cando chegue á ABAU xa baterá de fociños coa realidade!

Notemos que nestes enunciados o contido causativo ou ben non ten incidencia ningunha, ou ben, se a ten, é moi pouca, pois poderíamos dicir practicamente o mesmo mediante:

Que fale, que total, coas parvadas que di, ninguén lle fai caso.

¡Que faga chuletas, que cando chegue á ABAU xa baterá de fociños coa realidade!

E vemos que, para este contido non causativo, estaría case vedada a aparición do clítico dativo:

¿?Déixalle que fale, que total, coas parvadas que di, ninguén lle fai caso.*

¿?Déixadelle que faga chuletas, que cando chegue á ABAU xa baterá de fociños coa realidade!*

⁶² Porque entendemos que no caso de interpretarmos que a oración subordinada exerce o rol de CD, e tendo en conta que o clítico acusativo podería ser remudado polo clítico dativo (*Ti mándalle comer & Ti mándalle comer a froita*), mesmo habería que valorar a posibilidade de que o dito acusativo –e, en consecuencia, o constituínte pleno que substitúe– estea a funcionar como CI do verbo causativo ou principal (posibilidade que, en principio, non nos parece demasiado plausible).

Obsérvese, ademais, o peculiar comportamento deste tipo de verbos naquelas ocasións en que, rexendo dativo, o predicado subordinado a eles presenta un CD [+humano] (ou incluso [+animado]), no sentido de que ó se pronominalizar este, rexéitase a contracción dos clíticos:

Mandoulle [a Matilda] [CI] *acariciar o seu curmán* [CD +HUMANO].

Mandoulle [a Matilda] [CI] *acariciar a cadela* [CD +ANIMADO].

Mandoulle [a Matilda] [CI] *acariciar o abrigo de pel que comprara* [CD -ANIMADO].

De pronominalizarmos o CD e tentarmos facer a contracción dos clíticos, esta, en principio, só sería posible no último exemplo (ou sexa, no exemplo en que o predicado subordinado presenta un CD non animado):

Mandoulle acariciar o abrigo de pel que comprara → *Mandoullo acariciar*.

Mais parece que sería inadmisibile no primeiro deles:

Mandoulle acariciar o seu curmán → *Mandoulle acaricialo* → PERO NON: **Mandoullo acariciar*.

E incluso no segundo (ou, cando menos, resultaría dubidosa a súa aceptación dentro da norma):

Mandoulle acariciar a cadela → *Mandoulle acariciala* → PERO: ¿**Mandoulla acariciar*.

3.2 VERBOS DE PERCEPCIÓN

Certos verbos de percepción, coma **oír**, **escoitar**, **sentir** (na súa acepción sinónima de “oír”) ou **ver**, compórtanse, para o que neste traballo nos interesa, dun xeito que presenta semellanzas co dos verbos acusativos que acabamos de abordar, no sentido de que, cando menos en determinados contextos –e, volvémoslo recalcar, coa condición de que o complemento representado polo acusativo presente o trazo semántico de [+humano]–, poden admitir a rección do clítico acusativo e mais do clítico dativo.

Daquela, procedemos tamén, do mesmo xeito a como fixemos cos verbos causativos, a achegar unhas pequenas pinceladas informativas.

Comezaremos por reflectir uns exemplos:

▪ *¿Pero tí oíche**lo** roncar?! Non é fácil durmir con el, jeh!* [TAMÉN: *¿Pero tí oíche**lle** roncar?! Non é fácil durmir con el, jeh!*]

*Xa non é a primeira vez que **lle** oen arrastrar os mobles ás tantas da madrugada.* [TAMÉN: *Xa non é a primeira vez que **o/a** oen arrastrar os mobles ás tantas da madrugada.*]

▪ *Disque canta moi ben, pero eu nunca **o/a** escoitei cantar.* [TAMÉN: *Disque canta moi ben, pero eu nunca **lle** escoitei cantar.*]

*Disque canta moi ben, pero eu nunca **lle** escoitei cantar ningunha canción.* [TAMÉN: *Disque canta moi ben, pero eu nunca **o/a** escoitei cantar ningunha canción.*]

Ou:

*Escoitámo**lo/a** chegar contra as catro da mañá.* [TAMÉN, BASTANTE MENOS COMÚN E QUIZAIS LINDANDO NA AGRAMATICALIDADE: *¿*???Escoitámo**lle** chegar contra as catro da mañá.*]

▪ *Sentino**/a** falar hai un anaquiño, pero non sei se xa marchou ou non.* [TAMÉN: *Sentin**lle** falar hai un anaquiño, pero non sei se xa marchou ou non.*]

*Eu sentin**lle** dicir que ía vir definitiva a irmá que ten en Suíza, pero como é tan barallocas tampouco se lle pode facer moito caso.* [TAMÉN: *Eu **sentino/a** dicir que ía vir definitiva a irmá que ten en Suíza, pero como é tan barallocas tampouco se lle pode facer moito caso.*]

▪ *Vírono**/a** falar, xunto antes da proba, co presidente do tribunal de oposición, o que dá moito que pensar.* [NON: **Víron**lle** falar, xunto antes da proba, co presidente do tribunal de oposición, o que dá moito que pensar.*]

*Disque **o/a** viron marchar á primeira hora da mañá.* [NON: **Disque **lle** viron marchar á primeira hora da mañá.*]

*Si que **lle** viron entregar o sobre ó presidente, así que por moito que o negue, non cola.* [TAMÉN: *Si que **o/a** viron entregar o sobre ó presidente, así que por moito que o negue, non cola.*]

Achámonos ante un tema que non é fácil de interpretar nin desentrañar. Emporiso, si que volve dar a impresión de que, ó igual a como acontecía cos verbos causativos de que falamos no apartado anterior, pode haber unha tendencia a empregar en maior medida o dativo cando a oración subordinada presenta un predicado transitivo, e en maior proporción o acusativo cando esta amosa un predicado intransitivo (mesmo en certos casos, coma por exemplo co verbo **ver**, se o predicado subordinado é intransitivo parece que o emprego do clítico dativo non formaría parte do sistema normativo galego, tal e como se pode apreciar nos exemplos expostos máis arriba).

No que atangue á función sintáctica exercida polo clítico, diríamos que nos atopamos nun escenario máis ou menos semellante ó que se debuxaba cos verbos causativos: dito doutro xeito, parece que unha interpretación defendible sería a de lle asignar ó clítico dativo o papel de CI, exercendo nestas ocasións a oración subordinada o rol de

CD; mentres que, pola súa banda, para os casos do clítico acusativo atribuíríamoslle a este o papel de CD, desempeñando a oración subordinada a función de CPred. do CD:

Nunca lle [CI] escoitei cantar [CD] & Nunca lle [CD] escoitei cantar unha canción [CD]

Nunha análise paralela á de

Nunca lle [CI] escoitei unha canción [CD].

Fronte a:

Nunca o/a [CD] escoitei cantar [CPRED. do CD] & Nunca o/a [CD] escoitei cantar unha canción [CPRED. do CD]

Nunha análise paralela á de

Nunca o/a [CD] escoitei cantando unha canción [CPRED. do CD].

Se cadra pódese apreciar con maior clareza con algún outro exemplo:

Eu tamén lle [CI] oín dicir iso [CD] vs. Eu tamén o/a [CD] oín dicindo iso [CPRED. do CD]

Unha vez vinlle [CI] comer un verme [CD] vs. Unha vez vino/a [CD] comendo un verme [CPRED. do CD]

De igual xeito, tamén nos atopamos ante un panorama similar ó dos verbos causativos no que se refire á imposibilidade de contracción dos clíticos dativo e acusativo no caso de que o CD do predicado subordinado se manifeste co sema de [+humano]:

Vinlle [CI] bicar a veciña [CD DO PREDICADO SUBORDINADO +HUMANO].

Vinlle [CI] bicar a medalla de ouro [CD DO PREDICADO SUBORDINADO -ANIMADO].

Se pronominalizamos o CD e tentamos facer a contracción dos clíticos, esta só sería posible no último exemplo (no que o predicado subordinado presenta un CD non animado):

Vinlle # Vino bicar a medalla de ouro → Vinlla bicar.

Mais parece que sería inadmisibile no primeiro deles:

*Vinlle # Vino bicar a veciña → Vinlle # Vino bicala. → PERO NON: *Vinlla bicar.*

BIBLIOGRAFÍA:

- Álvarez, Rosario & Xove, Xosé: *Gramática da Lingua Galega*. Editorial Galaxia, 2002. Vigo.
- Ciberdúvidas da lingua portuguesa. Sitio web ó que se pode acceder a través do url <https://ciberduvidas.iscte-iul.pt/>.
- Gilce de Sousa Almeida: “Prescrição gramatical e uso: o caso do pronome *lhe* no portugués brasileiro”, en *Cadernos do Congresso Nacional de Linguística e Filologia*, vol. XV, núm. 5, t. 3, páxs. 2398-2408. Rio de Janeiro.
- Instituto Antônio Houaiss: *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Editora Objetiva, Río de Janeiro, 2001.
- Michaelis On-line Português-Brasileiro. Sitio web ó que se pode acceder a través do url <https://michaelis.uol.com.br/>.
- Pena Romay, Xosé Antonio: “Alternancia en galego dos pronomes átonos de acusativo e dativo en verbos que rexen ámbalas dúas posibilidades”. En *A lingua galega: historia e actualidade* (vol. 4, páxs. 129-137). Santiago de Compostela. Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega.
- Real Academia Española: *Dicionario de la Real Academia Española* (versión en liña).
- Real Academia Española: *Dicionario panhispánico de dudas* (versión en liña).
- Real Academia Galega: *Dicionario da Real Academia Galega* (versión en liña).
- Santamarina, Antón (dir.) / Ernesto González Seoane / María Álvarez de la Granja: *Tesouro informatizado da lingua galega (TILG)*. (Versión 4.1). Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega.